

nº 57
Agosto 2013



xermolos

ASOCIACIÓN CULTURAL DE GUITIRIZ

3-4 AGOSTO 2013

XXXIV FESTIVAL DE PARDIÑAS



FEIRA E FESTA DA MÚSICA E DA ARTE

A AUTORA DO CARTAZ: ROSALÍA ROCA GÓMEZ

O Festival é unha plataforma para compartir a creatividade das e dos asistentes. Para Xermolos é máis importante a xente que participa, ano tras ano, c@s que suben ós escearios, e tratamos de arrincar chispas de luz e de arte d@s que conviven con nós. Esta espiral de creatividade provoca máis emoción nos que traballan no Festival a cotío, porén a autora do cartaz deste ano, Rosalía, agasállanos co soño dunha Galicia máis digna dende esa ferverza de música e natureza que é o Festival. Rosalía non só voa nas ás da súa programación e montaxe, tamén fornece a súa actividade coas ferramentas que foi adquirindo.

Dende nena ten presentado no certame de Pardiñas as súas primicias, agora convertidas en froita granada. Para Xermolos é unha honra compartir nesta edición o seu cartaz, despois de ter disfrutado nestes anos da súa imaxinación creadora.



PARDIÑAS PARA MIN

“Cando se me comunicou a encarga do cartaz non puiden deixar de sentir certo temor e preocupación por aquilo do “mimadriña!, e agora que fago??”, a pesar do orgullo que isto significou para min, posto que formar parte da historia do festival é un agasallo deses que non se reciben todos os días e dos que perduran para sempre, e máis especial por mor de estar a esperar a miña primeira filla. Non son alguén que simplemente acuda ao festival e o desfrute, son unha persoa que o vivín coa miña familia e amig@s dende que teño lembranzas e o sigo a vivir cada ano, tanto dende dentro coma dende fóra, colaborando en todo aquilo que me é posible coa maior das ilusións...; que aínda que ás veces coste moito traballo, como ben sabemos, acaba por dar o seu froito e merece a pena. Iso é Pardiñas para min...un anaco do meu corpo e da miña vida, e coido que este sentimento se transmitirá ás xeracións vindeiras, porque así somos os Xermolos, nacemos, non só nos facemos”.



DESEÑO CARTAZ

“Con este deseño (para aqueles que teñan interese ou non acaben de entendelo) tento dar un sentido máis máxico e soñador ao cartaz, porque para min o festival tamén ten ese aire. A fada (que haberlas, hailas) para min significa natureza, inocencia, inspiración, soños...todo o que pode chegar a envolver a música, a arte e a cultura en xeral, porque..., que artista non soña? Que escritor ou escritora non imaxina?”

Se convence ou non, xa o deixo nas vosas mans e como xa sabemos, nunca chove a gusto de todos! Sexa unha cousa ou outra, que cada un vexa e diga o que queira, que o Festival estará aí para todos sen importarlle a nosa opinión, esperando a que o disfrutemos como se merece.

Fagámolo!!”

PREGOEIRO DA XXXIV EDICIÓN

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR, CO PREGÓN NOS RENTES DA TERRA

por XOSÉ LOIS GARCÍA

Pardiñas, a Terra Cha, a terra enteira e agarimosa vestida de festa e a palabra polos rentes da matria solidaria. A palabra sublimada dun autor de contundencias, Xosé Vázquez Pintor, que oiremos en son de liberdade na festa de Pardiñas 2013. A palabra antiga saída de vellos artesáns que amaron convivios solidarios e que deron forma até artellar ese edificio plural que é a nación galega sustentado no noso idioma. Na fala que falamos. Na fala que Vázquez Pintor nos sustenta nese verbo inicial, onde flores mestas medran e que el protexe esa fragilidade de estames e perfumes que os rentes da terra consolida no inicial das festas desta nosa patria comovida.

O estimado e vello amigo Xosé Vázquez Pintor, será o pregoeiro desa festa grande, solidaria e moza, que lexítima país e as decencias que moitos tratan de lixar. Persoalmente resúltame grato que Vázquez Pintor, no seu pregón deste ano, poña énfase a temas que o pregoeiro do pasado ano, servidor, se lle puideran esquecer en tantos ermos nos que está e polos que non transita a mente lúcida e creadora de Pintor.

O XXXIV Festival de Pardiñas que celebraremos o primeiro domingo de agosto, intégrase a voz de Vázquez Pintor que terá seu eco certo, en toda a dimensión emerxente que xurde da palabra liberadora dun autor que manifesta un longo recorrido por eses magníficos rexistros creativos que agranda a calidade da literatura galega máis vangardista da actualidade. Un autor que enche de plenitudes e de luminosidades a arte de crear e recrear a palabra en moi variadas dimensións, como poeta, narrador, dramaturgo, ensaísta, literato en temas infanto-xuvenís, en obras que abranguen o campo da antropoxía e da etnoloxía, como manifesta en libros sobre os oficios que perpetuaron esa Galiza eficiente e redentora.

O noso escritor e profesor, Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) é unha persoa entrañábel que rezouma a terra libre e auténtica da súa Agolada de crianza; arredor deses tesos montes que custodian o cantar de sempre do río Arnego, nos albores de Quián. Foi profesor en Cangas, articulista en moitos xornais, no que a súa obra xornalística sempre nos descubriu a autenticidade da nosa nación, con súas grandezas e súas deficiencias.

E tan longa e pormenorizada a súa creación literaria que me permito extraer de *Galipedia* e *Wikipedia* en galego, a importancia da súa persoa xenerosa, e da súa obra solidaria:

“Xosé Vázquez Pintor, nado en Melide (1946), criado en Agolada, é licenciado en ciencias da educación en Santiago. Creou o grupo Acoradoiro de teatro e colaborou en *La Voz de Galicia* e *Faro de Vigo*. No 2008 foi nomeado socio de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Ten colaborado en diversos medios, como *El Ideal Gallego*, *A Nosa Terra* (socio fundador e colaborador en Deportes e Sociedade), *SER-Galicia* ou *Televisión do Morrazo*.

Poesía:

- *Gándaras*, 1971, Celta.
- *Terra e pan*, 1975, edición de autor.
- *O espertar tamén é noso*, 1977, Edicións do Rueiro.
- *Ofidios de diario*, 1984, Edicións do Cerne.
- *Na vertical da noite*, 1990, Concello de Ourense.
- *No corazón mancado*, 1990, Sociedade de Cultura Valle-Inclán.
- *Rotación violeta*, 1996, Espiral Maior.
- *Banzados*, 2001, Espiral Maior.
- *Seara: obra poética* (1971-2011), 2011, Espiral Maior.

Narrativa:

- *De ida e volta*, 1975, Edicións Castrelos.
- *Quen faga voar*, 2000, Laiovento.
- *A memoria do boi*, 2001, Xerais.
- *Mar de bronce*, 2003, Xerais.
- *Para dicir abril*, 2008, Sotelo Blanco.



- *Máis vidas*, 2009, Espiral Maior.
- Teatro:
- *A Parroquia*, 1976.
 - *A fraga encantada*, 1987, Xunta de Galicia.
 - *Sala de espera*, 2001, Edicións Fervenza.
- Ensaio:
- *Os vellos oficios*, 1996, Xerais.
 - *A tribo sabe*, 1999, Xerais.
 - *Tal era vivir*, 2004, Xerais.
 - *Palabras de papel: da miña terra e xente*, 2007, Anuario de Estudos e Investigación Deza (separata).
 - *A Terra do Medio*, 2009, AELG.
 - *Columnas de papel*, 2013, Edicións Morgante (artigos xornalísticos).
- Literatura infanto-xuvenil:
- *Lume de biqueira*, 1999, Xerais.
 - *A folla seca*, 2003, Sotelo Blanco.
 - *Asubío, Fina e Petra, xente moi lareta*, 2006, Everest Galicia.
 - *Teatro do patacón. Os pés do vento*, 2008, Edicións Fervenza.
- Obras colectivas:
- *Os novísimos da poesía galega*, 1973, Akal.
 - *II-XV Festivais da Poesía do Condado*, (1982-1995), S. C. D. Condado.
 - *Escolma de poesía galega (1976-1984)*, 1984, Sotelo Blanco.
 - *Desde mil novecentos trinta e seis: homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade*, 1995, Edicións do Castro.
 - *Longa lingua*, 2002, Xerais.
 - *Alma de beiramar*, 2003, AELG.
 - *Narradio. 56 historias no ar*, 2003, Xerais.
 - *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra*, 2003, Espiral Maior.
 - *Uxío Novoneyra. A emoción da Terra*, 2004, AELG.
 - *Xela Arias, quedas en nós*, 2004, Xerais.
 - *Escrita Contemporánea, Homenaxe a Ánxel Casal*, 2005, AELG.
 - *Cartafol poético para Alexandre Bóveda*, 2006, Espiral Maior.
 - *A Coruña á luz das letras*, 2008, Trifolium.
 - *Marcos Valcárcel. O valor da xenerosidade*, 2009, Difusora.
 - *En defensa do Poleiro. A voz dos escritores galegos en Celanova*, 2010, Toxosoutos.
 - *Vivir un soño repetido. Homenaxe a Lois Pereiro*, 2011, AELG, libro electrónico.
 - *A cidade na poesía galega do século XXI*, 2012, Toxosoutos.
 - *Versus cianuro. Poemas contra a mina de ouro de Corcoesto*, 2013, A. C. Caldeirón.
- Premios:
- *Premio Eduardo Pondal no 1981*, por Ofidios de diario.
 - *Premio de poesía Cidade de Ourense no 1989*, por Na vertical da noite.
 - *Premio Esquíu de Poesía no 1989*, por No corazón mancado.
 - *Premio de poesía Uxío Novoneyra no 2000*, por Banzados.
 - *Premio Carvalho Calero de narrativa no 2000*, por Quen faga voar.
 - *Premio Torrente Ballester no 2000*, por A memoria do boi.
 - *Premio da Crítica de narrativa galega no 2001*, por A memoria do boi.
 - *Premio Vicente Risco de creación literaria no 2007*, por Para dicir abril.



Vázquez Pintor con tres pregoeiros anteriores: Avelino, Abella e David, e Paco Lareo que expuxo a súa pintura en Pardiñas

O XXXIV Festival de Pardiñas, contará cun pregoeiro de excepción, coa palabra en ristre que nunca se ocultou en labirintos incertos. Grande noticia, que merece grandes parabéns.

PREGÓN DO XXXIII CERTAME DA FESTA DE PARDIÑAS

por XOSÉ LOIS GARCÍA

Estimados festeiros e concorrentes a este XXXIII certame da festa cívica de Pardiñas, que vindes a facer convivio, a continuar na tradición amparadora que nos deixaron os nosos antergos para ampliar cultura festeira e festiva, na que sempre este noso pobo soubo ornamentarse con as mellores galas do sentimento e da memoria colectiva.

Pardiñas é un dos exemplos no que se rescata esa vivencia do pasado para vigorizala no presente, dándolle pulo de actualidade e de congregación plural. Unha festa enraizada na festividade de algún nome de santoral ou de algunha deidade do pasado mais remoto. Aquel outrora de presenza festeira e romaría, concréntanse nun novo escenario de realidades que se encetou fai trinta e tres anos. Así que Galiza debe moito a seus mentores, Alfonso Blanco Torrado e a tódolos veciños da parroquia de Pardiñas que fixeron posíbel rexuvenecer e integrar convivencia a este evento, que ano tras ano veñen agRANDANDO con matices e lexitimando a idiosincrasia galega. Coa lembranza do pasado e a viveza do presente faremos acomodados e confirmaremos o futuro que xa non nos tocará vivir, pero si resplandecer nel.

Esta festa non deixa de ser unha autoprotección ante imposicións alleas e introduccións foráneas que os que nos desgovernan intentan atrapallar a nosa cultura. Pardiñas –reitero- é un exemplo a seguir, para fortalecer o pasado coa vocación de facer presente. Un dos festeiros maiores que ano tras ano peregrinaba a Pardiñas foi o poeta Manuel María, lembro en certa ocasión en Barcelona que estaba obsesionado por estar nesta festa. Teimaba e teimaba, contando os días de regreso e dicía que non lle podía faltar ao Alfonso e a parroquia de Pardiñas. Manuel María foi o cronista mais preciso de anotar a relevancia desta festa de encontros e nunca de desencontros. Relevancia tal que só un poeta da dimensión de Manuel pode ofrecernos desta festa cargada de humanidade pola simple razón de que é popular. No poemario: “Versos para cantar en feiras e romaxes”, Manuel María relata: “Á sombra das vellas carballeiras/ xa non se escoitan muiñeiras/ como no tempo dos avós”.

Que visión mais nítida tiveron os nosos poetas cando nos alertaron do que se perde e do que deixamos perder. Estas queixas veñen de lonxe, xa no século XVI, o quiñentista portugués, Gil Vicente, alertaba da alteración tradicional, ao dicir:


“Em Portugal ví eu ja
en cada casa pandeiro,
e gaita em cada palheiro;
e de vinte anos a ca
não ha gaita nem gaitero.

(...)

Só em Barquerena havia
tambor em cada moinho,
e no mais triste ratinho
s’enxergava hũa alegria
que agora não tem caminho.

Se olhardes as cantigas
do prazer acostumado,
todas tem som lamentado,
carregado de fadigas,
longe do tempo pasado”.





E no ir deste laio do que se perde, o poeta bra-
ñego, Noriega Varela, en 1904 escribía:

“O que a Galicia mal queira
pode vivir sosegado:
fun o vinteito á feira
e non vin unha monteira,
nin un dengue colorado.

Quezais alguén me non crea:
os sombreiros de Sevilla
están de moda na aldea,
e n’hai bonita nin fea
que non chufe coa toquilla”.


Nesta nosa Galiza actual o pasado histórico non se renova, aniquíllase por decreto. Aos colonizado-
res actuais lles molesta a perpetuación do pasado. E no prodixio do pasado, a tradición aínda respira
nestas manifestación festeiros. Ante tais carencias debemos practicar un código de conducta que axu-
de a manifestar e proclamar as nosas festas nesa dimensión tan singular de vivencia e convivencia.

As nosas festas tradicionais son un dos atributos que revelan autoridade comunal da nosa singular
personalidade, que marca no ser e no estar a dinámica mais contundente de ser galegos. De vivir e
convivir dentro dos lindes xeográficos marcados polo noso idioma, pola nosa psicoloxía propia e pola
sostenibilidade dunha antropoloxía e etnoloxía que nos diversifica dos demais. Esa cultura inmaterial,
onde as festas son o prodixio inalterábel de permanencia, ten en Pardiñas a sobria recolleita dun pasa-
do que lexítima todo o ventallo identitario no que permanecemos. Na transcendencia da tradición festei-
ra do ciclo castrexo, dixo Estrabón: “Os galegos eran frugais pero non desprezaban a fartura e a ledicia
dos banquetes festeiros. No intre de beber o viño executaban danzas ó son de frutas e trompetas,
consistindo en pórse en rolda, choutar no ar, e axeonllarse”.

Mais os cantos e as danzas non se reservaban só para as festas, como refire o cronista Sillio, cando
describe aos mozos galegos do exército de Anibal, dicindo que “cantaban versos descoñecidos, diver-
tíanse facendo resoar seus escudos e emitindo un *ululare* (aturuxo)”. Velaquí os vestixios e frecuencias
da tradición que aínda permanecen connotando presenza e convivencia.

Como podemos explicar esa transcendencia do pasado que permanece no presente, sen valorar ese
sentimento nacional aínda que non teñamos conciencia de nación? O proceso histórico destas manifes-
tación festeiros anticípannos o común orixe destas prácticas. Aínda que os nosos colonizadores preten-
dan dicirnos que hai unha ruptura entre o pasado e o presente no caso galego. Mais, coidadiño coas
pretensións de homologación e das tendencias que afloran no desprestixio das nosas manifestacións
culturais erixidas polos colectivos populares. Unha das tradicións mais potentes e comunitarias son as
festas, non as que nos veñen de fora senón as que se sustentan co noso espírito comunal e identitario.
Esta festa de Pardiñas é un exemplo para combater a desnacionalización cultural. E non fai falla entrar
en metafísicas do comportamento dos galegos, só o estímulo destas manifestación festeiros aclaran





moito de nós e corrixen pautas dos que intentan perturbarnos.

Cando o pobo reconece a súa autenticidade e reafirmase na tradición como protagonista de festas e romaxes feitas á medida de súas necesidades, está cultivando o herdo cultural dos nosos devanceiros. O que sempre teremos que potenciar o fundamento desa orixinalidade creadora para dar continuidade ás esencias identitarias. É por isto polo que temos que defendelas e sostelas criticamente fronte ao despoxo, voracidade e deformacións interesadas, rescatando e potenciando esa luz festiva que a mediocridade tenta escurecer.

En tódalas modalidades destas festas, podemos entender o significado mais expresivo da tradición como necesidade de sustentación histórica dun pobo que tenta superar estancamentos. Na transcendencia histórica dos pobos o que non sexa tradición é plaxio. A tradición é emancipación; plaxio equivale a desfeita. A tradición, no pobo galego, sempre foi a conductora da dialéctica do entusiasmo que cristalizou integración.

A tradición cultural dun país como o noso, non somentes é o que se le, o que se di e as imaxes que se emiten del, hai outros valores instrumentais que debemos activar para dimensionar e continuar potenciando, para asegurar a súa continuidade en conceptos sociais, cívicos e culturais, que é o que estamos realizando cada un dos presentes nesta festa de irmandade e tradición popular de Pardiñas. E cando dicimos popular os galegos, sabemos ben do sentido tácito do mesmo, que non quere dicir folclore.

Por qué os galegos conformamos unha nación? Porque temos un sentimento que nos leva a expresala en moi diversos e puntuais eventos como nesta festa grande de Pardiñas. Porque temos conciencia de normalizala e superar situacións intervencionistas. Se damos unha retrospectiva aos eventos festeiros e festivos, desde o que sinalou Estrabón, pasando por Prisciliano, polas regulacións dos tres concilios de Braga, da indispensábel aportación do mundo trobadoresco galaico-portugués, cuxa expresión mais contundente de afirmación tradicional e popular son os nosos Cancioneiros, dadores e transmisores do noso existencialismo nacional.

Nesta festa de Pardiñas non hai excesos estrambóticos, plaxios doutras culturas foráneas. Aquí vemos renacencias xurdidas das reminiscencias do pasado as que nutren o noso ser como galegos. Aquí en Pardiñas non só se toca unha gaita e se danza unha muiñeira; aquí están presentes os artifices de articular estes instrumentos e os educadores en ensinar os pasos contados da nosa danza. Aquí concorren os artesáns con diversas modalidades artísticas de seu artesanado, onde Galiza ten profundos respiros de permanencia. Aquí hai comes e bebes, sempre con troula e irmandade; convite certo a todo aquel que pasa diante de mantel tendido. Velaí a delicadeza da irmandade tradicional co aturuxo conmovedor e panteísta que resoa entre estas carballeiras protectoras. Aquí non dicimos que se fale galego, senón que todos nós o falamos.

Amigas e amigos, vir a Pardiñas é recobrar miles de primaveras do noso pasado, da nosa tradición na que se recobra vitalidade, conciencia solidaria como precisión de erguer e liberar nación. Pardiñas é un exemplo a seguir para restituír festas e romaxes que se disgregan das raiceiras da tradición que lexitiman a nosa existencia como galegos.

Festeiras e festeiros xuramentémonos todos para facer país, para lexitimar tradición, alborozo e ledicia de festa interior que noso sentimento proclame festa, festa e mais festa. Moitas grazas.

Pregón pronunciado na XXXIII edición da festa popular de Pardiñas, o 5 de agosto de 2012.

OS GRUPOS DO XXXIV FESTIVAL DE PARDIÑAS

SUSANA SEIVANE

Naceu en Barcelona en 1976 no seo da familia Seivane, un dos apelidos con máis prestixio e sona dentro do mundo dos gaiteiros e artesáns de gaitas de Galicia. Comezou a súa andaina musical aos tres anos de idade da man do seu pai, Álvaro Seivane. Aos 9, trasládase, xunto coa súa familia, a Cambre (A Coruña). Xa en Galicia, entra en contacto con mestres gaiteiros da talla de Ricardo Portela ou Moxenas que, xunto co seu propio avó, Xosé Manuel Seivane, influenciarían grandemente o seu xeito de entender e interpretar a música tradicional galega. Non tardou moito en gañarse a admiración e respecto do mundo da gaita en Galicia, comezando aos 10 anos a dar concertos por todos os recunchos do país.

Durante a súa adolescencia, Susana cursou estudos de solfexo e piano e formou parte de diferentes agrupacións musicais tradicionais. Aos 20 anos toma contacto cos escenarios da man do grupo Milladoiro como artista invitada.

A partir deste momento comeza a súa andaina como solista creando un estilo xenuíno que, lonxe de perder de vista o aire enxebre dos antigos gaiteiros, ábreo ás influencias doutras músicas. Consegue, deste xeito, un enfoque fresco e orixinal. Unha mestura áxil e moderna que afonda a súa raizame no máis profundo da tradición galega, deixando arrolar a súa ramaxe nos ventos dos novos tempos.



A banda

Susana faise acompañar por un elenco de músicos de gran talento. Con eles consegue un espectáculo fresco, dinámico e orixinal que mantén a diversión do público desde os primeiros compases ata o último bis.

Brais Maceiras Acordeóns
Xurxo Iglesias Bouzouki
Carlos Gándara Batería e bombo tradicional
Carlos Freire Percusións e tamboril tradicional
Iago Rodríguez Baixo eléctrico

Discografía

Susana Seivane

En 1999 edita o seu primeiro disco "Susana Seivane" (BOA MUSIC), producido por Rodrigo Román, un dos membros fundadores de Milladoiro. Este traballo, baseado en temas tradicionais e composicións de artistas galegos, lévaa polos mellores escenarios de folk nacional e internacional, acadando grandes éxitos e loables críticas. O seu primeiro disco editase xa en Europa, EE.UU. e Canadá.



Alma de Buxo

Co seu segundo traballo “Alma de Buxo” (BOA MUSIC) producido por ela mesma, baixo o asesoramento artístico de Rodrigo Romani, consolídase como artista galega de referencia no panorama folk. Neste colaboran artistas da importancia de Uxía Senlle, Kepa Junquera ou Rodrigo Romani entre outros. Merece especial mención a colaboración do seu avó Xosé Manuel Seivane. Como novidade, neste traballo introduce xa instrumentos como a batería ou o baixo eléctrico e enriquece o disco con composicións propias.

Mares de Tempo

Con este suxerinte título ve a luz o terceiro traballo de Susana Seivane, nunha traxectoria imparabile que a está a levar polos mellores escenarios de Escocia, Alemaña, Francia, Italia, Estados Unidos, Arxentina, etc.

Sen abandonar a tradición e as raíces da música galega -ao igual que nos seus anteriores discos, Susana quixo dar un importante paso con “Mares de tempo”.

A innovación dos arranxos máis o coidado na selección dos temas -doce máis un agochado- é un proxecto para o que Susana quixo rodearsedos músicos da súa banda que xa a acompañaban nos últimos anos, como Brais Maceiras, Xurxo Iglesias ou Carlos Freire.

Contou tamén coa colaboración de recoñecidos intérpretes como Roberto Somoza (saxos), Carlos Castro (percusións), Xavier Cedrón (violín), Viascón (serra e trompeta), Xavier Paxariño (fautas e clarinetes), Guadi Galego (voz), o colectivo de Música Tradicional de A Coruña Ruote, Xavier Gastañaduy (guitarra), sen esquecer de quen está a ser un apoio de luxo na carreira de Susana e que tamén, con menos “tempo que mares”, colabora coa súa arpa e o seu talento de compositor: Rodrigo Romani.



Os soños que volven

Desde os 3 anos nos que os seus ollos azuis viron a súa primeira gaita, ata os 20 do comezo da súa carreira como profesional, os soños de Susana sempre tiveron, e seguen a ter, a música da súa terra como fondo. Melodías e cantares de Galicia que, dun xeito ou doutro, marcaron a súa vida e o seu medrar musical. Pezas ás que rende homenaxe neste traballo desde a perspectiva dunha longa experiencia avalada pola forza dos seus directos dos últimos anos.

Os soños que volven é unha mirada atrás sobre as pegadas que a música galega foi deixando na alma de Susana Seivane. As melodías, que debuxan os ecos da súa infancia, xorden con toda a enxebreza da súa voz e da súa gaita, agarimadas por arranxos divertidos, modernos e atrevidos, froito da produción musical da propia Susana e da súa banda.

O disco consta de 14 títulos que suxiren momentos e lugares de especial transcendencia na súa vida. Os máis dos temas son mesturas de pezas tradicionais, aunque tamén queda lugar para unha peza de Carlos Justo, outra de Julio Amado, e unha lembranza a Nazario González “Moxenas”, tres grandes compositores de obras con verdadeiro sabor galego.

Os soños que volven ve a luz xusto 10 anos despois da gravación do seu primeiro disco “Susana Seivane”. Desde entón “Alma de Buxo” e “Mares de Tempo” foron revelando a evolución artística de Susana que nunca esqueceu as melodías do seu berce. Aquel berce dos seus primeiros soños que hoxe nos conta como só ela sabe facer: coas súas gaitas e a súa doce voz.



TARA

Tara publicou o seu segundo CD Aigua n'tji, no 2011, unha ensalada de sabores, contrastes e especias fusionadas cunha visión occidental.

Tara é unha fusión de tradicións ancestrais mesturadas cunha ollada moderna cun fío conductor que é o ritmo. Teñen coma base varios traballos de investigación en países árabes e de África occidental que dan como resultado un repertorio no que as emocións cobran vida e transportan ó espectador a paraxes de todo o mundo: melodías turcas, recendos de menta gnawa e reminiscencias africanas. Unha ensalada de sabores e contrastes cos que sentiremos as canas de bambú percutidas, co rumor dos tambores Bougarabou (etnia djola, Senegal, Gambia e Guinea Bissau), cancións tradicionais de Costa de Marfil, pinceladas de Mali, todo pasando polo afrobeat e o funk.



O grupo Tara nace da man do músico-percusionista Dídac Ruiz no 2005 coa creación do disco Talkingtara coma simple necesidade de pintar a vida en música, melodías, polirritmias, influencias e traballos de investigación en países árabes, África occidental e India, xunto coa fusion dunha visión occidental e moderna.

Dídac Ruiz formou parte do prestixioso grupo etnico-experimental Embryo (pioneiros del worldmusic desde 60..) tamen formando parte de diferentes xiras (sobretudo europeas e norteafricanas) co proxecto alemán Poets of rythm (2003 Xira europea).

Imos escoitar música destas etnias a través desta composición:

- ANNA TOBIAS -----BAOXO +PERCUSIONS +VOZ
- ANGELO MANHENZANE----PERCUSIONS DOUN DOUN+XILOFONO+VOZ
- ALFONSO MUÑOZ-----SAXO BARITONO, SOPRXAVI LOZANO-----FRAUTAS +EFECTOS
- BALDO -----TECLADO
- MARTI HOSTA-----BATERIA+VOZ
- DIDAC RUIZ----- GUITARRA ELECT+.KAMELE N GONI(HARPA AFRICANA)+PERCUS+XILOFONO+VOZ



PETER PUNK

Logo do increíble éxito de Peter Punk co seu primeiro espectáculo chega a súa continuación.

Isaac Rodríguez Miranda, o artista premiado como mellor espectáculo do Festiclown 08, con centos de actuacións nas súas costas e milleiros de persoas abraidadas, volve cun espectáculo aínda mellor, renovado con novas rutinas, novos xogos e preparado para facer rir a todos os públicos de Galicia e máis aló.



O irreverente PeterPunk retorna cun novo espectáculo. Máis "Chungo chungo ke te cagas" aínda e coma sempre no país de NuncaMáis, PeterPunk preséntase nesta ocasión no seu novo e gran pequeno vehículo.

Participando activamente co seu público -que forma parte imprescindible deste novo espectáculo- pedaleando coma un tolo, comendo globos e xogando coma un neno que se nega a crecer, PeterPunk presenta un final sorprendente no que coñeceremos o seu último xoguete, a Chungatrona! Unha máquina que fará as delicias de nenas e nenos de 0 anos a cadea perpetua. Serás ti o próximo en probar a Chungatrona!?



SKARALLAOS

A banda Skarallaos nace en Culleredo no 2008. Crearon o seu propio estilo que se alimenta da enerxía dos directos fusionando o ska/punk/reggae. Está integrado por: Moncho (guitarra, voz e coros), Carlos (baixo e coros), Lydia (teclado, percusions, voz e coros), Jose (clarinete, guitarra acústica, voz e coros), Alex (batería e coros) e Máquez (trombón) que abarcan dende grandes bandas como Gogol Bordello, Mano Negra, Che Sudaka..., ata jóvenes bandas como Elijah and The Dubby Conqueros o La Pegatina.



Skaí, reggae, punk, latin, balkan... A fusión de estilos e ritmos é unha das marcas de Skarallaos, unha banda orixinal, enérxica e, sobre todo, festeira. Os seus directos non deixan indiferente a ninguén.

Os primeiros acordes de Skarallaos nacen da man de dous mozos, Moncho e Carlos. O ambiente que os rodea fainos falar de problemáticas sociais, dos aspectos da vida máis próxima e do día a día. A canción como medio de liberación e expresión é o que leva hoxe en día a esta banda polos escenarios.

A conxunción de melodías orixinais, ritmos exóticos, e letras realistas xunto coa intensidade emocional e a carga moral que Skarallaos imprime á súa música, xera a fórmula que se percibe nos seus directos.

Na súa breve pero intensa historia, Skarallaos leva realizado mais de 200 concertos en Galicia e o resto da península. Participou como convidado en festivais como o Foundation Reggae Festival (2010, 2011), Castañazo rock (2011). Festival Barcelona (2011), Brincadeira festival (2011) entre outros. Na súa traxectoria, compartiron escenario con grandes bandas consagradas no panorama internacional, como Che Sudaka, Reincidentes, The Locos, habeas corpus, Aswad ou Fidel Nadal.

Todo isto non sería posible sen a xente que deixou a súa pegada por Skarallaos (Carlos, Jose, Javi, Fernán, Borja, Máquez)...

Actualmente a banda acaba de sacar o seu primeiro disco totalmente autoxestionado, chámase SEN FRONTEIRAS.

- Moncho: Guitarra eléctrica e voz
- Jose: Clarinete, saxo, g. acústica e voz
- Alex: Batería e coros
- Luciano: Baixo e coros
- Miguel: saxo alto
- Fernan: teclado e acordeón



HARMÓNICA CREAMS

Este cuarteto presenta unha vibrante e enérxica mestura entre músicas celtas e blues. O xénero musical do grupo vén dado polo son bruto da harmónica.

Así mesmo, as frases improvisadas, incluíndo cantos e susurros, vinculan a dinámica musical celta e o ritmo do blues. A banda, liderada por Yoshito Kiyono, publicou no 2011 o álbum "Analyse the toucher".

A combinación dos timbres eclécticos da



armónica, o violín, a guitarra e a percusión do instrumento irlandés, o bodhran, fai ca banda fusione a acústica e a electrónica para crear un son único.

Harmonica Creams recibeu no 2012, o primeiro premio do concurso 'Runas', no festival de Ortigueira.

O primeiro álbum de Harmonica Creams tivo moito eco en radios francesas e xaponesas, así coma en publicacións de varios países. O seu segundo álbum verá la luz en decembro de 2012.



Integrantes

- Yoshito Kiyono: Armónica;
- Aiko Obuchi: Violín irlandés;
- Koji Nagao: Guitarra;
- Toshi Bodhran: Bodhran.



DIOS KE TE CREW

Dios ke te Crew é un colectivo hip hop que nace en 2003 en Ordes (A Coruña), a raíz da unión de dous coñecidos grupos de rap en Galicia, 5 talegos e Ghamberros. Os seus comezos remóntanse ó ano 95, cando se crea 5 talegos, dando numerosos concertos en festivais de todo tipo, gañando experiencia e táboas sobre o escenario coseu rap en galego por toda a xeografía galaica, así como gravando as súas primeiras maquetas. Ghamberros aparecerían no ano 2000, lanzando o seu primeiro ep dende o colectivo con gran éxito no 2004, vendendo 1500 copias de forma autoxestionada e sen apenas distribución. Polo colectivo pasan diferentes artistas de todas as disciplinas desta cultura, graffiteiros, breakers, dj,s, beatboxers, aportando nos seus directos a esencia do hip hop en estado puro.

En 2006, despois de numerosos concertos, sae a la luz o primeiro lp do grupo, "Xénese" (DKTCsons/ Falcatruada), considerado un dos traballos máis influentes do panorama musical galego e o primeiro disco de rap realizado integramente nasúalingua, o cal marca un antes e un despois na historia da música galega e estatal. Os seus catro mc's Mou, García, Jamas e Sokram dan renda solta a súa lírica dun modo compacto, con letras cargadas de realidade, humor, retransca e moito sarcasmo. Poesía explícita e ritmos contundentes baixo os firmes pratos de Dj Murdock. Este traballo propulsaría á banda conseguindo unha gran acollida de público e crítica, así coma un éxito en ventas.

En 2009 despois de xirar sen parar co seu anterior traballo publican un "Maxi" con 2 temas e un video en directo o cal podemos apreciar o seubofacer sobre o escenario, considerado para moitos o seu punto forte.

En 2011 editan con BOA MUSIC o seu esperado traballo "Humanose", tamén composto integramente en galego e de corte conceptual, analizando tódalas complexidades do ser humano, onde a banda sigue crecendo en calidade, non sóo que a música e textos se refire, se non nasúa preocupación por mellorar en cada publicación. Boa mostradesto é a cuidada edición do digipack, onde consagradas figuras do Street Art Sekone e Liqen encárganse de toda a parte artística do álbum. O mastering é a cargo do mítico Tony Dawsey nos estudos Masterdisk de NY, o cal traballou con grupos coma BeastieBoys, KRS One, DasFX, Nas, MethodMan, Redman, EPMD e un longo etcétera.

As últimas dúas xiras incorporáronse os músicos Jose Antonio Ríos (Guitarra eléctrica), Alberte Rodriguez (Baixo) e Álvaro Trillo (batería), dotando os seus directos de maior forza e riqueza estilística.



DISCOGRAFÍA DENDE O COLECTIVO:

GHAMBERROS "Ghamberros" (EP) 2004
 DIOS KE TE CREW "Xénese" (LP) 2006
 MOU "A Taberna de Mou (vol.1)" (LP) 2007
 DIOS KE TE CREW "Promo/Maxi Adianto do novo Album" (Maxi) 2009
 MOU "Mouxtape" (LP) 2010
 DIOS KE TE CREW "Humanose" (Lp) 2011
 GARCÍA MC "Abaixo e de Pé" (Ep) 2012
 DIOS KE TE CREW "DEZ" (Maxi) 2013



APARICIÓN EN DISTINTOS TRABALLOS:

REVOLTA SONORA (Recopilatorio-Participación de 5 talegos co tema "DendeOrdres") 1999
 MIXTURA (Recopilatorio-Participación de 5 Talegos e Ghamberros, cos temas "Noites de festa" e "Ás veces pasa" respectivamente. 2002
 CON DIGNIDADE! (Recopilatorio-Participación de Ghamberrosco tema "Inxustizas" 2003
 MÁRTIES (Cortometraje-Participación de Ghamberrosco tema "Estranxeiros?") 2004
 HAI QUE BOTALOS! (Participación nos cortometraxes "O Derradeiro" co tema "Herdeiros da Ditadura" e "Carretaxe" co tema "Política de asfalto" 2005)
 ATURUXA! (Recopilatorio-Participación de Dios Ke Te Crewco tema "Vas de verde") 2007
 QUEMPALLOU "Polo Aire" (Colaboración de Dios Ke Te Crew no tema "Ninguén!!") 2007
 NO BICO UN CANTAR "17 de Maio/17 voces da música galega actual" (Recopilatorio-Participación de Dios Ke Te Crewco tema "Profecía") 2007
 GZ POP! "A nova fornada de pop en galego" (Recopilatorio-Participación de Dios Ke Te Crew co tema "Herdeiros da ditadura") 2008
 PRESSING CATCH "12 canciónsdende o ring" (Recopilatorio-Participación de Dios Ke Te Crewco tema "Oloó parche!") 2010
 RUXE RUXE "Máiscancións sobre toxos, cardos e silveiras" Participación co tema SEMPRE ADIANTE 2012
 TRIBUTA A ZĒNZAR 2013 (Aportación da versión do tema "A TRIBU")

COANHADEIRA

Cóntannos que as “coanhadeiras” eran nalgunhas zonas, as personas (ou a mesma basoira empregada) para separar e recoller os restos que quedaban na aira nas “mallas”.

Esta Coanhadeira musical nace en Ourense no ano 2006, tratando tamén de recoller eses restos da “malla” que sofre a nosa cultura musical, restos sempre aproveitábeis. Xurde inicialmente como grupo de “gaiteiros”, cunha base e sons eminentemente tradicionais, tanto na formación como nos “escearios” percorridos, chámense festas, romarías e demais eventos lúdico-musicais.

A transformación e a adaptación se cadra están na mesma base da tradición, mais este principio non é sempre ben interpretado. No noso caso, a formación clásica dalgún de nós e a experiencia doutros na música tradicional e folc, mestúranse coas inevitábeis e inscscntes influencias musicais actuais de todo tipo. Engádense instrumentos “non tradicionais”, e sérvese todo cun claro sentimento de pertenza a unha cultura diferenciada, demasiado rica e valiosa como para renunciar ás súas peculiaridades, e sen necesidade doutros “engadidos”.

Coanhadeiros

PATRICIA LÓPEZ: Voz e Pandeireta . Integrante da Aula Gomes Mouro de Ourense, Mestra de Canto e Pandeireta na Asoc. Ourensana de Folclore Tradicional, onde imparte Aulas en diversas Asociacións e Concellos. Na súa formación destacan mestres coma Guadi Galego, Ugía Pedreira, Ramón Bermejo, Fransy González e Pauline Ceremuzynska entre outros. Actualmente é alumna da Central Folque de Compostela.

XERARDO QUINTELA: Acordeón. Estudos de acordeón no Cmus de Ourense e Vigo, onde rematou o Grao Profesional no ano 2008. Realiza cursos con acordeonistas como Oleg Sharov, S. Scappini, J. Mornet, J. C. Cárcamo... Obten varios galardóns como solista e en grupo en diversos certámenes. Actualmente imparte aulas en varios concellos ourensáns e continúa coa súa formación na escola de música Estudio de Compostela.

JESÚS PÉREZ, "CHECHU": Gaitas e Zanfona. Membro da agrupación Castro Floxo ca que realiza actuacións de carácter nacional e internacional en países como Brasil, Bolivia, Taiwan, Rusia... Tamén recibiu clases de zanfona e gaita na asociación Gomes Mouro. Actualmente é mestre de gaita na Escola A Ribeirana de Ribadavia, Ramirás e no Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo de Ourense; e alumno de zanfona de Oscar Fernández.

MARCOS PÉREZ: Batería e percusións. Autodidacta en gran parte da súa vida, membro da agrupación Castro Floxo, do cuarteto Redea Solta co que acada varios premios en diversos concursos de música tradicional, como tamborileiro acompaña a Pablo Devigo co que consigue numerosos premios como a victoria no Portela de pechado 2006, ou o memorial Manuel Villanueva 2007. Actualmente imparte aulas en distintos concellos.

OSCAR FREIRE: Gaitas e Saxos. Gaiteiro de Castro Floxo dende 1982, dentro de este colectivo ten amosado por todo o mundo a cultura tradicional galega, desenvolve un longo traballo etnográfico na Galiza, na actualidade imparte aulas de gaita en Ribadavia e no Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo de Ourense.



Discografía



HAIQUE (podería ser tamén “había que...”), é a ilusión perseguida, o “querer e non poder” (¿ou sí?) dende o amateurismo que move de momento aos Coanhadeira, nun traballo no que o grupo está detrás de todos os seus elementos, dende a pre-producción, a idea orixinal, até a mestura e seguramente a distribución. HAIQUE facer moitas cousas, mais o caso é ter tempo e posibilidade real de facelas.

HAIQUE recolle o principal do repertorio do grupo dende a súa formación, con renovacións de arranxos nalgún caso, e dúas pequenas sorpresas en forma de grandes colaboracións, de Guadi Galego e Fonso “Skarnio”.



PO foi para os Coanhadeira toda unha proba. Dende que se alzaron co premio en Santander, o pasado mes de maio, adicaron todo o seu tempo e esforzo a preparar este novo traballo, apenas catro meses despois de saír da gravación do seu disco debut “Haique”. Con todo isto, PO mostra a evolución dun grupo que en moi pouco tempo soubo avanzar e definir o seu propio son e estilo, incluíndo a nova instrumentación para esta ocasión, pero ca mesma base ca que contaban nos seus inicios: a música tradicional. Suso Ramallo foi o encargado da gravación e masterización do cd. O grupo confiou nel e o resultado foi, predicablemente, inmejorable. A gravación realizouse nos estudos “Xílgaro” de Ourense do 12 ó 22 de outubro de 2009.



MR. FISHMAN AKA DR. THINK & MIKE ROLLING



Mr. Fishman

É o Dj dos grupos Telémaco e Safari Orquestra. Unha vez promocionados os seus últimos discos con “Despois do Silencio” e “Ben Deitei” polas salas e festivais máis importantes de España (Fever, Sala Apolo, Sala Caracol, Reperkusion, Sanfroidance, Eolica, Freshweekend) cun éxito comprobable, foi respaldado por varios medios de comunicación coma Radio3, Staf Magazine, Yodj, Radio Galega e Mondosonoro, coma un dos dj’s a ter en conta. O festival máis prestixioso do mundo “Sónar” así o confirma, Fishman actuou no 2011.

O home peixe presentase coa súa maleta cargada de new Beats, ofrecéndonos un set ensañador no que a diversidade musical e o bo Groove vai ser a receta principal deste marabilloso Freestyle sonoro. Nos anzois pode remos atopar, funk, old&new school, break&broken beat, afrobeat, drum&bass, dubstep, breakfunk, electro swing, balkan, mash ups, rap e grooves de alta octanaxe, ¿con que estilo te decantas para caer nas súas redes?.



Mike Rolling a.k.a Mestre Rulos

Multinstrumentista, mestre e musicólogo nacido en Lugo en 1976 con 30 anos de experiencia no panorama musical e audiovisual galego.

Especializado na música electroacústica e experimental e a súa relación ca arte audiovisual, leva editados máis de 25 álbumes como intérprete, arranxista e compositor de música alternativa e de vangarda; así como de música para o cine, televisión, teatro e as artes plásticas.

Articulador de paisaxes sonoras, constructor de instrumentación non convencional e improvisador sistemático na procura continua de novos sonidos e tímbrica experimental, que extrae do mesmo xeito dun saxo barítono electrificado coma dun xoguete electrónico modificado.

Máis información en www.mikerolling.com

OS MINHOTOS

OS MINHOTOS é o son acadado e consolidado por un entender a nosa música tradicional, un xeito propio e definido que conxuga festas, pasacorredoiras, ensaios, estudos e reflexión sobor da música tradicional galega.

OS MINHOTOS levan moitos anos adicados ao mundo da música tradicional galega, tanto no eido do ensino como no da construción de instrumentos musicais.




OS MINHOTOS combinan a estética e gusto da formación tradicional coas harmonizacións clásicas mesturando o son das gaitas e a percusión tradicionais co timbre da zanfona, o acordeón, a requinta e o clarinete; o seu repertorio é variado e alterna a música de autor coa tradicional.

OS MINHOTOS é o resultado do aprecio de cinco músicos galegos pola música do seu País, Galiza; sen aditivos tanto na forma coma no fondo.

Os compoñentes de OS MINHOTOS son:

- Alberto Castro: Gaita, Pandeiro, Pandeireta, Bombo
- Bruno Villamor: Gaitas (Re, Do, Sol), Zanfona, Requinta, Pandeireta, Tamboril.
- Paula Fernández: Acordeón.
- Vitor Otero: Zanfona, Gaitas, Percusións.
- Xaneco Tubío: Tamboril, Pandeiro, Pandeireta, Tixoletas, Ferriño.





fanfarria taquikardia

Grupo de música extremo festeiro cun repertorio taquicárdico que vai das melodias balcánicas a coñecidas pezas da música clásica e do cine, pasando pola música tradicional galega e latina, aportandolle sempre o espírito necesario para o baile e a festa.

A banda está integrada por instrumentos de ventometal e percusións varias. A formación principal acompoñen: t rompeta, clarinete, saxo alto, saxo tenor, trompa, trombón, tuba, caixa re-adornada, timbais e bombo-platos.

As influencias musicais son varias, comeza polas fanfarrias de europa do leste, os "Brass ensembles" de New Orleans, as charangas carnavalescas caribeñas e brasileiras, e a música tradicional galega.

Os integrantes da banda proceden de varios grupos do panorama musical galego: Os Cuchufellos, Os Bechuchos, Pelepau, Skandalo Gz, Pan de Capazo, Os Festicul tores, Os Podridos, Liska, A Vaga Banda, A Compañía do Ruido.



Ningún queda impasible e moi to menos inmóvil co brutal e espectacular que ofrece este particular conxunto musical . Con eles un pode saber cando comeza a música e a festa pero non cando remata.



BLOQUINHO DE XERMOLOS

Abofé que este “bloco” de percusión segue tendo unha grande acollida no país, para os que bailamos ó seu ritmo dende fóra, imaxinamos que unha das razóns é porque viven a tope os latexos da natureza e das súas festas estacionais..., dende o San Froilán, no outono, ata o Nadal no que participaron na Cabalgata de Reis en Lugo... Xa na queima do Entroido levaron a foliada a Foz e Ferrol, e fieis ó noso universo, volveron a Teixeira, cantando o himno de Pardiñas: “fun a Parga e Guitiriz, Guitiriz e máis Teixeira, hoxe fun ó mundo enteiro”.

Arestora, co verán, están a estrear o logotipo do Bloquinho, estampado nas camisetas que van lucir en Pardiñas, obra do deseñador Diego Pena Espiñeira. Son unha mostra de que a imaxinación non ten lindes con este leito, son unha vaga de beleza.

Entroido: Foz, Ferrol...

Na Cabalgata de Lugo

Teixeiro

**BLOQUINHO
DE
XERMOLOS**





©Xosé marra

The Milagrosa Times

Copyright © 2013 The Milagrosa Times

LUGO, SÁBADO 5 XANEIRO 2013

Detidos por tamborrada

O grupo, que se fai chamar Bloquinho de Xermolos, reivindicou a súa actuación



Dous membros das FOP dan o alto e identifican aos membros do grupo. ©XOSÉ MARRA

LUGO, 05.01.2013. Axéncias.

Esta noite, ao remate da tradicional Cabalgata de Reis, na cidade de Lugo, as forzas de orde pública procederon á identificación e detención dos membros de un grupo autodenominado

Bloquinho de Xermolos. Estes activistas da percusión reivindicaron eles mesmos a súa actuación durante o desfile de SS MM os Reis Magos, na que non deixaron de percutir insistente e ritmicamente sobre os seus artefactos, provocando unha perigosa vibración da muralla romana e de toda a xente da cidade e visitantes que ategaban as beirarruas neses momentos.

As vibracións e os ritmos foron tal que moitas persoas tiveron que seren literalmente bombardeadas con caramelos por parte dos membros de Protección Civil para reanimálas, xa que non eran quen de deixar de bailaren freneticamente.

Os detidos, que pasarán nestes proximos días a disposición diocesana, enfrontáanse a penas que van desde tocar en todas as procesións da semana santa, até cantar gregorianos no mosteiro de Samos, incluíndo maitines, laudes, nonas, vésperas e completa.

=====

XOSÉ MARRA é un dos creadores máis veterano da historia de Pardiñas. Dende os comezos apostou por esta aventura, e todos os anos achega a súa colaboración artística: fotos, textos literarios, crítica social contra as ignominias, fotoxornalismo... Está na nosa onda: aproveitar as artes para denunciar as opresións, froito deste compromiso é o seu seguimento do Bloquinho na cabalgata de reis e no desfile do entroido en Lugo.

Bloquinho o venres ás 18:00 fai un obradoiro de Batukada na Casa Habanera e no pregón o domingo de 19:00 a 20:00 co rapeiro David Gómez

XX MOSTRA DE INSTRUMENTOS TRADICIONAIS

Sábado día 3

17.00h – Apertura da Mostra.

- Sorteo

17.30h – Pregón a cargo de Pablo Quintana

Pablo Quintana. Xa interveu no II Festival de Pardiñas no 1981. Non é só interprete, tamén fixo recolleita de oficios coma constructor de gaitas ou músico tradicional, e coma difusor da nosa música.

18.00h – Actuación de **Pablo Carpintero**: “Repertorio antigo de Pontevedra interpretado coas gaitas de Manuel Villanueva do Museo de Pontevedra”. O investigador máis senlleiro da gaita de fol. Mestre en todos os eidos do noso folclore, é unha enciclopedia da nosa música que comparte en todas as mostras, cada edición dende un recanto diferente.

18.45h – Sorteo

19.15h - Concerto de **Maghúa** presentando o seu traballo “Corricán”. Os cantareiros de A Coruña acompañados da pandeireta son a vangarda neste xénero de música.

20.30h - Concerto do trío **La Guareña** (Asturies): “Camín de occidente a oriente asturiano”.

21.15 h – Obradoiro de Treboada - **Oli Xiraldez**.

Domingo día 4

11.30h – Apertura da Mostra.

- Sorteo

12.30h – Concerto **Luis Mondelo e Rafa Busto (O Bierzo)**:

“O Bierzo, terra de tamboriteiros e gaiteiros”.

13, 15 – Presentación do **Guieiro nº 14** dedicado a **XOSÉ SEIVANE**

17.00h – Demostración práctica de construción de palletas – **Jaime Pena**

- Sorteo.

18.00h – Obradoiro de Baile tradicional por **Xiao e Davide de Maghúa**.

19.00h – Actuación do grupo **Os Raparigos**.


PABLO QUINTANA PREGOEIRO DA MOSTRA

Este ano volve a Pardiñas aquel investigador e músico que subiu ó esceario fai 32 anos, no II Festival.

Pablo Quintana López naceu en Villanueva de Oscos en 1956. Dende 1982 reside na Coruña. É divulgador polifacético e estudioso da cultura popular dende a súa xuventude. O seu campo de acción abrangue principalmente Galicia e a zona occidental de Asturias, en cuxos territorios realizou importantes investigacións sobre o patrimonio material e inmaterial.

Actualmente traballa en varios proxectos e é autor de: *A labranza e transformación artesanal do ferro en Taramundi e os Oscos. SéculoXVI-XXI*.

Achega ao seu coñecemento (Asociación Cultural Os Castros, 2005), un rigoroso e completo traballo, no que estuda todo o relacionado coa produción artesanal de obxectos de ferro e aceiro nos concellos asturianos de Los Oscos e Taramundi.



Como editor, coordinou a publicación do *Informe sobre os Oscos*, de Xullo A. Fernández Lamuño e José Antonio Álvarez Castrillón (Canela, 2008), *Los foxos do lobo. A caza do lobo na cultura popular* (Canela, 2010), Manuel Enríquez Fernández, Nela de Bres (Canela, 2012), no que é autor dalgúns textos e *Tecedura tradicional en Galicia. O tear e a técnica* (Canela, 2012).

Tamén publicou anteriormente varios traballos en diversos medios escritos. No suplemento dominical do diario *La Voz de Galicia*: "Riofrío, a danza de Reis ao bordo do recordo", "A regueifa, folclore vivo galego", "Os zoqueiros de Villalbaxa non teñen a quen calzar", "Vilanova dos Infantes. Onde os homes bailaban vestidos de muller", "Eidos, a Galicia da danza", "Dous artesáns de Santiago reproducirán en madeira os instrumentos do Pórtico da Gloria". Na *Revista do Casino da Toja*: "Viaxe polos Instrumentos musicais de Galicia" (1983). En 1984 e 1985 escribe numerosos artigos sobre música e instrumentos populares no suplemento "Cataventos" de *El Ideal Gallego*. Por encarga da Consellaría de Cultura da Comunidade de Madrid, participa en publicacións colectivas con estudos, no ámbito galego, sobre tradicións populares: "Danzas gremiais e procesionais", en *Tradición e Danza en España* (1993); "Sema-na Santa en Galicia", en *Rito, música e escena en Semana Santa* (1994); "A celebración do Corpus e algunhas singularidades" (2001).

Ademais de difundir as súas investigacións sobre papel, tamén o fixo en soporte sonoro. Coordinou a serie etnográfica "Recolleita" ("Ruada", 1981) na que se publicou un disco que contiña as gravacións realizadas ao cego cantor de coplas Florencio da Fontaneira e á pandeireteira Eva Castiñeira. Ao ano seguinte grabou o seu propio LP baixo o título: "O cego andante" ("Ruada", 1982) no que, dende unha visión folk, e acompañado por varios músicos, interpretou diversos temas procedentes da música tradicional galega, gran parte dos cales foran recollidos por el mesmo.

Entre 1972 e 1985, ofreceu numerosos recitais de música folk por Galicia, España, varios países europeos e Norteamérica, xunto ao grupo de músicos que o acompañaban, colaborando co grupo "Muxicas" nos discos: *O demo fungón* (1988) e *Naturalmente* (1998), onde interpretou, co acordeón, o tema "esparaván" e puxo a voz en "era de nogueira", respectivamente.

No campo audiovisual, dirixiu e guionizou, entre 1982 e 1983, a grabación dunha serie de documentais sobre danzas procesionais e bailes, en video industrial Umatic, así como outros dous documentais para a produtora "Espello Video-Cine", subvencionados pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia: *Tocar pechado na gaita* (1984) e *Bombos e bombeiros* (1988).

En 1998, por encarga de "RDC producións" e para a iniciativa europea ADAPT, escribiu o guión dos documentais: *Olaría de Gundivós*, *Olaría de Niñodaguia* e *Prataría e azabachería en Compostela*. En 2010 dirixe o documental: *Cocedura tradicional do barro en Buño*, no que ademais é coguionista.

Tamén divulgou as súas investigacións na radio, comezando en Radio 80 o ano 1983 cunha colaboración sobre música popular no programa Domingo Prácido, que se emitía para toda Galicia. Ese mesmo ano, e nos dous seguintes (1983, 1984 e 1985), presentou e dirixiu varios programas para a difusión da música tradicional e os instrumentos populares en Radio Nacional de España, a través das súas emisoras de Radio 1, Radio 2 e Radio 4. Na emisora de Galicia, cun programa dominical chamado "Garmalleira", primeiro, e "Hoxedomingo", posteriormente. Á vez, colaborou no programa "Nosa cultura popular" que dirixía e presentaba Cristina Argenta en Radio 2, xunto con varios programas sobre o mesmo contido en Radio 1 dentro da serie "Nosos cantar". Ademais realizou, por encarga de RNE, programas de intercambio coa Unión Europea de Radiodifusión (UER) para emisoras como Radio Francia, Radio de Polonia, Radio Praga e algunhas radios alemás, colaborando tamén co musicólogo checo Kare Lachout nas súas investigacións sobre folclore musical.

«O cego andante», é un dos traballos máis importantes da historia da música tradicional. Os nove temas que integran o disco serven como unha viaxe imaxinaria polo país, xa que recollen diversos temas vocais e instrumentais de diversas zonas xeográficas da comunidade. Este eixe temático sobre o que xira o compacto motivou que se titulase *O cego andante*, e serviu de homenaxe aos cegos cantores que percorrían Galicia levando a música dun lugar a outro.

Pablo Quintana estivo acompañado durante a gravación, de Michel Canadá, logo compoñente de Milladoiro, o guitarrista Manoel Galcerán, o frutista e gaiteiro Carlos Icaza e o tamén violinista Tomás Garrell. Ademais do compacto, os froitos do inxente traballo desenvolvido polo músico puidéronse ver nun disco da serie Recolleitas editado por Ruada, onde recollera en directo as cancións do último cego cantor que viviu no país: Florencio dá Fontaneira.



PREGÓN DA XIX MOSTRA DE INSTRUMENTOS

por Xosé Quintas Canella


Miñas donas, meus señores, meus amigos...

Cando me dixeron que fora elixido para dar o pregón deste ano, o que corresponde á décimo novena Mostra de Instrumentos de Música Tradicional, promovida pola Asociación de Gaiteiros Galegos, o primeiro que pensei foi que moi mal debería andar o conto e que en boas mans ían deixar o pandeiro, porque, as cousas como son, paréceme imposible que non haxa en toda Galiza máis de dezanove persoas, de máis sona e relevancia ca min e, polo tanto, máis merecentes e máis capacitadas para ser os voceiros autorizados que haberían proclamar o inicio e as excelencias deste acontecemento gozoso que hoxe nos convoca e que hoxe nos congrega. Quero pensar que non é así o conto, mulleres e homes de valía na nosa terra hai abondo, e en consecuencia resúltame imposible crer que me tocara a min a vez polos meus merecementos. Eu malicio que foi o xeneroso aprecio dos meus porfiados amigos que, coa ansia de rescatarme do meu retiro, non tiveron mellor cousa, vaia ocorrencia, que darme un protagonismo e unha responsabilidade que xa lles compre..... Eu agradézoo de corazón e, aínda que de min non se poida esperar grande cousa, esforzarei para estar á altura dos meus predecesores neste honroso cometido e ser merecente da confianza e do afecto de todos eses amigos e compañeiros, cómplices inestimables e benqueridos que foron, ben o sei, os consonantes da miña elección. Á fin de contas, quen fai o que pode fai o que debe. A verdade é que ó voso lado, rodeado de tanta valía e de tanto intelecto, e tratado coma un igual, síntome ben, pero que moi ben, e coma se eu aínda fora alguén.

Lerías aparte, resultoume particularmente entrañable que me seleccionaran para dar este pregón, un pregón de artesanía, no que acepto a miña misión cun criterio realista e práctico, sabedor do que se espera de min, que é, nin máis nin menos, que marcar o inicio da Mostra, un recurso necesario, si, aínda que teña a mesma transcendencia que a do foguete que anuncia o comezo e a fin dun acto, pero que, ó mesmo tempo, vaime permitir proclamar as calidades e a grandeza dunhas actividades e oficios que me resultan moi próximos, íntimos e queridos, e que a min paréceme que son algo máis ca un medio de vida ou subsistencia, penso que son un xeito de traballar, de amar, de sentir, e, en definitiva, de vivir. Así é como eu o entendo, así é como eu o sinto e, tamén, así é como eu o proclamo.

Ai tes, que che parece? Eu, como heraldo e pregoeiro dunhas actividades que vencellan o intelecto có máis requintado e ó mesmo tempo o máis elemental da evolución do ser humano: as maos! Porque artesanía ademais de arte é oficio é mester, profesión, habilidade e xeito. É unha arte feita coas maos dun artífice ou artista. Maos traballadoras, pródigas e fartas, soportes do tacto e provedoras de galanos e aloumiños. Maos que acarician, maos que dan, maos que reciben, maos que reteñen a expresión única e singular de cada tarefa e que gardan a memoria de tódolos traballos, esas maos dilixentes, ciceladas coas marcas e cicatrices propias de cada oficio, rastro indeleble que acredita o seu uso e a súa ocupación, e que son as relatoras dun pasado nada ocioso, da historia de homes e mulleres que viven das súas maos. Maos activas, maos traballadas, ferramentas gloriosas das xentes traballadoras. O resto..., son utensilios que as complementan, porque as maos son as máis auténticas e primixenias ferramentas do ser humano. Incluso, poñen o acento, co aceno, e matizan, resaltan e atemperan as palabras, porque ata da fala son o necesario e inevitable aditamento. E vouvos dicir unha cousa, ás veces as maos ven máis do que se percibe polos ollos da cara, vós os artesáns sabédelo ben. Por poñer un exemplo, non hai máis que ver con canto deleite e parsimonia pasa o polgar o carpinteiro a fío e contrafío da madeira despois de meter a garlopa. Ou canto mimo e agarimo hai en cada pasada da palma da mao do canteiro pola pedra labrada. Xestos de moito amor e sinais de moito oficio.

Na miña terra, un lugar máxico á beira do Río Arnoia, coñecido tamén coma Allariz que, como diría Celso Emilio cando falaba da súa Celanova natal, perdón pola inmodestia que non o digo por fachendear, se revelo a miña orixe é soamente por establecer un referente espacial pois, son de alí por casualidade que ningún mérito teño pola miña procedencia, a non ser o feito de amar e identificarme coa terra e coa xente do meu lugar de nacemento, ó que, naturalmente, estou ligado, ademais, por memorables expe-



riencias vitais. Pois ben, indo ó conto, alí, na miña terra, cando eu era neno, a artesanía era unha parte inseparable da vida diaria, para moitos era un medio de vida, naturalmente, era o seu oficio, e para todos, sen excepcións, as artesáns eran as únicas formas de produción e consumo, se cadra porque non había outras que foran posibles naquelas circunstancias históricas e sociais. Algún día, as máis das cousas facíanse por encarga, da man dalgún dos moitos artesáns que daquela enchían a Vila, de xeito que, casa si e casa non, había un artesán. E o que se facía por encarga tiña un valor intrínseco, o da peza ben feita e ben acabada e o indicativo de calidade, e un aprecio tan xeneralizado que daba, incluso, a medida da excelencia dun parvo... pois, daquela, un parvo que se prezase tiña que ser que nin feito de encarga.

Zapateiros, xastres, canteiros, panadeiras, forneiros, curtidores, talabarteiros, costureiras, ferreiros, zoqueiros, carpinteiros, cesteiros, oleiros, peneireiros, fogueteiros, ferradores, ... que sei eu! Oficios que enchían de sons propios e, incluso, de recendos característicos a atmosfera urbana de vilas e aldeas. Os seus talleres e obradoiros eran lugares máxicos onde os nenos contemplabamos utensilios portentosos manexados con gran mestría, e albiscabamos os rudimentos dunhas minuciosas técnicas de traballo para, logo, asistir pasmados ás maravillosas transformacións que, a partir de elementos simples e, tras o coidadoso proceso de elaboración, remataban coa peza acabada. Neses talleres pasabamos moitas horas mortas, cando o tempo non acompañaba, pois eran lugares propicios para a reunión e para poñernos ó tanto de asuntos mundanos, nos que andabamos algo perdidos e despistados.

Daquela os rapaces outra cousa non seríamos pero, as cousas como son, o que é hábiles no manexo das maos hai que recoñecelo tiñamos unha gran disposición, despexo e calidades, tal vez innatas, para as máis diversas manualidades. Pois si! con aquela primeira navalliña, regalo do padriño ou dalgún dos nosos tíos, elaborabamos os máis dos nosos xoguetes, case que todos: o pau e a billarda, os tiracoios, as espadas, os arcos, as frechas, os dardos o papaventos, as tarabelas, e os tiratacos de sabugueiro cos que martirizabamos as calugas dos nosos compañeiros de escola... que sei eu... , pitos ou subiotos, incluso frautas de castiñeiro ou abelaira, anque de máis que dubidosa afinación. Ás veces precisabamos o concurso dos artesáns para que nos facilitara algúns dos materiais, como no caso dos tiracoios, pois as badanas e as gomas eran cousa do zapateiro. Todo o que nos facíamos, anque elemental e basto, era artesanía en estado puro, executada con aquela navalliña, aí aquela navalla, sempre me enche de tenrura e nostalxia escoitar ós indisociables Mini e Mero interpretar ese inspirado poema de Manuel María, xa sabedes “Pulido da miña man fixen coa miña navalla un aradiño de pau” ou aqueloutra de Ramón Cabanillas na espléndida e suxestiva voz do Miro, “Meu carriño cantareiro o de xugo e cabezalla coa puntiña da navalla, pulido da miña man”. A navalla sempre, e as maos traballadoras que deixan o seu rastro de fino pulido en todo canto tocan.

Os aprendices e os axudantes dos artesáns eran tamén os nosos asesores en temas “delicados”, as máis das veces o que facían era rirse dos cativos e darlle unhas informacións moi daquela maneira, xa me entendedes, era un bo lugar para as chacotas e brincadeiras vellas, desas que se van perpetuando de xeración en xeración. A cousa é que, cando eu xa era mozo, antes de levar á facenda a pacer ó monte, se ía ben de tempo, paraba unha miguiña na zapatería do Eliseu, unha zapatería que estaba pegada á corte do gado, e aproveitaba para botar unhas falas. En certa ocasión pasou que, cando entrei, o axudante do zapateiro estaba a falar con tres mociños que, polo visto, fixéranlle unha consulta, “delicada”, e el moi serio e solemne, e cun sorriso algo atravesado, todo hai que dicilo, aseguráballes que non se preocuparan, que non se lles secaría a cana dos osos e que non ían quedar tísicos, pero... que os excesos nunca foron bos e que se se pasaban poderían saírilles pelos nas palmas das maos. Inocentes caeron no lazo coma paxariños. Mi madriña! Os tres á unha, automaticamente e como chispas déronlle a volta ás respectivas maos para comprobar, aliviados, menos mal, falsa alarma, que non, que a eles inda non lles saíran pelos nas palmas das maos. Meus santiños, aínda lles quedaba un mundo antes de descubrir e valorar as excelencias do amor e do sexo compartido.

Co tempo, decatárame doutras singularidades dos oficios artesanais entre elas o sempiterno “non che sei eu, a ver, a ver, andoche con moito apuro”. O moito apuro, normalmente, brillaba pola súa ausencia porque entre o xeito pausado de traballar e as longas e animadas paroladas, as veces tan concorridas, o lugar de traballo convertíase nun asiduo e animado faladoiro. Eu non sei onde estaba o moito apuro. Nunca me pareceron xente propensa ó infarto, nin que os seus oficios estiveran catalogados como profesións de alto risco. Aínda hoxe en día, provócanme a mesma impresión, e sigo sen entender o moito apuro. Inevitablemente, cando vou onde a un artesán, e non importa de que ramo, sempre acabo por facerme a mesma pregunta, pero que lle pasará a esta xente que, pese a traballar dun xeito tan relaxado, andan sempre con tanto apuro? Misterios e enigmas que non se nos revelan ós que non estamos na allada.

Hai un ano encarguei unha zanfona, aínda estou impresionado e curioso por saber que rara conxunción astral propiciou que ma tiveran acabada antes de tempo, porque o prazo de entrega era unha data

imprecisa que, no mellor dos casos, supuña que ma empezaría en setembro e que estaría rematada en decembro. Sorprendentemente, chamáronme no mes de agosto para dicirme que estaba rematada. Tanta prisa, tanta urxencia na entrega, deixoume apampado. Era un caso de dilixencia tan extrema que non me atrevo a dicir o nome do artesán, no vaia ser o conto de que a Asociación de Artesáns tome cartas no asunto e teña que reprendelo polo que podería interpretarse coma un clamoroso exceso de celo.

A zanfona que teño en uso, actualmente, é de encarga, feita conforme ás miñas necesidades, teño outra de segunda mao, pero non menos apreciada, o contrario e sen desmerecer ó mestre artesán que me fixo a que agora uso, aquela que fora de xeito excepcional, feita e entregada con tanto apuro. O caso é que esa primeira zanfona, a de segunda mao, veu da mao do meu amigo Miro, feita por un artesán da zona de Monforte coñecido como O Crego. É unha zanfona con moita vida, de moitas maos, con moita alma e moita historia.

Teño que falar dos tempos da gran desbandada: coa emigración a Europa, ó País Vasco e a Cataluña, os máis dos artesáns marcharon, uns poucos resistiron e quedaron como pequenas illas milagrosas, perdidas no mar de esmorecemento e abandono no que se convertera Galiza. Habería un renacer a finais dos sesenta da mao, precisamente, dos artesáns de instrumentos de música tradicional, e, se a memoria non me falla, maiormente na zona de Lugo. Home ó mellor nós, a xente da música, tamén tivemos algo que ver no conto.

A artesanía é un legado cultural que debemos coidar con mimo e protexer, en síntese, defender, coma calquera outra faceta da noso herdo, porque se a fala é un xeito de dicir ou de chamarlle ás cousas, a artesanía é o modo de facelas. Cousas feitas á nosa maneira. A ver, porque as sentimos diferente e porque as vivimos de distinto modo. E coma calquera outro legado debémolo transmitir íntegro e, a poder ser, acrecentado e mellorado. E iso non quita que non podamos innovar, experimentar, achegarnos a outras formas, a outros xeitos e maneiras, en definitiva evolucionar, pero sen saírmos do rego que marca a nosa tradición. Está nas vosas maos, polo tanto queda en boas maos, porque sodes xentes que por definición tendes boa mao para canto facedes. O resto, as outras cousas, que sei eu, andamos tan deixados da mao de Deus que semella que todo anda nas maos do demo.

Na artesanía non manda a marca, un valor inmaterial e subxectivo, sempre artificial e nunca indicativo de calidade e si de temporalidade, porque vai envelenado coa fugacidade da moda e case que nunca do deseño, a non ser que tomemos por deseño certas esperpénticas excentricidades a medio camiño do ridículo máis solemne. A marca e a etiqueta son propias de artigos sen alma, envilecidos as máis das veces polo degradante selo da explotación e a escravitude de homes, mulleres e nenos, traballando en condicións inhumanas. Aquí non, aquí quen manda é a muller ou home artesán que lle dan a verdadeira impresión ou sinal, ese rango único e distintivo que non precisa etiqueta, porque a boa obra ó mestre honra e, polo tanto, abonda co nome do artista. O traballo do artesán é, por definición, e coma o seu propio nome indica unha arte san, que produce obras singulares e irrepitibles, nunca hai dúas iguais,



nin tan sequera as que van feitas na mesma fornada. A marca do artesán, é a calidade dos materiais e a factura: bo, ben feito e ben acabado, e ...para que dure. A súa obra é algo que se pode reproducir, incluso copiar, pero nunca falsificar, non pagaría a pena. A calidade non se pode falsificar, só se pode imitar ou reproducir. A etiqueta si, si que se pode falsificar, porque é o único elemento demandado e valorado pola caprichosa e tola sociedade consumista

E teño que falar de vós, dos mestres artesáns, construtores de instrumentos musicais, soporte físico de sons, cantos e harmonías. E non vos vou chamar “luthiers”, por respecto a vós e a canto representades. Non sei, pero se ó amigo Valdi, nun supoñer, vou e chámolle escultor penso que aínda me habería arreboliar a maza á cabeza, porque o Valdi, estou seguro, é e considérase antes que nada un canteiro, un home da terra, coma el di un “labrador” que labra na pedra e que labra na madeira, con xeito, talento e sensibilidade.

Moitos ou todos vós, mestres construtores, sodes músicos tamén, naturalmente, para avaliar certos aspectos dos instrumentos é comenente, é preciso sabelos tocar e afinar. Tamén algún músico acabou tentado pola arte dos instrumentos e meteuse a construtor. Anque coñezo un caso tan sorprendente e atípico, que me marabilla. Apampado me ten! É o dun gueiteiro, que non sei como nin de que maneira, meteuse a chocolateiro. “Cousas veredes”... que diría o outro. Espero que algún día Raúl Galego nos faga a mercé de explicárnolo, porque para min é outro gran enigma.

Se a nosa terra ten de seu unha maneira propia de dicir as cousas, é porque ten un xeito distinto de sentir as emocións e, polo tanto, precisa palabras únicas e diferentes para poder expresalas, como no caso da morriña, a saudade, a retranca e tantas e tantas outras que nos singularizan, que enmarcan o noso carácter e definen a nosa identidade. Anque as veces a ciencia desbarata todo, e a realidade imponse coas súas prosaicas mexericadas, porque seica polo visto, segundo me contou un amigo, hai un estudo que revela que a nosa morriña tan consubstancial e endémica so é consecuencia do “mono”, do síndrome de abstinencia do gas radón que desprenden as pedras do país. Pois ala, alá vai, a lírica e a poesía a sementar fabas. Non me falte a lúa, hai que amolarse... E aí tés, o gas radón que ademais de ser o consonante do cancro tamén o é da morriña. Tras esta explicación tan prosaica non me estrañaría nada que a saudade fora cousa dunha sobredose de radón. E que se lle vai facer, confirmarían algo que xa sospeitabamos hai tempo: o moito impacto que as forzas telúricas teñen nos galegos.

Pola razón que sexa, Galiza ten harmonías, cadencias e sensacións de seu, que son propias e ademais exclusivas, e que tan ben se acomodan ós nosos instrumentos, coma a gaita e a zanfona e os pandeiros, e tantos e tantos outros, propios e alleos, que teñen tamén o denominador común dun xeito peculiar e diferente de ser tocados e harmonizados. E nestes tempos perigosos da globalización, o mellor que lle podemos ofrecer ó mundo é a nosa singularidade, factor de identidade e principio único con atractivo e excelencia que nos relacione e vincule coa universalidade. Porque non nos equivoquemos, o universal son as cousas próximas, as do rueiro, sen paredes, cancelas nin balados. E sen complexos.

E vouvos dicir outra cousa, se perdemos a nosa singularidade que vai ser da nosa identidade. E sen identidade que vai ser de nós, un país moribundo habitado polos que non serían máis que comunitarios autónomos do noroeste.

En relación con todo isto que vos digo, hai anos, moitos por suposto, principiaba as miñas actuacións coa lectura duns versos: Na Fala dos Meus.

Aproveito a oportunidade para referirme a outros artesáns, algúns aquí presentes, admirados e queridos amigos, artesáns da palabra, construtores de soños e artífices de ideas e acreditativos notarios da memoria entre os que, a modo de aprendiz, me inclúo, e persigo e pretendo, o mesmo ca eles, ir poñendo unha palabra tras doutra co propósito de darlle concreción a algo tan difuso e evanescente como son as emocións e os pensamentos.

E os músicos e cantores, meus queridos amigos, que vos vou dicir, sabedes de sobra con canta devoción vos admiro. Nunca me cansarei de dicilo, hai tres cousas que me parecen máxicas, misteriosas e desconcertantes, e son a música, as mulleres e a electricidade. E tal vez, non por ese orde... precisamente.

Só me resta trasladarlle os meus parabéns á organización e ós artesáns que participan na Mostra, co meu desexo de que teñan unha boa feira e unha climatoloxía propicia, que fagades o camiño de volta á casa, por dicilo dun xeito gráfico, coas alforxas baleiras de mercadorías e o peto cheo de cartos e pedidos. Ó público asistente convidalo a participar activa e diligentemente na mostra e, ó mesmo tempo, exhortalos para que consuman, que compren moito e que invertan en cultura que é a mellor maneira de fomentar as artes e de protexer ós artistas.

E máis nada, moitas grazas, boandanza e saúde. Xa poden vir os gaiteiros e ... que corra o viño.

Fotos: Raúl Río

MAGHÚA

Maghúa somos un grupo de mozos afincados en A Coruña, interesados en recuperar e transmitir unha pequena porción da tradición do País.

Botamo-nos à auga no natal do ano 2006 como grupo de cantareiros, unicamente voz e pandeireta. A día de hoxe tamén tocamos como grupo de gaitas, e estamos avanzando na formación dunha charanga, incorporando requinta e saxo soprano. Somos cus inque-dos...

O termo “manjúa”, empregado tradicionalmente na costa do Cantábrico para denominar un banco de peixe (sardiña, bocarte...), segue a ser utilizado na zona do Morrazo baixo a forma “maghúa”.

Son dous, basicamente, os obxectivos deste grupo de amigos: recuperar e transmitir tradición, como quedou dito, e pasá-lo ben...



TRÍO LA GUAREÑA

É unha agrupación musical dirixida por Ricardo Soberado, mestre de gaita que exerce coma profesional na Escola de Música Tradicional do Concello de Oviedo e coma director da Banda Gaites Xácara.

La Guareña defende a música de raíz, e dende 1999 traballa na difusión da música asturiana con diferentes formacións. *La pareya* tradicional de gaita e tambor, o trío ou o tradicional quinteto: 2 gaitas, acordeón, tambor e bombo.

A súa música está basada nun percorrido musical á par que xeográfico polas tres zonas que dividen Asturias, occidente, centro e oriente. O repertorio que tocan, na súa maioría, é o traballo de diferentes grupos etnográficos que dende os 70 desenvolveron un labor de recuperación de melodías antigas.

Marco Antonio (acordeón piano e voz) é un experimentado acordeonista, e director dun dos coros asturianos con maior sona en Asturias, o coro !A Flor de Lena. É mestre de timbal, utilizando técnica de florituras de pipeband, na Banda Gaites Xácara. Gran afeccionado á tonada asturiana, un xénero vocal único, para o que se require unhas condicións.

Aida Rodríguez (percusions e voz) é unha intérprete asturiana, cunha formación clásica pero que dende moi moza estivo en contacto coa música tradicional. A súa especialidade é a percusión, pero domina outros instrumentos coma gaita e frauta traveseira. No trío toca diferentes percusións ademais de interpretar algunhas melodías coa voz. É integrante dunha das formacións musicais mais senlleira en Asturias, “Muyeres”, unha agrupación creada nos 80 por Lisardo Lombardia, actual director do Festival de Lorient, íntegramente composta por mulleres, que cantan unha grande variedade de melodías asturianas tales: romances, xotas, cantares de voda, sons de arriba, añadas... etc.

Ricardo Soberado (gaita asturiana) é un experimentado gaiteiro, que dende moi mozo participou en infinidade de eventos musicais por todo o mundo. Músico do grupo pop-celta do “Sueño de Morfeo”, co que xirou dende o 2005, por máis de 400 cidades. Foi o músico principal e colaborador de máis de 30 publicacións discográficas en conta coa publicación: “Iniciación de la gaita asturiana” Ed. Ambitu.

OS RAPARIGOS

O xerme do grupo está no encontro entre Carlos Vázquez Cabrera e Xoán Rodríguez Silvar como alumnos de Constantino Bellón.

Maio de 1968, Basilio Carril gaña o Concurso de Gaitas da Ascensión en Santiago de Compostela, para dúas gaitas e percusión. Un trío de rapaces, Carlos, Xoán e Totó estrean o nome de Raparigos nese concurso. Xunto a eles o seu mestre Constantino Bellón acude con outro xove alumno, Carlos Icaza e o seu neto Anxo Muñoz. Aínda que ningún deles acada galardóns, a concorrencia de dous grupos ferroláns ao máis importante certame galego amosa unha nova etapa: empezan a aparecer gaiteiros novos.

En Outubro dese ano Raparigos, esta vez con Anxo Muñoz no tamboril gañan o primeiro premio no Concurso de Gaitas de San Froilán ante gaiteiros tan soados e veteranos como os Garceiras de Melide, Os Montes e Os Amigos de Lugo, o Primitivo Díaz de Ribadeo.

Maio de 1969 Raparigos gaña esta vez en Santiago o Concurso da Ascensión, entran a figurar entre os grandes nomes da gaita co mellor palmarés galego en concursos de

Gaitas,, O concurso de Ponteareas os distinguiu por dúas veces co primeiro dos seus galardóns, en 1976 como Raparigos e en 1977 como Xente Nova. Seguen a manter a tradición popular en romaxes, e colaborar con outros no cerne do movemento asociativo dos gaiteiros. Desde 1981 Raparigos non acude a concursos.

Así naceu o cuarteto Raparigos. O seu nome tiña unha triple lectura: á xuventude dos membros e un texto de Rosalía de Castro. E cando a entrada de Raparigos no mundo da gaita foi seguida por moita xente nova collendo o facho mantido polos gaiteiros populares.

RAPARIGOS é un dos grupos máis sobranceiros entre os que protagonizaron o cambio xeracional De 1968 e ate 1974 son os seus membros Carlos Vázquez Cabrera e Xoán Rodríguez Silvar como gaiteiros; Anxo Muñoz Castro o tamborileiro e Francisco Trillo Pérez o bombeiro. En 1975 abandonan Carlos Vázquez Cabrera e Paco Trillo, reemplazados por Xabier Rodríguez Fariñas e Rafael Victoria, membros de Xente Nova, outro cuarteto froito da escola de Bellón

A formación mantense ate 1983 en que se xunta Antón Varela Cachaza como gaiteiro e percusionista.

Dous discos da prestixiosa coral Terra A Nosa dirixida polo desaparecido Padre Feixoo, contaron tamén coa colaboración dos primeiros Raparigos.

Un dos membros do grupo, Xoán R. Silvar colaborou co músico Emilio Cao. Con posterioridade Antón Varela participou no grupo folk Cempés.

RAPARIGOS



gaiteiros galegos



LUIS MONDELO E RAFA BUSTO (O BIERZO)



Luis Mondelo

Rafael Busto Ferrero:
“Faremos unha mostra do repertorio e usos da gaita de fol e do tamboril (flauta-tambor) no Bierzo. Tamén interpretaremos algunha cousa cantada, ou acompañada con pandeireta”



Rafa Busto

AUTOR DO CARTEL DA XX MOSTRA: PRESEDO

Xosé Xoan Presedo Díaz naceu en Ouces, Bergondo (A Coruña) en 1959. Apaixoado da música, a electrónica e a informática, compositor e gaitero basicamente autodidacta na súa formación musical, está vencellado desde moi cedo ó mundo do fol. Comezou a súa andaina como gaitero nos anos 70 coa fundación do Grupo de Gaitas Alborada e o grupo de Gaitas da S.R.C. y D. de Sada, do que foi director ata o seu traslado a Pontevedra en 1986. Nesta cidade coñece e trata, ata o seu pasamento en 1992, ao gaitero Ricardo Portela do que adopta o xeito de tocar pechado na gaita.

Durante os anos 90 toca e colabora con varios grupos e gaiteros da cidade do Lérez comezando a compoñer para a gaita e gañando, nos anos 1996 e 1998, os concursos de composición do concello de Pontearreas.

En 1998 e 2003 publica, xunto con Astrid Filgueira, na foto, os libros ‘Doce Polainas Enteras’ e ‘De Pano Sedán’, compilacións das vivencias vitais e creacións musicais de 24 dos máis admirados gaiteros galegos contemporáneos.

Froito da súa investigación no ámbito da electrónica e a informática, diseña, constrúe e patenta, no ano 2002, un controlador midi con dixitación de gaita (gaita electrónica), instrumento que constitue unha verdadeira novidade no mundo da gaita galega.

Desde o 2005 forma parte da Xunta Directiva da Asociación de Gaiteros Galegos na que traballa pola defensa, conservación e dignificación do patrimonio musical tradicional de Galicia.

No 2008 deixa Pontevedra para voltar a Sada (A Coruña) onde reside actualmente compaxinando a súa actividade na Asociación de Gaiteros Galegos ca investigación para o aproveitamento das novas tecnoloxías no eido da música e dos instrumentos tradicionais galegos.



OBRADOIRO DE TREBOADA de OLI XIRÁLDEZ

Ademais de constructor de gaitas e requintas, ten unha intensa traxectoria de interpretación musical, dende Vado Permanente na década dos 80, onde integrou a fruta traveseira, pasando por colaboracións como a gravación de Raianas de Malvela: “unha viaxe pola música de ambas as dúas beiras do Miño, na que aparecen cantos tradicionais e actuais e no que soan temas novos” Pero foi con CHOUTEIRA, onde Oli Xiráldez deunos un concerto inesquecible.

A súa primeira gravación foi un disco compartido editado por Edigal. Despois chegarían Chouteira, (Do Fol, 1995), Ghuaue, (Do Fol, 1997) e Folla de lata, (Do Fol, 2000).




Oli na celebración dos 25 anos da AGG convocada na Pastoriza por Xermolos

OBRADOIRO DE CONSTRUCCIÓN DE PALLETAS DE JAIME PENA.

Pardiñas coñece o labor deste artesán de As Pontes, non só a súa arte na construción de palletas, tamén a súa actividade coma músico, e as súas dotes de pedagogo para transmitir os seus coñecementos, á xente máis allea, coma disfrutamos o pasado ano. Participa activamente nas Foliadas de As Pontes, unha mostra da integración de músicos, danza, canto da comarca, distintos días ó ano. Na foto a súa colaboración á festa da Santa Palleta.

ARTESÁNS PARTICIPANTES NA XX MOSTRA

- 1.- Rebollo instruments / Beluso - Bueu
- 2.- Master Gaita / Controlador MIDI con dixitación de Gaita / Sada
- 3.- O Chilro / Percusión e gaitas / Cambados
- 4.- Lois Mouriño / Obradoiro de instrumentos tradicionais / Compostela
- 5.- Xosé Tuñas / Percusión / Ames
- 6.- Che Vázquez / Trompas e instrumentos tradicionais / Brión- A Luaña
- 7.- Xaneco / Obradoiro de instrumentos musicais galegos / Outeiro de Rei
- 8.- Oli Xiráldez / Gaitas e requintas / Balcaide –Teo
- 9.- Pablo Carpintero / Gaitas, Requintas e percusións / Santiago
- 10.- Foliadeiras / Percusión Tradicional / Vigo
- 11.- Diego Langarika / Percusión / Pontecaldelas
- 12.- Afonso Castro / Gaitas / O Rosal
- 13.- Obradoiro de Gaitas Seivane / Cambre
- 14.- Carlos Fandiño / Gaitas / Teixeira
- 15.- Xermán Arias / Luthería e zanfonas / Sarria
- 16.- Luis Martínez / Instrumentos de corda / Soutomaior
- 17.- Cristobal Prieto / Gaitas e frautas / O Hío – Cangas
- 18.- Xaime Rivas / Zanfonas / Vigo
- 19.- Nebra / Gaitas e zanfonas / Porto do Son
- 20.- Caroline Lacombe / Instrumentos folk / Barcelona
- 21.- Queima / Vento e percusión/ Redondela
- 22.- Benito Quirós / Gaitas e percusión tradicional / Vigo
- 23.- Osses / Albokas / Otazu (Álava)
- 24.- O Reberete/ Vento e percusión galega / Amoeiro – Ourense
- 25.- Miguel Rivas / Instrumentos tradicionais/ Vigo
- 26.- Iago Salgado / Instrumentos tradicionais/ Recesende – Teo
- 27.- Fernando Meireles / Instrumentos de corda / Coimbra – Portugal
- 28.- Miguel Blanco / Dulzainas Castellanas / Astorga
- 29.- Miguel Mosquera/ Gaitas, requintas e Pitos Pastoriles/ Sarria
- 30.- Laureano – Os Alegres / Percusión e Gaitas/ Pontevedra



Dalle ó canto Pardiñas 2013!

Durante todo o ano son moitos os momentos de cantos nas tabernas das nosas vilas. E en Guitiriz non ocorre o contrario. Por iso, vendo a tradición de moitos durante todo o ano, dende Xermolos, e coa axuda da hostelería guitiricense, queren animar a toda esa xente a presentarse ó 1º Concurso de Cantos de Taberna de Guitiriz, e que terá lugar o sábado 3 de agosto de 12h. a 15h., cadrando coa primeira xornada do XXXIV Festival de Pardiñas, ó que chamamos "Dalle ó Canto Pardiñas 2013". Velaquí as bases oficiais do concurso:

1. Os grupos musicais estarán formados por un máximo de 10 persoas. Deberán anotarse polos medios que se dispoñen a continuación antes do 1 de agosto de 2013, indicando no momento da inscrición o nome do grupo, un correo electrónico e un teléfono de contacto. Asignaremos un número a cada grupo dacordo ao orde de inscrición.

2. A inscrición é de balde e poderase realizar mediante o mail: xermoloscantos@yahoo.es ou chamando ao teléfono 608589012, indicando toda a información citada anteriormente.

3. A recepción dos participantes farase o día 3 de agosto ás 11.30h. no Campo da Feira de Guitiriz.

4. Cada grupo contará con asistencia dun membro da organización que o guiará ao longo do percorrido co fin de axilizar a actividade e que non se produzan grandes aglomeracións nunha única taberna.

5. O repertorio será preferiblemente tradicional.

6. En cada establecemento será o/a taberneiro/a correspondente o/a responsábel de outorgar a puntuación, que estará comprendida entre o 1 e o 10 puntos. Membros da organización recollerán cadansúa puntuación co fin de facer un recuento final que terá lugar no Campo da Feira de Guitiriz.

Aquel que consiga mais puntos resultará gañador. Establécese tamén un 2º e 3º posto. En caso de empate repartiranse os premios.



7. Premios:

1º posto: 400€ + Cea no chigre de Xermolos do Festival de Pardiñas + Lote de libros, publicacións de Xermolos e recordos do Festival de Pardiñas.

2º posto: 200€ + lote de libros, publicacións de Xermolos e recordos do Festival de Pardiñas.

3º posto: Lote de libros, publicacións de Xermolos e lote de recordos do Festival de Pardiñas.

8. A entrega de premios farase no escenario da Mostra de Instrumentos de Música Tradicional do Festival de Pardiñas o sábado pola tarde, onde os gañadores interpretarán se queren unha das cancións coas que participaron.

E por que bares pasarán as rutas do Canto de Tabernas?

Pois polos seguintes locais guitiricenses:

1. Hotel Balneario de Guitiriz
2. Restaurante La Casilla Hostal
3. Bar Losada Guitiriz
4. Mala Uva.
5. Xoldra Guitiriz Lugo.
6. Café Centro.
7. Café Pub Flamingo.
8. Soa Guitiriz Lugo.
9. D'monica Cervecería.
10. O Korreo Restaurante Guitiriz.
11. Mesón O Pozo.
12. Casa Gaibor.
13. Bar A Capela
14. Pub Titanic.
15. Casa Pepe.
16. Casa Barxa.

Ademais de todo isto os locais que participan ofrecerán durante a xornada do sábado un succulento pincho para todos aqueles que se acerquen á vila con gañas de comer ben e barato. Créase o "Bolo Pardiñeiro", un boliño de pan recheo de xamón cocido boísimo!!!

(Fotos Raúl Río)




MOSTRA DE VIDEOS MUSICAIS

Venres día 2, na CASA HABANERA, ás 19:30

1.- O soro da verdade de Tonhito de Poi

Tonhito de Poi viaxou ao máis fondo da selva amazónica, no Perú, para atoparse coa Verdade. A Verdade con maiúsculas. A que non se pode evitar. Alí, na selva virxe da reserva do Purús, durante varias cerimoniais iniciáticas e guiado polo chamán Ramón Peregrino, Tonhito de Poi viviu unha viaxe “cósmica”, unha experiencia “persoal e intransferible”.

‘O soro da verdade’ está gravado a cabalo entre Galicia e a propia Amazonía, onde Tonhito de Poi puido recoller algún dos sonidos máis fascinantes da selva, así como fragmentos das cerimoniais nas que participou, cánticos medicinais, etc. Ademais das pezas musicais, que se poderían encadrar na música de meditación ou chill out, ‘O soro da verdade’ tamén inclúe unha pista extra de vídeo con imaxes gravadas polo propio Tonhito de Poi na selva. Tonhito de Poi, un dos artistas máis polifacéticos e carismáticos de Galicia, compaxina este novo proxecto persoal co seu papel dentro de Herdeiros da Crus, a emblemática banda de Ribeira que revolucionou a música galega a principios dos anos 90.



Biografía: Tonhito de Poi é un home que soñou que era un Herdeiro da Crus cando estaba embarcado como cociñeiro no Mar Antilles, un barco de arrastre da flota de Riveira. Tivo a sorte de xuntarse con outros tolliños (Tuchiño, Avelino, O Jran fran e Javi) que tiveron o mesmo soño. O primeiro ensaio dos Herdeiros da Crus no 1992. O primeiro disco, A cuadrilla de pepa a loba, conmociona o panorama musical. Despois seguiron 7 discos máis incluído o primeiro directo de Rock en galego. Foron reclamados para tocar dende Londres ata N.Y. No ano do Prestige, Tonhito de Poi sinte a chamada á gran rebelión e embárcase nun proxecto galaicoportugués que lle implica 3 anos de traballo. Nace A Banda de Poi e no seu disco MOR participan algúns dos artistas máis vangardistas da terra lusa e galega. Mención especial ó desaparecido Juca Rocha, mestre do Hammon que tocou con Elton Jhon e deixou no disco auténticas xoias.

A Banda de Poi sorprende tanto pola estética musical, unha fusión da síntesis e rock, coma por cancións como a de Prisciliano e di que é o está enterrado na Catedral de Santiago. Monta a “manada” Rasa Loba, formación de guitarras, baixo e batería. As letras exploran na natureza humana. Sacan un disco chamado Instinto Tonhito de Poi tamén é un lobo solitario: adoita percorrer cafe-teatros de toda Galicia cun formato acústico bautizado como “Vestido perdo moito” ou “A Pelo”. Un espectáculo inspirado no epitafio: *Nada trouxen, nada levo, nada perdín*. Onde tenta resolver canción a canción cal é o sentido da vida e convencernos de que só o amor é real. No 2011 Tonhito de Poi estreou unha nova banda e un novo proxecto: Maruja da Cansela, unha carta de amor escrita por un emigrante galego nos anos 20 que Tonhito de Poi converteu en canción, e que se presentou como single xunto a un videoclip. E chegou 2012, os Herdeiros da Crus volveron aos escenarios. E fixo unha outra viaxe, aínda máis determinante.

2.- Abaixo e de pé de García Mc

Comeza rapeando en galego, con 13 anos, directamente influenciado por unha das bandas fundacionais do Rap en galego: 5 Talegos. Na adolescencia, forma parte do proxecto musical rapeiro Ghamberros, editando un disco en 2004 Existía. No 2003 intégrase no Colectivo Hip Hop Dios Ke Te Crew formación co proxecto Ghamberros así como boa parte de 5 Talegos, sumándose nos seus espectáculos tódalas vertentes da Cultura Hip Hop: Breakdance, Graffiti, Dj'ing, Beat Box... Con DKTC editáronse tres traballos discográficos: Xénese 2006, Adiando/Maxi: Chove 2010 e Humanose 2011. Participa en Dios Ke Te Crew, “Foliada Rap and Punk” Labregos do Tempo dos Sputniks- Leva



8 anos impartindo Obradoiros sobre Cultura Hip Hop/Rap en centros formativos. Musicou poemas de Celso Emilio Ferreiro en clave rapeira como “Deitado fronte ó mar...” ou “Son un pasmón”. Formou parte da Radio Kalimera (a radio libre de Compostela. A título individual levou o seu Rap en Galego a lugares como Copenhague, Guiné-Bissau e México. Ou a Cuba con DKTC. Participa así mesmo en dúcias de discos de grupos eclípticos da música galega.

Neste EP García mostra amor e rabia nunha mirada rebelde e zapatista que conduce a través dos ciclos naturais: a expresión das loitas de abaixo, as apegadas á terra. Todas as letras son propias, agás o poema “Amor e sangue en Chiapas” de Lois Pereiro.

“Rúa arriba e rúa abaixo faise o camiño” di, co oficio da palabra consciente expresándose ao redor da alegría e o amor, do sangue e de Chiapas e con toda a xente anónima que fai a digna historia dos pobos, a que non sempre está escrita e todo isto cun posicionamento claro: Abaixo, e de pé.

3.- A Lus do Mundo de Cristina de la Torre

É un Cd interpretado polos alumn@s do IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz. O seu traballo musical foi preparado por Sandra Tenreiro, e a voz solista é David Gómez Quintián.

“¿Un poeta nace ou faise? Esta é unha das preguntas que os alumnos do instituto de Guitiriz tratan de responder neste documental sobre o poeta Xosé María Díaz Castro, quen creceu rodeado das mesmas paisaxes que eles e se iniciou cos versos cando aínda era un rapaz, tamén coma eles. Mesturando entrevistas e poemas musicados, esta curta destaca a vixencia da obra de Díaz Castro e aporta unha mirada fresca sobre a poesía, destacándoa como unha maneira de aferrarse ó mundo e sentirse vivo”.



David Gómez rapeando na Cea de Xermolos no 2011

4.- Zinfonía

Telmo, un veciño invidente da cidade de Lugo, aprende coa axuda dun luthier a construír a súa propia zanfona; unha vez que o instrumento estaba rematado, Telmo fixo deste, o seu medio de vida. Pero os acontecementos darán un xiro drástico no momento no que a zanfona é roubada por Ricardo, un coñecido de Telmo, esto cambiará a vida do cego ata o punto que considerará a morte como unha solución.

Produción: Kamy Iglesias. Equipo artístico: Antón Castro, Xosé Fontal, Carlos do Viso. Dirección e montaxe: Cristina Rodríguez. Axudante de dirección: Xiao Campelo. Director de foto: Candela Carrodada. Eléctricos: Felipe Neira. Pértiga: Ángela Varela. Operador de cámara: Mario Fernández. Xefa de son: Roberto Carballo. Script: Iria Pernas.



5.- TERRA (Utopías emerxentes - Dakidarría)

*“Camiñar e facer camiño,
escoitar, aprender e compartir.”*

O videoclip de Dakidarría do seu álbum “Utopías Emergentes” baixo o título de “Terra”, recibiu o galardón de mans do público no X Festival de Cans

Un grupo, once músicos, unha canción, unha equipa, 2222 km, amizades, risas, bocatas, sancións, choiva, mexarelas, entrevistas, estrada, peaxes... En todo isto poderíase resumir o traballo que supuxo a rodaxe de Terra. Este videoclip, levado a cabo por Samthing Visual nas tarefas de dirección e realización, supón unha nova maneira de promoción e de traballo da banda, debido a que o extenso recorrido pola xeografía galega e o contacto coas súas xentes son o prato forte deste novo proxecto. En “Terra”, podemos atopar colaboracións de persoaxes tan relevantes da música galega coma Suso de Soak, Petetas de Tiro na Tesa e Falperrys, Paulo de Skarnio e Liska, Javi de Herdeiros da Crus e Jabón Blue, Esteban de Skacha e Falperrys, Xurxo de Diplomáticos de Montealto e Os Tres Trebóns, García dos Dios Ke Te Crew, Kike de Kallaikoi, Vituko Ruxe Ruxe e Come de The Skarnivals.




OS LIBROS DE PARDIÑAS

1. Xosé Manuel Seivane


nº 14
2013

GUILLEIROS



PRA SEIVANE

**XOSÉ MANUEL
SEIVANE RIVAS**



ÍNDICE

2 O autor da portada: Xosé Vizoso

PRESENTACIÓN

5 *Seivane, a gaita con maiúscula* por Xosé Manuel Sánchez Rei
 18 *Xosé Seivane na historia das gaitas de fol* por Pablo Carpintero Arias
 20 Homenaxe de Anxo Lamas

I.- O CREADOR

23 *Xosé Manuel Seivane Rivas, artesán e gaitero*, por Álvaro Seivane
 37 *De tal pau tal estela* por Xosé Manuel Seivane Magide
 39 *"Xa pasou algo máis dun ano..."* por Susana Seivane
 39 Homenaxe de Xurxo Lobato a Xosé Seivane
 41 *O Maestro do Cunfú* por Xerardo F. Santomé
 45 *Un artesán con maiúscula* por Xosé V. Ferreirós
 47 *Un longo camiño percorrido* por Agustín Sánchez Iglesias
 49 *Recordos co meu pai* por Álvaro Seivane
 53 *Lembranza a Xosé Manuel Seivane* por M^a Eva Fernández Couso
 54 *versos para xosé seivane* por manolo pipas
 55 *Vivencias co señor Seivane* por Xerardo García García
 62 *"Bótaselle en falta"* por Ángel Gilberto "Papigil"
 63 *Un mestre da vida* por Estrela Seivane
 65 *Carta aberta a Xosé Manuel Seivane Rivas* por Ana María Fernández Couso
 68 *A Casa da Música da Pastoriza, unha homenaxe a Xosé Manuel Seivane* por Primitivo Iglesias Sierra
 70 *Lembrando a Seivane* por José Antonio Ares Fernández
 71 *versos para xosé seivane* por Manolo Pipas
 72 *Na morte dun gaitero* por Mero Iglesias
 73 *Mestre, patriarca e profeta* por Alfonso Blanco Torrado
 75 *Un ano despois, o lume segue aceso* por Alfonso Blanco Torrado
 76 Scott Fraga dende Brasil: *"Pidovos ós gaiteros e gaiteras polo mundo..."*
 77 *Cando se foi o gaitero* por Quintas Canella
 78 Comunicado do Ateneo Ferrolán no pasamento de Xosé Seivane

II. A SÚA ACHEGA Ó MUNDO DA GAITA

80 *"A Muiñeira de Chantada"* por Marcos Ladra Sanjurjo

A.- AS GAITAS DE SEIVANE TOCAN POR TODOS OS CONTINENTES

81 *"Estendeu Galicia a todos os puntos cardinais"* por Santiago Soler Quetglas
 82 Homenaxe de Xurxo Lobato a Xosé Seivane

1. RAMIRO RODRIGUEZ INTRODUCE AS GAITAS DE SEIVANE EN PARIS

85 **2. KEVIN CARR (OREGON EUA)**

85 *"Seivane un visionario que creou unha dinastía"* por Kevin Carr

3. DENDE BOS AIRES

85 *A Xosé Manuel Seivane Rivas* por Sete Netos
 85 *"Foi un privilexio poder coñecelo"* por Carina Frago

4. EUSKAL HERRIA

86 *Seivane na Casa de Galicia de Santurtzi* por Raul Río Díaz
 87 *A Casa da Troula de Rekalde*
 88 *A gaita galega e os músicos biscaíños* por Alberte Sanmartín
 89 *Kepa Junkera: unha visión con perspectiva da nosa música tradicional* por Alberte Sanmartín
 91 *Seivane e os gaiteros de Ribeira de Piquín e A Fonsagrada no País Vasco* por Xosé Mosteiro Valiño

5. DENDE CATALUNYA

96 *Historias de persoas que emigraron coa gaita debaixo do brazo* por FIA e ACGB

6. DENDE XAPÓN: MASAHARU IZUMI

98 XVII Encontros na Terra Chá e inauguración da Casa da Música
 99

B.- O MUNDO DA GAITA DENDE A MEMORIA

101 *O gaitero na sociedade galega tradicional* por Xesús Torres Regueiro
 105 *Lembranza de Xosé Seivane Rivas* por Luciano Pérez Díaz
 107 *O repertorio gaitero, unha cuestión de vontade* por Moncho do Orzán
 109 Xosé Temprano Castro: *"Seivane fai falar galego ás gaitas"*

- 111 *O Cuarteto de Maderne: os gaiteros que fixeron historia nas festas de Meira* por Daniel Carballo Penelas
 113 *A gaita da nena* por Óscar Losada
 115 *A Foliada das Pontes* por Manolo Lamas Piñón
 117 *A Foliada de Melide* por Miki de Melide
 118 *Os Neira de Pardiñas*
 119 *Gaiteros de Friol, Parga e Guitiriz* por Alfonso Blanco Torrado
 121 *Os Portolamas*

C.- O MUNDO DA GAITA NA LITERATURA

- 123 *Algúns ditos da gaita. Nova homenaxe ós Seivane todos* por Xesús Ferro Ruibal
 125 *A gaita* de Victor F. Freixanes
 129 *No son da gaita que escoitas* por Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero
 130 *Un gaitero na corte celestial* por Quintas Canella
 138 *Versos do gaitero-poeta Moxenas*

D.- O MUNDO DA GAITA NAS ARTES

- 139 María Dolores Fernández Márquez
 140 Valdi
 141 Esperanza Lema
 142 Leandro Lamas
 143 Victor Corral
 144 Felipe Senén
 145 Ramón Villar
 146 José María Lugilde Pena
 147 Valdi
 148 Óscar López-Felpeto Beres
 149 Xabier Quijada

III. TESTEMUÑAS

- 153 *Xosé Seivane en Ribeira. Lembranzas da infancia* por Pedro Castelao
 155 *"Daquí ha saír un gaitero..."* por Daniel Bellón
 156 *A súa infinita curiosidade* por Pedro Lamas
 157 *Xosé Seivane, unha persoa entrañable* por Pablo Quintana
 159 *Xosé Manuel Seivane Premio de Artesanía* por Manuel González Arias
 160 *"As gaitas feitas polas súas mans son auténticas obras de arte"* por Nando Casal.
 161 *Seivane dos bos e xenerosos* por Xurxo Souto
 162 *Xosé Seivane ou o mito tanxíbel* por Iván Area
 163 *"Aporta moitísimo ó gaitero ou intérprete de hoxe en día"* por Gonzalo Abelairas
 164 *Xosé Manuel Seivane* por Aroa Estévez
 165 *Moitas grazas* por Sito Carracedo
 166 *Uniron a esencia das gaitas galegas coa sonoridade e afinación* por Edelmiro Fernández
 167 *Grazas Seivane, grazas Xermolos, e grazas AGG* por Suso Vaamonde
 168 *"Non entendería a gaita sen Seivane"* por Paulo Nogueira
 169 *Seivane no recordo, e no presente* por Pablo Devigo
 171 *O tótem da gaita* por Raul Galego
 173 *Seivane* por Xaquín Xesteira
 174 *"O selo ou apelido gravado de por vida"* por Carlos Fandiño
 176 *"Transmitía un gran entusiasmo"* por Luis Correa "O Caruncho"
 177 *O home con nome de gaita* por Oli Xiráldez

IV. 25 ANOS DA AGG

- 181 *Retrospectiva gaitera* por Xoán X. López
 186 *O camiño colectivo xa é moi longo* por Xabier Gómez - Puchi.
 187 *Seivane: o apelido da gaita* por Xaime Estévez Vila
 189 *25 anos da historia da ASOCIACIÓN DE GAITEIROS GALEGOS* pola AGG
 192 *AGG Chairega de Honra*
 193 *A AGG e as memorias dun conflito* por Santiago Caneiro

V. 20 ANOS DA MOSTRA DE INSTRUMENTOS

- 198 *Xosé Manuel Seivane* por Xaneco Tubío
 200 *Seivane e Pardiñas*
 201 *PREGÓN da I Mostra de Xosé M. Seivane Rivas*
 203 *Presentación da XIX Mostra, dedicada a Xosé Seivane*
 205 *XX Mostra de Instrumentos*

Seivane e Pardiñas

Aínda que primeiro coñeceron Guitiriz, onde pernoctaron. Xosé atopou o seu recanto máis feiteiro en Pardiñas, e foi aquí onde nos últimos anos gustaba de aproveitar todos os días porque estaba prendado da súa paisaxe, A primeira relación do mestre Seivane con Guitiriz foi a comezos dos 60, cando acompañaba a súa dona Fuencisla Rivas a tomar as augas, primeiro ó piñeiral de Guitiriz, non lonxe do Balneario, e despois ó de Pardiñas. Casaran no 1951. As primeiras viaxes eran en tren, e adoitaba acompañala polo menos os 9 días recomendados e aconsellados, ás veces algún máis, sempre en setembro, polo menguante, porque dicían que as augas eran máis beneficiosas.

O creador non puido vir todos o anos, polo menos de continuo, por razóns do seu traballo. Fuencisla que procedía do Chao ribeirán, pernoctou, polo menos en dúas casas da vila: a de Gloria e a do Pego..., e moi de vagar collía o Camiño vello do Balneario, á par da vía do tren, a tomar as augas... Anos despois ía á fonte de Pardiñas, e trasladouse a esta poboación para estar máis preto da Fonte de Santo Domingo.

SEIVANE FACÍA PALLETAS E FUENCISLA VESTÍA AS GAITAS

Pernoctou na Casa di Carpinteiro, na de Roca, nun dos chales propiedade do Balneario e noutro da primeira construción desta, no Hostal Rúa... Seivane acompañouna, máis ben nos últimos anos, xa en Pardiñas. Gustáballe moito o lugar, os paseos pola carballeira..., abrindo camiño co seu caxato, e coma un preludio do Festival en moitas xeiras enchía de ledicia e festa o espazo do balneario, enfeitizado coa súa gaita. Amigo da conversa visitaba a miúdo os obradoiros de gaita de Sito Carracedo e de canteiría de Ramón Villar que tamén colaboran nesta homenaxe.

Aínda que Seivane non sempre podía estar preto do balneario, sempre estaba no corazón de Fuencisla, que mesmo dedicaba o seu tempo en Pardiñas a coser as fundas e farrapos das gaitas. O artesan non perdía o tempo, e chegaba a Pardiñas ben fornecido de canas para facer palletas, ás que lle dedicaba horas cada día.

Aquí collían forzas para o comezo do novo curso. Fuencisla era cociñeira do colexio cuns 200 nen@s, que agora pode pechar porque a penas chega ós oito.

Asistiron ó nacemento e feitura do Chao convertido en capital de concello, unha vez disgregado do de Meira. Cando construíron a súa casa, só había unhas catro ou cinco.

Foi concelleiro das primeiras corporacións, e con todo o seu entusiasmo loitou para facer as escolas, a casa do concello, etc. O Chao agradecido labrou en cantería e bronce a súa imaxe, no mesmo corazón, para que os alumee sempre. Chegou a haber cinco bares, pero ata as feiras dos derradeiros sabados desapareceron. A primeira pedra da futura igrexa, aínda non erguida, bendecida polo bispo, e alí chantada, é o sinal da despoboación do Chao.

Chegou a tratar o gran gaiteiro que houbo nestas terras, O Neira de Pardiñas, dicía del que cando tocaba "escorrentaba as chuvias". Nacera en Sarria, e chegou a ter moita sona. Gañou un concurso de gaiteiros solistas en Bilbao.

SEIVANE E O FESTIVAL DE PARDIÑAS

Aínda ca Seivane e o Festival de Pardiñas xa se coñecían, mesmo participara co seu obradoiro nunha edición anterior, foi na I Mostra de Instrumentos, cando remarcou esa ligazón co festival. Foi o primeiro pregoeiro deste evento organizado pola Asociación de Gaiteros Galegos (1994), fai agora vinte anos. Xermolos xa disfrutara da súa música en encontros individuais, e mesmo en gravacións, coma naquel documental: "A malla", na que el interpretaba algunha peza, que se visionou na II Semana do Vídeo que organizara Xermolos no 1986... Unha achega a este traballo estacional, mostra dos traballos colectivos, e recollido en Ribeira de Piquín, onde el vivía. E sobre todo aproveitamos a súa arte coma constructor de gaitas, para fornecer o Grupo de Xermolos, tal como certificamos no libro Doce anos na busca da nosa identidade, coa súa foto no obradoiro.

No 1987 foi o primeiro ano que o Obradoiro de Seivane participou no Festival de Pardiñas, daquela na Mostra de Artesanía.

Grazas Seivane, grazas Xermolos, e grazas AGG

por Suso Vaamonde

Comecei a tocar a gaita cando tiña doce anos, na escola.

Naquel colexio “Sagrada Familia”, no barrio da Coruña do mesmo nome.

Lembro coma se fora hoxe o día no que chegaron dúas gaitas dun tal Seivane, de Ribeira de Piquín, en Lugo (eu non tiña nin a máis remota idea de ónde era eso..., e máis no ano 1982!). Esas dúas gaitas eran para tódolos alumnos que estabamos a comezar a tocar: uns trinta, aproximadamente!

Unhas gaitas co fol de goma, e vestido azul e branco: unhas gaitas do seu momento, coa súa estética e co seu material. As mellores gaitas que se podían conseguir daquela, e feitas nun tempo récord, porque un dos profesores do colexio era íntimo de don Xosé Seivane. Feitas cun buxo dunha calidade que xamáis atoparedes.

Meu irmán, Pepe, e máis eu, moito temos tocado nesas gaitas en dó. Aprendimos con elas. Coma tantos outros compañeiros do colexio. Mais só uns poucos conseguimos facer o noso soño realidade. Un soño que, nos anos noventa, estaba máis lonxano que ir a Marte en bicicleta: vivir da gaita!

Anos despois, no 1989, fomos a un Festival de música folk que “dis que estaba moi ben”, en Pardiñas, Guitiriz. Nin lembro quen nos falara del. Alá nos fomos unha recua de mozos e mozas que por aquel momento estabamos no grupo “Aturuxo”, da Coruña. Fomos coas nosas empanadas, tortillas, chourizos, viño e... gaitas e pandeiretas. Foi a primeira vez na que vin convivir dende a tarde, ata a noite, a tres xeracións de persoas, cun vencello común: a música patrimonial. Xente de oitenta anos, de sesenta, de corenta, de vinte, de dez... todos a disfrutar coma se dunha inmensa romaría se tratase. Disfrutamos tocando toda a tarde, e escoitando ata ben entrada a noite.

Co tempo, chegou un día a información de que existía unha Asociación de Gaiteiros Galegos. Era a que había. Non había outra. E eu era, son e serei por sempre, gaiteiro. Polo tanto, por ideoloxía, por compromiso e por corporativismo, son socio da AGG dende que soupen dela. Teño participado en actividades de todo tipo na “miña” asociación, na “nosa” asociación.

Por eso, grazas Seivane, grazas Xermolos, e grazas AGG, por todo. Sodes parte de min, e grazas a vós tamén eu son o que son: gaiteiro!




Seivane na I Mostra de Instrumentos de Pardiñas

2. Tedempo

TEDEMPO - DE XOSÉ LOIS GARCÍA

do blog de Héitor Picallo, ilustrador

Sexta-feira, 26 de Abril de 2013



Portada

(como parte do mundo que é) como se fôr unha faba, unha semente que busca a luz dese astro que o ha alumear toda a vida.

CRÍTICAS


1. Na crítica de **David Otero** (publicada no Galicia Hoxe 11-XI-2012) dise das ilustracións o seguinte: "E así dunha man polas ilustracións elaboradas por Héitor Picallo. Unha docísima sinfonía amorosa e sensible do artista (a chamo de "O Carrapucho" do Baño de Cuntis. Sinfonía plena que di e que conta en liñas creativas que se conxugan no conxunto harmónico das imaxes a cores ben tratadas, que poemiza completando de xeito ricaz ao propio poeta, ao Xosé Lois, facendo así máis obra dos seus textos".



Fusquenlla

Foron moitas as ilustracións que tiveron que realizar para o libro de poemas titulado Tedempo (Lugo 2012), froito do incansábel labor do meu amigo e brillantísimo escritor Xosé Lois García (Lugo 1945). Trátase dun poemario histórico, que afonda na "biografía" dun territorio denominado Podente (ou Tedempo), nas terras de Chantada; que afonda na "vida" dunha árbore (familiar por veces) do propio autor, Xosé Lois García (membro da Uniao dos Escritores de Angola). Os contidos son abundantes, críticos e nada críticos, estéticos pero tamén combativos, posto que entre os versos se percibe unha fragancia política, re-evolucionaria que o invade todo, que todo o penetra coa forza áxil da metáfora, do epíteto e das alusións directas, cargadas de sinceridade e palabra (contido e continente verbal).

Esta é a portada, feita con acuarela, tinta chinesa, teas de tapizar e cortiza de sobreira. Un meniño nace baixo a luz dun estrela, e xermola



Roi Xordo

2. Crítica de **Armando Requeixo** (Criticalia, 17-III-2013): "Tedempo (...) atesoura aínda outro importante activo que engade prestancia e valía ao conxunto: as coloristas e elaboradas ilustracións de Héitor Picallo, artista que viste cos seus retratos dos personaxes aludidos nos poemas planas completas do libro que locen, así, nas súas acuarelas enriquecidas con técnicas mixtas nas que as tintas chinesas e outros elementos tamén achegan finos acabados".

3. E nas verbas de **Vicente Araguas**: "(...) todo isto está neste libro, bela e cabalmente ilustrado por Héitor Picallo, relatorio dunha historia, a dos García, recollida a través do tempo, dun tempo Merlán que Xosé Lois Procura nos seus ancestros pretexto ou alibi conceptual para broslar un lápiz tan total como as ilustracións que para el tecera Héitor".

ESTIRPE DE PODENTE NO TEMPO

Xosé Lois García pescuda no seu último poemario, *Tedempo*, nas orixes familiares para compoñer poemas a diferentes antepasados da saga familiar. Destacan do libro os expresivos e coloridos deseños de Héitor Picallo. Artigo de X.M. Eyré.

Galicia Confidencial | Por Xosé M. Eyré | Vigo | 30/04/2013

Título: Tedempo Autor: Xosé Lois García Editorial: Xermolos

Son varios os aspectos a salientar neste novo título poético de Xosé Lois García. Directamente derivados do texto e polo tanto de natureza literaria, e tamén desoutros que sen seren mensaxe escrita son imprescindíbeis para que esta se manifeste. Comezaremos, pois, polos segundos para despois centrarnos estritamente no literario, procurando ou soñando que estas palabras poidan constituír sequera mínima xustiza poética ou recoñecemento público do labor (calado, convencido, constante) que as asociacións culturais levan adiante, homenaxe que neste caso queremos personificar en Xermolos. Hoxe é este inopinado *Tedempo*, mais foron outros moitos noutros tempos e ocasións até dicir, sen ningún medo ao esaxero, que cultura e literatura galegas serían outras ben distintas de non contaren co seu apoio, ánimo e dinamismo. Hai que dicilo porque sempre hai que dicir aquilo que é xusto e xustamente reivindicativo: é máis valioso o traballo dunha asociación cultural que toda a parafernalia da Cidade da Cultura.

En segundo lugar cómpre mencionar os simbólicos, expresivos e coloridos deseños de Héitor Picallo a acuarela que acompañan os versos de Xosé Lois. Pero tamén as teas de tapizar que utiliza para os vestidos das donas ou a cortiza de sobreira que leva a portada de fondo. Destaca, tamén o sentido e atento prólogo de Alfonso Campos. Pois velaí dúas pevilwxiadas lecturas que nos acompañan folla tras folla.

Logo de *Kalendas* é moi difícil sentirse sorprendido por calquera novo proxecto poético de Xosé Lois García, se cadra é precisamente por iso que volve sorprender. Se xa aceptar a disciplina de escribir un poema por día tiña o seu aquel, a publicación de *Tedempo* supón poñer cimo a un proxecto tan difícil como ambicioso (difícil e ambicioso entendidos de xeito estritamente literario) e que non é outro que o de pescudar nas orixes familiares para despois, a través do tempo, ir compoñendo poemas a diferentes antepasados da saga familiar. De primeiras puidera parecer que o interese de tal poemario non ultrapasa as extremas do puramente íntimo e familiar, porén é moito máis ca iso, supón enfrontar o xénero, enfrontar a poesía contra a súa propia esencia, pois o natural na poesía é contar sentimentos ou reflexións que como tales non entran dentro da esfera do ficticio. Mais a escaseza de datos sobre moitos dos ancestros familiares é tal que o pode que non quede moita máis saída. Pode porque, para alguén cos coñecementos históricos de Xosé Lois García, isto redúcese a unha dificultade que actúa non como freo senón como estímulo.

É así como xorde o verso delongado e solemne, pausado e reflevivo, tan intensamente lírico como narrativo de recendos épicos, libre e humilde, descritivo e interpretativo, o verso nunca manso pois o que ten de indagación na estirpe de Podente teno tamén de constatación da secular loita dun pobo, dunha terra, que quere ser dona e protagonista do seu destino, dunha terra e dunha xente que arelan e necesitan relacións de igualdade e xustiza. Un verso elástico e contracto, que se estira e abrangue desde o inicios con Domingos Pedro de Podente a Xoana de Paderne ou o auxilio do doutor Vega Barrera, o auxilio inúti pois non evita a morte do seu pai. Historia de cómo *Tedempo* devén en Podente, ou ao revés, por iso elástico e por iso contracto, ou como a longa, no tempo e no verso, exposición da historia, materializada nos termos antes expostos, devén en integrador colofón final onde a memoria xa non depende da letra senón que a letra depende da vida enmentada.

Eis, pois, en definitiva, neste *Tedempo* un verso de simbioses, de análises e de sínteses, cavilado e sentido. Eis, pois, en defintiva, un poemario que é moito máis que íntima historia familiar, desde o punto de vista poético, neste tempo onde a épica parece restrinxida a crónicas deportivas e onde a xustiza e

compromiso sociais son continuamente pisados pola bota militar do consumismo capitalista que só agradece a inconsciencia festiva e descomprometida. Moito máis. Mais sobre todo, é poemario que só un poeta destemido e audaz pode afrontar, cando ademais certa ser un bon coñecedor da Historia, cando ademais certa nun espírito insubornábel.

Ilustracións de Héitor Picallo no libro Tedempo:



Domingos Pedro de Podente



Xoán Vélez, escudeiro



Tareixa Lourenza

3. Remitencias de Xosé Lois García

24• EC// Nº 178 Julio 2013

Cultura

O Casino de Chantada, escenario dunha nova velada poética

O chantadino Xosé Lois García presentou o seu último libro, titulado "Remitencias"

A memoria reivindicativa que emerxeu das augas

O presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, gabou este "gran libro lírico e de denuncia social"

S.Veiga - Chantada


• O Casino de Chantada recuperou por un día o espírito de galegitude e reivindicación dos antigos círculos culturais, coa presentación do libro "Remitencias", a última serie de poemas firmada por Xosé Lois García, e que foi apadrinada polo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. Nunha tardiña onde a calor imponía o seu dominio en Chantada, a mensaxe do libro viña cargada de auga, a do encoro de Belesar, que asulagou hai agora corenta anos aldeas, hortas e memorias nos municipios de Chantada, O Saviñao, Taboada, Paradelá e Portomarín. Historias de pedra que saíron á superficie por unha cuestión ben mundana (os enxeñeiros da presa houbéron de cambiar as turbinas), e alí acudiu, curioso e cívico, como destacou Alonso Montero, o poeta para volver a ver o que foi a súa infancia. O Xosé Lois adulto regresou "do seu exilio", como refire nos versos introdutorios, para dar fe destas "remitencias", das paisaxes que emerxeron ó remitir as augas do encoro. O adulto que foi neno levaba como ferramentas para cazar as imaxes, únicas e efémeras, unha boa cámara fotográfica e uns ollos inquedos e expectantes, os ollos do neno Xosé Lois.

ESMERADA EDICIÓN PARA UN LEGADO ÚNICO

E aquilo que viu entregouno, xeneroso como bo galego, a aqueles que non coñecemos o paraíso, legado magnífico en forma de precioso libro, tesouro no continente e no contido, nunha coñada edición sustentada pola Área de Cultura da Deputación de Lugo, cuxa tarefa de apoio á memoria e á acción cultural de Galicia agradeceu o responsable da Irmandade Manuel María e editor do



De esquerda a dereita, o escritor chantadino Xosé Lois García, o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero; e o responsable da Irmandade Manuel María, Alfonso Blanco Torrado, responsable da edición, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación de Lugo. EC.



libro, Alfonso Blanco Torrado, e o propio Alonso Montero.

NUNHA VIAXE POLAS ANTIGAS RIBEIRAS DO MIÑO

E como tesouro que é, o libro "Remitencias" ofrécenos un legado único, 86 xoias en forma de poemas, e outras tantas fotografías que nos trasladan

ás antigas ribeiras do Miño, as verdadeiras paisaxes que un día foron vizosas e felices, e agora xacen asulagadas polo barro e a destrución. En vez de chorar, debemos deixarnos guiar pola man fiel de Xosé Lois, que nos acompaña na viaxe por estas terras que só viven na memoria. E da súa man, e da do seu pai que o levaba a pasear de neno

súa cámara, as casas que foron de Pincelo, "nación non resucitada"; a casa "con horta, fonte e poza" de San Paio "por onde pasei de neno no coche do Vide/cando o Miño ía lento coa nosa canseira/ e as casa eran brancas como melindres"; o que queda do pazo de Manuel de Prado, "señor e fidalgo de Mourulle", e as ruínas da igrexa e do seu cemiterio; a tristura da capela de Santa Odilia en Portomeñe; o muíño da Viña; "as moas sen muiñada" de Ribó; o muíño da Pereira; o forno sen pan de Santa Marta. Camiños que aínda alentan na memoria dos derradeiros pasos que a auga fixou na memoria do lodo. Xosé Lois, poeta clexíaco, como destacou Alonso Montero, berra en salucos diante destas ruínas: "Non é Guernika, nin Hiroshima nin Nagasaki/ é Seixón respirando a súa dispersión", "Estas ruínas [as da Hermidá] non son as da Capadocia/ son estertor silencio que roe Galiza". Este be-



Á esquerda, Xosé Lois García firma exemplares do seu último libro, titulado "Remitencias". Arriba, numeroso público asistiu á presentación da obra do poeta chantadino, nun evento amenizado polo grupo musical Os Parentes de Sober. EC.

polas ribeiras, somos capaces de escoitar as mensaxes do silencio destas ruínas, sen chorar para non perder detalle das vistas, pero co corazón asulagado pola tristura dun mundo que prefire a metálica cor dos cartos á irrisada tonalidade das hortas e da ledicia. Vemos con Xosé Lois, e por obra e gracia da súa poesía e da

ro poético denuncia o engano e o roubo da codicia do encoro, e de aí se levanta a memoria, orgullosa como Castro Candaz, "pirámide guarecida pola auga", e defensora "da xente que ergue a pedra". Nostálgica e reivindicativa, a enerxía poética de Xosé Lois lémbra-nos que "nunca seremos pacientes co que perdemos".*

REGRESO do meu exilio de cincuenta anos,
paso pola Rega, Altamira e Viñas Vellas
e vexo a meu carón a Porto resucitado,
exhibindo no tempo as nosas carencias
en todo o que aínda non podreceu.
Porto, o da barca ida atravesándome
no que impacta nos berros desoídos.
Porto reaparecido, esquelético e frío,
revive convivios na soidade aterecida.
Longa sombra a da esfínxe repetíndose
en lentos e confusos sons desmedidos
cando o albor confirma brillo etéreo.
Porto resucitando memoria do que un é
en pregarías dun onte fecundando lapas.



4. A peito descuberto. Análise e edición da obra poética de Fiz Vergara Vilariño de Yago Rodríguez

PRÓLOGO DE IRENE VERGARA VILARIÑO

Fai tempo, cando Yago me propuxo escribir estas liñas, abrangáronme as dúbidas, quería pero non sabía se era realmente a persoa axeitada para facelo. Pero, despois de todo o traballo feito por el e todas as horas empregadas para conservar a memoria de noso irmán, ¿como ía dicir que non?

Lémbrome agora de cando Yago empezou a contactar con nós. Daquelas eu tiña as miñas reticencias, como nos pasa a todos cando non coñecemos a alguén, pero enseguida me dei conta de que é unha gran persoa, e tiven o sentimento de que ía facer un gran traballo. E así foi. Comezamos proporcionándolle información pouco a pouco, mantendo largas conversas que decotío tiñan lugar en Santalla, porque necesitaba saber o que Fiz lía, como escribía, a música que escoitaba... En definitiva, empaparse do seu entorno para construír, así, un libro minucioso como o que tedes nas vosas mans. Un relato no que se coida ata o mínimo detalle porque, como poderedes comprobar, penso que non escribiu unha soa liña que non estivera debidamente documentada e contrastada unha ou varias veces. Grazas a este proxecto seu recuperamos cousas que considerabamos perdidas: “O conto da castaña Muxica”, un poema dedicado ó Incio e outras moitas pezas que non sabiamos nin da súa existencia. Así que grazas, Yago. Grazas polo gran interese que tiñas por facer un estudo da vida e obra de Fiz, polo moito que traballaches e polo ben que o soubeches facer.

Neste libro faise lembranza tamén daquelas persoas que foron importantes na vida de Fiz. Eu sempre digo, e non me canso de repetilo, que, sen dúbida, foi fundamental a figura do noso pai. O feito de nacer e vivir polos anos sesenta en Lúzara, aínda que tiña as súas vantaxes, estaba cargado de inconvenientes. O illamento real do resto do mundo, como diría Fiz, limitábate á hora de acceder ás grandes esferas da educación e cultura, e se encima tiñas unha minusvalía física, como era o caso, pois todo se acentuaba máis. Ter que saír da casa nun cabalo para ir coller o coche de liña e unha morea de cousas máis que non vou nomear, porque hoxe, neste mundo globalizado no que nos tocou vivir, resultan moi difíciles de comprender.

Así que, grazas ó esforzo dos nosos pais, puido ir estudar fóra, o que foi vital para contactar con xente que o axudou moito.

Non vou nomear a ningún, ademais xa queda ben patente no libro, pero o labor dos profesores e amigos



Yago Rodríguez Yáñez (Lugo, 8-12-1980) é Licenciado con Grao en Filoloxía Hispánica e Premio Extraordinario de Licenciatura, así como Doutor dende os 25 anos cunha Tese sobre John Keats, coa que obtivo a cualificación de Sobresaliente *cum laude* por unanimidade, o Premio Extraordinario de Doutoramento e a acreditación de Doutor Europeo. No ano 2002 defendeu a Memoria de Licenciatura titulada *El Alma en el verso: «Ode on a Grecian Urn» y la obra de John Keats*. Realizou estadias de investigación na *British Library* e na *Senate House Library* (Londres), entre outros centros. Actualmente desempeña a función de profesor no CPI Monte Caxado (As Pontes de García Rodríguez, A Coruña).

Presentou numerosos escritos tanto de Literatura coma de Lingüística, ó tempo que practica a investigación e a creación literarias. Publicou versos en distintas revistas e recibiu no ano 2007 o primeiro premio de poesía correspondente ó V Certame Lucus Augusti.

Autor de gran número de ensaios en galego, castelán, francés e inglés, posúe traballos en torno a John Keats e a poesía romántica inglesa en xeral, Dario Xohán Cabana, Miguel Hernández, Tirso de Molina, Miguel de Cervantes, Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán.

Pronunciou comunicacións e conferencias sobre o século XIX, como as tituladas «Sense, Meaning and Influences in John Keats's 'To Autumn'» (Northampton, 2005), «Algunos influjos de John Keats y de la poesía romántica inglesa en la lírica hispánica» (Santiago de Compostela, 2006), «John Keats: las grandes odas o el Romanticismo inglés» (Cidade Real, 2008), «For a Bird's Flight: A Comparative Study of the Nightingale in Coleridge's, Wordsworth's and Keats's Works» (Cannington, 2008), durante *The Coleridge Summer Conference*, ou «Emilia Pardo Bazán et la culture galicienne» (Pau, 2010).

Publicou os libros *Helena Villar Janeiro na escola. A visión comprometida dunha escritora multifacética* (2006), *La propuesta lírica de John Keats. Belleza y verdad: Interpretación, antecedentes e influencias de las «Great Odes»* (2006), *Emilia Pardo Bazán e a poesía romántica. Estudo, selección e edición da súa produción lírica* (2010) e o poemario *Déixame encorar...* (2011).

Co profesor, investigador e amigo Luís Calvo deu a coñecer igualmente os libros *Conversas con Dario Xohán Cabana. Vida e escrita* (2007), *A Voz e o Silencio. Bibliografía e estudo en torno a Dario Xohán Cabana* (2007) e *A festa máis fermosa do outono galaico (Os escritores falan do San Froilán)* (2009).

que foi facendo ó longo da súa andaina, primeiro en Sarria e logo en Lugo, foi fundamental para que Fiz escribira, e grazas a iso conseguiu grandes recoñecementos e satisfaccións que lle fixeron máis levadeira a súa curta pero ó mesmo tempo atormentada vida.

Eu, que era a pequena da casa (Fiz levábame dez anos), admirábo en todos os sentidos, porque era como un libro aberto, que todo o sabía. Recordo que sempre trataba de explicarme calquera tema que se tratase nas comidas ou xuntanzas, el dábame a súa versión, á que eu lle facía moito caso, aínda que a maioría das veces fora discrepante coa dos demais. Para min el sempre tiña a razón porque, como o vía ler tanto, botaba de conta que sabía máis que os outros. Sempre intentaba inculcarme ese afán que tiña el por saber e o interese pola lectura recomendándome libros; o primeiro que recorde foi Memorias dun neno labrego, unha obra que, aínda que me causou gran impresión, os nenos da aldea entendiamos moi ben.

Débolle moito a Fiz. Aló polo ano 72 (tiña eu once anos) foi Manuel María a Santalla por primeira vez e agasalloume co seu libro Os soños na gaiola dedicado por el. Eu non cabía en min da ledicia que me produciu, mesmo me parecía un soño. Así que grazas a el tivemos a oportunidade de coñecer a moita xente boa e xenerosa á que quixemos e queremos de corazón. Persoas que sabían apreciar a esencia de Lóuzara, que naquelas épocas era unha zona moi esquecida e marxinal, e non dubidaban en recorrer aqueles abruptos camiños con tal de facerlle compañía unha tarde de frío inverno. Por iso teño que poñer aquí o que lin nunha carta que me chamou poderosamente a atención, porque coincide co que pensaba Fiz e o que pensamos os que lle queremos ó sitio onde nacemos: «Lóuzara escondida entre montañas, protexida do mundo e dos seus males, lugar para escollidos que saben apreciar os seus valores». Sen dúbida, que a xente que rodeou a Fiz eran eses «escollidos» e souberon tamén apreciar os seus valores, cousa da que nós, e falo en nome de toda a familia, estamos inmensamente agradecidos.

Todos nós tratamos, como non podía ser doutro xeito, de axudalo o mellor que puidemos ou soubemos. A mamá facéndolle sempre a comida que máis lle gustaba e moitos doces, pois Fiz era moi larpeiro; Imelda e Antonio acolléndoo na súa casa en Sarria e mimándoo a máis non poder; ¿e que vou dicir das sobriñas? Alba e María, ás que el quería con loucura e elas tamén lle demostraban o mesmo cariño. Pero, con todo isto, penso que Fiz, coa súa valentía e gran forza de vontade, nos aportou a nós moito máis do que nós lle demos. Hai débedas que non se poden pagar... **IRENE VERGARA VILARIÑO**



Con este traballo pretendemos amosar a produción lírica dun autor imprescindible tanto no ámbito galego coma na creación poética universal. Partindo da febleza física máis absoluta, Fiz Vergara Vilariño acada nos seus versos a consecución do ideal estético por excelencia, representado polos conceptos keatsianos de verdade e beleza.

Toda a atmosfera de Galicia adquire unha auréola real e maravillosa ó tempo na que destaca con luz propia Allasant de Arazoul, anagrama de Santalla de Lóuzara, marco dende o que agroman nunha linguaxe fermosísima os problemas da terra e os sentimentos. O autor reflicte a estampa dun caba-

leiro á deriva eternamente namorado que agarda no muíño familiar –o seu particular castelo a aparición dunha dama da que pouco importa que descoñezamos o seu nome. Esta orfandade amorosa permitirá que Fiz transmita talvez a poesía máis sincera da literatura galega a causa do sufrimento que houbo de soportar, o que pode traducirse na imaxe dun xílgaro ceibe que anxeia percorrer un mundo sen fronteiras na compañía dos seus irmaos. Xuntos, «ergeremos un facho de luz / e a vida será moi fermosa».

O escritor louzariño constitúe un sublime cantor da paisaxe, na que aniñan criaturas tan desprotexidas coma os sapos, cos cales se identifica a causa do seu infortunado destino, mais sempre permanecerán os nenos coma sinónimos de esperanza e a ledicia dos grilos. Neste ambiente a angustia da vida fai acto de presenza a través da morte e da soidade, entidades ás que o escritor contrapón o amor cotián «a todas as razas / e a todas as cores». A revolución aférrase ós sorrisos que unha pastora reparte sen pausa no incerto camiñar das xentes, así como a existencia semella continuar escoando «a forza de amármonos tanto». Daquela a Fonte da Cova e o río Lóuzara anainarán por sempre o repouso dun poeta irrepitible que viviu, sufriu e amou en terra adentro.

YAGO RODRÍGUEZ YÁÑEZ

5. *TEBRAS* DE ANXO LAMAS

Comezamos o ano presentando o poemario de Anxo Lamas. Un libro máxico pola palabra e as cores coas que foron labrados estes versos. Anxo é un gran humanista, que na liña da poesía chairega promociona coas artes as criaturas máis sinxelas que conviven con el.

A primeira presentación foi no seu berce, en Castro de Rei, como festa das e dos nenos na Cabalgata de Reis. O poeta estivo arroupado polos seus veciños, dende o alcalde, ata representantes de todos os colectivos do concello.

Despois, na primavera, fixemos parada na Librería de Sargadelos, e na Festa das Nosas Letras, o recoñecemento foi en Castro de Ribeiras de Lea.



TEBRAS de ANXO LAMAS

por Mero Iglesias

Presentar un libro, nos tempos que corren é un acto de carraxe, de valentía inusitada. Atraverse a sacar e presentar un libro en galego, e de poesía, é unha heroicidade increíble. Porque a poesía é aquela arma que libera, xustamente, de todas estas cousas (presións, axustes, roubos e desmantelamentos cos que nos obsequian cada día e que nos oprimen hoxe coa única garantía de que nos opriman tamén no futuro, e non só a nós senón tamén aos nosos descendentes). Chámanlle eufemisticamente “recortes” e fano nesa lingua deturpada da mentira, da impostación.

Pero a poesía é outra cousa e volve, pois, a facer posible a comunicación dos sentimentos, é unha terapia para rexurdir de novo, para erguer a cada intre das batallas perdidas diariamente, mesmo das cinzas nas que ardemos en cada minuto, en cada segundo, en cada alento e desalento. A poesía, se é veraz e se por riba é boa, quero dicir: se por riba é unha poesía limpa, unha poesía escrita co corazón e transportada ao cerebro para ser ditada e para que logo a man –nun acto reflexo- escriba ou

debuxa os elementos precisos para comunicar, para atardecer as cores, para iluminar os lenzos, para crear fantasías, para debullar espazos, para destecer os tempos, ...Entón iso é unha regalía, algo indescribable que toca ou se aproxima ao divino.

Pois hoxe, esta é a regalía. Estadades diante un libro que quizais eu fose un dos primeiros en ler. Lembro aínda o día que fomos Alfonso Blanco e mais eu á casa de Anxo Lamas para estar con el, para compartir a súa arte plástica, feita táboas de esperanza, pinturas sobre o vento, tallas nos baleiros dos horizontes enormes da Nosa Terra Chá Inmensa. Alí chegamos para requerilo en poesía, en versos feitos pouco a pouco, trezados nas lembranzas que nos fan seres humanos e nos humanizan, e nos fan sensibles, fannos sentir vivos coa cobiza de desexar un mundo mellor e máis de todas e todos. As lembranzas son semente de futuro e de esperanza, son a canle que nos leve deica os aconteceres presentes, consecutivos que formen futuro. Non hai outra, ou camiñar ou esquecer. Accedeu a darnos aqueles seus poemas, augas das súas sedes. Limos neles e démonos conta do valor que tiñan e do moi entrañables que eran.

...Eran aqueles poemas, os poemas lidos entón e que hoxe tedes en libro, que el chamou *TEBRAS*

e que el mesmo pintou e debuxou, nunha extensión pictórica que se complementa.

Púxolle TEBRAS, de título, porque ás veces sucede que as lembranzas se agachan en neboeiros ou en tebras, si, segundo sexan os acordos. Tedes diante de vós un libro, de poesía, en galego, feito co corazón e coa alma, feito coa nobreza dun home enteiro e cabal, dun artista, dun home feito polo pincel dos pigmentos, polo cicel da dor. E eses son os parámetros necesarios para poder, para saber, para entender e comprender o mundo, para poder ter creto e propiedade no que se di, no que se fala, no que se escribe. Ninguén que non se doia poderá falar da dor, nin do amor, nin da beleza, nin sequera será quen de seducir e hipnotizar, de espertar entusiasmos e moito menos de chegar a ter creto ou dar credibilidade.

Porque as artes e, en concreto, a poesía non se pode improvisar, nin crear repentinamente.

Non, a poesía require madurar con moita prudencia, cada son, cada verba, cada pausa, cada volta e revolta, cada estrutura, cada verso, e os versos entre si, e as estrofas, ...ata chegar a un corpo enteiro de recendos que se confabula con intuicións, co corazón e o sentimento. Aí entran as palabras a dicir, a contar, a relatar aquilo que queremos, o moito que quixemos, aquilo que xa non temos, aquilo que se agacha na nostalxia, nas soidades do vivir, ...polos eidos do relembro.

Unha vez que sabemos como é esa máquina biolóxica que nos permite pensar, materializar o consumo máis ou menos casual das palabras e do pasado que nos afectou, xuntamos as lembranzas que máis nos influíron, pasando pola aprendizaxe do seu uso e abuso, é cando estamos en disposición de aventurar unha historia evolutiva dos pálpitos chegados desde o corazón ao sistema nervioso, que traduce en signos aquilo todo, dunha diferente forma, sentimos. Son a escusa necesaria da comunicación, e serven para expresar, para falar. Xorden da necesidade de dicir e de contar. Proceden das neuronas que son incapaces de calar e de gardar o secreto. Son as células impacientes da xenética do gusto, da empatía, dos soños, da música e a beleza, do pracer, da arte toda, dos mitos que fiamos con casos concretos que nos axudan a comprender o funcionamento da nosa propia mente, para que posteriormente sexan compartidos e comprendidos. Algo que é moito de agradecer polos que tivemos a sorte de ler neles. Anxo Lamas non trata de impresionar con erudición, máis ben trata de contar con verbas –sinxelas, en sinxelos trazos– da nosa orixe, con verbas da Nosa Terra Chá, única referencia, en xeito ameno e rigoroso, para descifrar a paisaxe íntima, a pasaxe cómplice dos aconteceres. Non é nada doado, supón abrirse aos demais, amosarse a un mesmo, espirse diante todas as olladas.

Por iso, cando leades este libro tede tamén a prudencia de buscar o seu momento, un momento axeitado: cando esteades relaxados, sen présas, no sosego. Agardade a abrillo lentamente, coma nun acto litúrxico, para disfrute de nós e en nós das súas verbas, de cada unha das súas espléndidas expresións. Lédeo en voz alta pero para dentro, para que resoe nas paredes das entrañas e sintades, como me pasou a min, un eco que se volve a nós para ser remoído plenamente, en cada xiro, en cada verso.

Nese acto litúrxico que rodea a lectura da poesía, a mente xoga un papel prioritario de actividade plena, pois recibe, cocifia e envía ao corazón as sensacións percibidas, divulgando estruturas rítmicas, cargadas de sonoridade e beleza. Veñen cos contidos cheos de tons cercanos e de proximidades dos textos que nos evocan espazos, veñen da man dos temas que flúen como en conversa natural que non se perde en tecnicismos, e chegan á profundidade debida dos máis fondos sentimentos. É un libro para degustar para abondar nos grandes descubrimentos e misterios aínda ser resolver do funcionamento íntimo das persoas, onde esvaecen as mágoas e erguen poderosas as ilusións para adormentalas ou reducilas, para poder seguir, camiñando entre metáforas da cor sen perspectivas.

Mero.



6. Guiero nº 15: AVELINO POUSA ANTELO

nº 15
2013
GUIEROS



**AVELINO
POUSA
ANTELO**

O PATRIARCA DA TRIBO DE PARDIÑAS

O 20 de agosto deixounos Avelino Pousa Antelo, a enfermidade xa lle impedira asistir ó último festival..., pero a súa enerxía fíxose notar, seguía e segue aquí, no ceo estrelado de Pardiñas, a súa luz non esmorece e sentímolo entre nós... Esta experiencia alumeadora só se manifesta cando vivimos en común e estamos a construír pobo, coma neste festival... No medio de tanta mocidade, nenas e nenos, Avelino é un sinal inmorrente dende sempre, cando nos falaba de Castelao, das súas iniciativas para mellorar o noso agro, dos seus soños dunha Galiza cada día máis libre, pasado e futuro na loita do presente.

Cando deambulábamnos con él polas carballeiras de Pardiñas estábamos a compartir a historia do noso pobo con toda a atención e paixón, buscando os alicerces da nosa construción coma pobo.

Avelino converteu Pardiñas na oportunidade de sentirmos pobo de seu. El era o guieiro que necesitábamnos para facer camiño á par, sen opresións nin manipulacións. Ollabamos para el coma o patriarca que acubilla toda a nosa comunidade de homes e mulleres entregados á cultura do país cada edición de Pardiñas.

Sen a súa presenza física fica o seu alento, a súa forza, o seu caxato..., que nos sostén e fai medrar nestas arelas. Heitor Picallo nesta portada do Guieiro nº 15 que vén de publicar Xermolos transmitenos a este sementador de soños, buscador de estrelas.

Arredor do patriarca Avelino foi medrando a tribo de Pardiñas. Os festivais inzan arredor de tribos: en Australia, en Yakota-EUA..., nos que cada étnia achega as súas mellores artes dende a cultura de seu, as raíces... Xa noutros festivais máis modernos o pulo vén de tribos urbanas...

A tribo de Pardiñas é coma unha desas tribos que constrúen pobo, como na antiga Palestina, para transmitir as esencias dos antepasados, dos bos e xenerosos, desa Alba de Goria que non fai máis ca incrementar o caudal inxente da familia das e dos amigos do festival. Con tanta nobreza e fidelidade, a presenza do patriarca Avelino non fai máis ca medrar

Ninguén mellor que David Otero para expresarnos as andaduras de Avelino ó Festival de Pardiñas, ó que acompañou todos os anos. E recolleamos aquí varios parágrafos do seu traballo no Guieiro nº 15 dedicado a él.

AS FOTOS DE AVELINO NO SEU DERRADEIRO FESTIVAL DE PARDIÑAS (2011),
FEITAS POR RAÚL RÍO E XOSÉ A. ARIAS.

AVELINO POUSA, LUCHO DO PETO, EN PARDIÑAS por David Otero

E así polos días primos de agosto indo dos Verxeis de Teo a Guitiriz por asistir ao Festival de Pardiñas. Así ano a ano (que comezamos indo da man de Santiago Gustavo Valencia) facíamos paro en Teixeira para tomar café (o Abella con madalenas).

O Lucho recordábanos a súa andaina logo da guerra incivil. Andaina como indo por xalundes,





sen moito norte, desorientado (referido aos irmáns galeguistas). A cousa non empastaba naquela situación de medo e terror. De todas as maneiras, advertíanos, que o seu xeito de loita sempre levou con el a esperanza. Moi a pesar dos proxectos fracasados (el era un vencido). El foise, afastouse canto puido, dos denunciante de conciencias.

- Gozando de boa saúde...estiven ferido...

Pois claro Luchiño, claro... Ningún desastre deles podería destruírte.

- Para min o galeguismo significaba a extensión dos campos da

fraternidade entre os pobos...

Pois claro Luchiño...claro...

E indo cara a Guitiriz para logo buscar lugar onde aparcas para disfrutar do Festival de Pardiñas, Lucho recordaba o seu tempo na Escola de Barreiros e ao seu alumno predilecto, Valentín Arias. Tamén a Asunción (da cal nós sabemos e probámolo que facía un pan ben rico, **pois en Lugo cos afectos e con pan xa se vive e hainos os dous**).



Velaí o seu pensar de mestre galego normalizado:

- Para min a formación docente toma o sentido dun proceso permanente que vai contigo e desenvólvese toda a vida – dicía- El como o ensino non vai ser galego, en galego...? Como se fundamenta o sentimento de pertenza e a diferenciación?

O Lucho en Barreiros fixo realidade a proposta de compartir os proxectos de aprendizaxe cos seus alumnos. A historia obrigáballe a actuar en presente. Referenciouse na dinámica da memoria colectiva e en especial, fundamental, a galega. Sempre estivo en permanente anovación. Iso gratificábo e realizábo. Soubo que facer coas súas experiencias.

O Lucho nunca olvidou o aquel de que:

- O traballo a pé de obra... iguálanos bastante e así outorga xenerosamente autoridade nun ambiente estimulante... de contino e que tanto me gustaba disfrutar.

De aí a realidade da Escola de Barreiros como referente pedagóxico galego en Galicia. No lugar esencial. O Rural Escola da aldea..., na aldea. E así ben o dito de:

“En cada roca seu fuso e en cada lugar seu uso...”.

Todos os pobos teñen os seus andares.

V

(E para facer man xenerosa de cinco dedos universais seguimos con este número cinco e así seguimos tamén en Pardiñas)

Posto o Lucho na mesa á sombra e cun mención ao cerca, facendo boca cun anaco de empanada



(que ben lle sabía!), na palabra compartida, logo de ir dar volta aos postos (moi en especial o dos Xermolos) e tamén aos lugares dos instrumentos nacionais, de artesanía, dos obradoiros (onde ao ritmo do tocar de Raúl, o gaiteiro Nubeiro, Avelino buscaba sempre ao Valdi), pois logo diso xunto con Neira Vilas, Abella, Xosé Lois García, Manuel María, Mini e Mero, Saleta, Marica, Pillado, Alfonso Torrado, Bernardo Cendán, Sabela Arias, Pintor, Paco Martín, Manolo Caamaño, e tantas e tantos outros, así na diversidade dos tempos e dos anos polos que foi desfrutando, Avelino defendía o noso agardar soberano en Gali-

cia, Pobo do Galego, esa esperanza nacional, pero andando (tal como Alexandre Bóveda).

- Agardar ...andando...-proclamaba Alexandre (Xandro)

Si..., agardando andando para construírmos comprensivamente unha verdadeira humanización deste noso Pobo e así sentirmos a Galicia determinada en si, na súa identidade indiscutible e na lexítima soberanía e vivindo a súa vida na normalidade nacional. Tamén pois a Galicia que soñamos e non a que padecemos.

- Si... por moitas voltas e reviravoltas que lle dean..., -afirmaba- pois nós sabendo dos perigos e dificultades, mesmo das traicións, non nos mareamos e así sereos sempre..., teremos as cousas claras..., as ideas firmes..., claro...

Na hora do café, logo do xantar ben dispensado xenerosamente polos de Xermolos, na tertulia, cando doutro café máis e un algo de licor café, o Lucho tomaba a palabra e xa nos tempos de arestora e con tristeza, nunca desilusionado, máis inconformista cá nunca, falaba das intencións devastadoras dos do goberno en Galicia e así definíao todo en conxunto como un intento claro de dinamitación do que somos.

- O camiño perfecto tamén ten sombras...- advertía e permitíuse un pequeno silencio para dicir que a cousa dependía un algo das causas.

Velaí esa agresión pensada, dicía, que nos debe colocar a pé de loita en plena responsabilidade polo que somos. Isto, continuaba a dicir, conleva unha necesidade (obrigada) da presenza en nós dunha verdadeira ética da tribu e colectiva popular que recupere a certeza do que podemos para acoutar as intencións de nos sacar o que é noso.

- Queren expulsarnos de nós mesmos...! – exclamaba.

E o Mero rogáballe con outro café e el non dicía non.

Desta maneira e na compañía de nós os da tribu seguimos polos ires do noso pobo. Tecíamos e destecíamos para dar un paso adiante e outro máis (co permiso de X. M^a Díaz Castro). Un paso adiante ha ser posible e sempre, pois moitas son as manipulacións e como forzan a nosa realidade que case semella irreconocible.

- Que chos hai ben modernotes que nos miran como bichos raros e mesmamente no barco deles, no seu ir sen moito rumbo, póñennos no caderno de a bordo como polizóns. E eles, os modernotes, feitos capitáns.

Vaites...vaites...Capitáns de que...?



Pois de recoñecernos, eles e os demais de alá (e tamén algúns de por non lonxe) abríanselle xenerosamente as percepcións amplas do mundo. Da diversidade.

- Coidado con certos “ hooligans” que nós, as galegas e os galegos, non somos os parapetos de ninguén.

E preguntaba:

- Para cando...- preguntaba o Lucho – para cando responsabilidade e intelixencia...?

Ben se sabe que se os remendos doen...a queima total...mata.

- Pois o paraíso, para os poderosos, está aquí mesmo...para os pobres...nun hipotético futuro logo da morte...En vida....-avisaba o Lucho.

E había que subir ao palco para entregar os premios Xermolos de Literatura e Pintura.

- Vamos alá...-dixo Avelino- Que Alfonsoponse nervioso...

E así no percorrer da entrega dos Premios deste ano véspera do que será de X.Mª Díaz Castro, premios a tantas mozas e mozos deste noso pobo ben podemos botarlle un pensar que se cristalice nun recordo sinxelo da nosa tribu, tan irmandiña, para a Avelino. Un recordo que debese provocar un pensar no tempo para todos os tempos que nos agardan (un deles de máis de cerca o día do seu cabodano o vinte de agosto deste ano). Un recordo comunal compartido como comuñón a latexares de corazóns nas especies de memoria e vida. Un recordo colocado na esencia da amizade fonda a recendos de pavías e de marmelos da horta da casa dos Verxeis. Un recordo gustoso tal como dar conta e padal dunha filloa ben feita por febreiro de entroido en Teo. Nada de incienso. Amor fraternal e irmandiño, pois canto máis abrazamos os recordos, máis abrazamos a Avelino e máis nos afirmamos no camiño que unhas e outros imos potenciando desde os pasos irreversibles da nosa tribu. E non pederemos as esperanzas de cada vez facer máis casa de nós. Non son simples ensoñacións e si verdadeiras responsabilidades.

- Volvamos ás raíces...atoparemos o sentido...-dicimos a unha voz- pois coas apariencias... afastámonos do principio.

E aí o refrán aquel de “palabra dada, palabra sagrada...” e que ven ao caso pois nós proclamámolo en alto en voces compartidas e sentidas. Lucho non ha ser un morto ao que ir ver por anos de vinte de agosto. Lucho, Don Avelino Pousa, ha ser para nós (a súa tribu) auténtica memoria viva. Un importante, bo e xeneroso, que nos axuda (estimula) a activarnos (un, pero dos de verdade). E isto que se di, como nos ensina Mero, isto...amigas e amigos... “ven de dentro”.

A tribu manda e con Avelino en nós queremos facer posibles os soños, si... e facelos neste noso Pobo do Galego onde afloresan ben vizosas e fogosas, a solidariedade, a xustiza e a aceptación das diferencias. O noso pobo non poderá nunca disolverse na indeferencia. Tampouco (e menos) na soidade. Basta de que nos neguen, basta de monólogos.



7. Presentación de *Polas Diversas Xeografías (Labirintos) da Lusofonía* de Xosé Lois García

No mesmo festival vai ver a luz este novo libro. O autor XOSE LOIS GARCÍA vao asinar na feira do libro os primeiros exemplares desta obra. Recollemos un anaco do prólogo de David Otero, e a portada do libro de Heitor Picallo.

“Para descubrir un algo máis o saber que en si mesmo conleva o concepto LUSOFONÍA. Concepto direi que tan cheo de interdisciplinidade e asemade cimentado no noso caso nunha maneira de entendermos, sermos e decirmos, o Pobo do Galego en futuro. Unha esperanza pois de inmellorable intuición que consolidar a certo se irmos construíndo a pé de obra. Man con man e na comprensión limpa de ser e de estar. Non poderá haber exclusións de pintar absurdo como de voltas e reviravoltas para estar sempre na mesma meada. Tampouco timideces, nin dúbidas, nin indicións, que fagan do discurso un nobelo amorfo e inoperante, vamos que non serva para as mans tecedoras e compoñedoras que queren construír desde a claridade e argumentar ao certo a explicación non gubernamental da historia. Non queremos voar na gaiola de ouro. Tampouco dar voltas na roda estando sempre no mesmo sitio. Hai que asumir a intencionalidade (obxectivos) que se pretenden e así desenvolver o proceso da forma axeitada. Proceso que integre e que non disperse. Non ha ser un verniz lixeiro que non se resista nin ao primeiro rasque”

(Prologo de David Otero)



Portada de Héitor Picallo

AGRADECIMENTO DE XERMOLOS Á ACADEMIA GALEGA

A Asociación Xermolos agradece ás académicas e académicos a elección de Xosé María Díaz Castro coma autor a festexar no 2014. A súa responsabilidade na decisión obríganos a tod@s, e máis á familia e amigos do poeta, a estar á altura que nos demanda o noso pobo. Imos traballar xuntas e xuntos... Non cremos na competitividade no eido das nosas letras, o máis rexeitable para Díaz Castro sinxelo e humilde, só orgulloso do herdo que lle deron... Fiz Vergara, Ricardo Carballo Calero e Filgueira Valverde son da casa de Xermolos, e sempre celebramos a súa memoria e urximos que lles dediquen o seu ano. Fiz foi o primeiro “*Chairego de Honra*” que nomeou Xermolos, publicamos un Guieiro dedicado á súa obra e no Festival de Pardiñas presentamos a investigación de Yago Rodríguez: *A peito descuberto. Análise e edición da obra poética de Fiz Vergara Vilariño*. O profesor Carballo Calero foi o que máis nos animou a ler e investigar sobre Díaz Castro. Foi o que fixo o prólogo do noso libro colectivo sobre Díaz Castro, e proxectamos publicar as súas achegas ó poeta, e Filgueira Valverde interesouse sempre polo noso labor.

O Ano Díaz Castro vai ser unha explosión de creatividade en todo o país, porque a súa mensaxe promociona a unha categoría estética o medio de cadaquén, todas as criaturas que conviven con nós. Gracias”.

O FESTIVAL DE PARDIÑAS: TRADICIÓN E MODERNIDADE

O Festival de Pardiñas naceu coma unha recuperación das romaxes galegas, nas que veciños, parentes e afervoados devotos dunha fonte ou paisaxe, saen ó encontro, con vagar, para disfrutar da amizade, as tradicións, as raíces... Cada romeir@ fai o seu camiño e vai saudando cada ano ós das outras comarcas, que sempre volven a este santuario da Nai Terra. A familia de Pardiñas foi medrando de tal xeito, que foi enxergando as iconas ou guieiros que terman do festival para que non se contamine. Segue fiel ó espírito do pobo, o que permite que as súas carballeiras cubran co seu amparo todo o campo da festa... Tanta nobreza crea unhas relacións rexas, e percíbese no ambiente a enerxía dos seus valedores: Manuel María, Díaz Castro, Anisia Miranda, Bernardo G. Cendán..., son a súa Alba de Groria. Non hai fases de sombra, todo é luz, noites eternas alumeadas que dan alento ás e ós festivaleiros.

En Pardiñas cadaquén sintese protagonista, porque para Xermolos, a asociación organizadora, son máis importantes os que bailan, soñan, cantan no campo e nas merendas, cos que suben ós escaerios. Fican na crenza que tod@s os que viñeron ó evento son artistas e non regatean esforzos para darlles posibilidades de compartir a beleza cos demais: o palco de espontáneos para grupos que se forman no transcurso dos días, paneis para colgar debuxos, postos de artesanía, a Casa das Artes para facer exposicións, e así inzan estas canles de creatividade e expresión espontánea entre o común que son berros contra a deturpación da lingua ou a paisaxe, e cantigas a prol da nosa identidade e singularidade coma pobo.

Cada festival ten o seu sobrenome ou chamadeiro, nesta “Feira e Festa da Música e da Arte”, nacen libros coma a Lusofonía de Xosé Lois García, videos sobre a desfeita do Casón... Pero é tal o compromiso co país, que a participación na festa esixe coñecer máis os segredos e tesouros das mulleres e homes que fan camiño cada festival, algúns xa coma lumeiradas relucentes na bóveda estrelada do templo da natureza. Os seus coordinadores escoitaron a demanda pola banda d@s festivaleiros de afondar máis na traxectoria do Patriarca Avelino Pousa Antelo e do Mestre da música tradicional Xosé Seivane que seguen deambulando cos máis novos, os seus seguidores apaixonados, polas paraxes de Pardiñas, e van presentar os seus guieiros. Pero non abonda con proclamar os milagres e virtudes destes bos e xenerosos, cada xornada ten o seu sermón, e Xermolos sempre busca oradores egregios, o sábado celebrando a nosa música con Pablo Quintana, e o domingo todas as artes e artesanías co escritor Vázquez Pintor.

Pardiñas ten os seus santos antepasados, pero tamén os seus ritos arredor do mantel compartido, dos alalaás e muiñeiras da Mostra de Instrumentos, as rodas solidarias, man con man, esixindo máis pulo á nosa fala e cultura. Pardiñas ten o seu calendario sentimental que mobiliza ó persoal, esta edición son as vésperas de festivaleiros senlleiros: o Ano Díaz Castro, os 10 anos nos que Manuel María segue alumeandonos coma o facho máis arrequecedor, tamén do centenario de Avelino Pousa...

A Asociación de Gaiteiros Galegos que está a cumprir 25 anos, anima ós festeiros a apuntarse a obradoiros para coñecer moito máis as esencias da música: palletas, a percusión das treboadas, os gaiteiros e tamborileir@s do Bierzo ou Asturias..., e coma colofón un clásico: Os Raparigos.

E como nas romaxes máis tradicionais, non van fallar as puxas, pois esta Asociación vai sortear máis de 30 instrumentos ou elementos da nosa música. Festa tan inxente ten a súa véspera, o venres, co teatro de Volta e Dálle, coas fantasías de *Menciñeiros” de Alvaro Cunqueiro e a música de Mini e Mero, videos musicais, e batukada...

E máis foliada, porque a teima é que os sons máis diversos embarguen ós máis fieis ata o delirio, dende os maitines do sábado co certame dos Cantos de Taberna polas “capelas” de Guitiriz, ata os percorridos ó ritmo de tambores de Bloquinho de Xermolos ou a Fanfarria Taquikardia, a música celta dos xaponeses Harmonica Creams ou a mestizaxe de Tara, Coanhadeira, Dios ke te crew, Os Minhotos, Susana Seivane, os Skarallaos, e para que este clima de éxtase non decaía oficiarán ata o amencer do luns disjokeis coma MR, Fishman aka Dr. Think, sen esquecer a dedicación @s nenos de Peter Punk e Gústame o galego.

Alfonso Blanco Torrado

2 de agosto de 2013

SERÇOS GALIZA

UN FESTIVAL FAMILIAR

O festival de Pardiñas foi gañando nestas 33 edicións varios cualificativos, un dos máis repetidos é o de familiar, non só porque ten espazos e tempos para todas as idades, e atopámonos con varias xeracións disfrutando cos seus ritmos distintos. Están a remarcar esa rede de sentimentos e emocións que o evento vai enxergando nas e nos festivaleiros. Son lazos que endexamais rachan, emporiso nas noites eternas alumeadas de Pardiñas brilla con máis forza a luz de Manuel María, Díaz Castro, Anisia Miranda, Vito López Felpe-to, Bernardo G. Cendán... As noites estreladas alóganse sen límites, sempre son mozas... Este festival non entende de parcelacións por idades, non marxina a literatura infantil a un coto só para os máis novos, porque tod@s disfrutamos deste xénero, coma os anos pasados ninguén perdeu a máxia do Home Orquestra e este de Peter Punk. Nesta urdime de afectos e querencias, o común foi recoñecendo con paixón homes e mulleres que seguen termando do festival como a súa Alba de Goria, e este ano vai honrar ó seu Patriarca Avelino Pousa Antelo que nos deixou ós 98 anos, e ó Mestre da música tradicional, Xosé Seivane, con máis de 90... É verdade que aínda segue tecendo e fiando os nosos sonhos, Pilar Losada, na Mostra de Artesanía con 106 anos, sen perder puntada de todo o que acontece arredor. Avelino "buscador de estrelas" segue aquí, dando azos á mocidade que loita pola dignidade do país. Sempre alongaba a sobremesa rodeado de xente nova que descubría nel a nosa historia. Seivane deambulaba polo festival arrincando música a cachón, á escoita de quen compartía con él camiño. Son testemuñas de que en Pardiñas é máis importante a xente que baila, canta, soña..., cos que suben ó escaerío. Seguen sendo valedores da súa dinámica: ofrecer un palco para grupos espontáneos de música, paneis para colgar debuxos, estands para difundir a artesanía de cadaquén. Xermolos fica na crenza de que quen vén ó festival é un ou unha artista, e as artes e a beleza inzan cando se comparten, e vai presentar os Guieiros de Seivane e Avelino, porque a mocidade necesita referencias exemplares para medrar no ben e no compromiso co pobo. Os dous patriarcas son dúas novas iconas no firmamento estrelado de Pardiñas, porque coma toda familia honra ós santos antepasados.

Alfonso Blanco (El Progreso, 23 de xullo de 2013)

PARDIÑAS LEMBRA AS VÍTIMAS DO ACCIDENTE DE TREN

Pola iniciativa dalgúns colaboradores de Xermolos e o Festival de Pardiñas avaliamos a posibilidade de suspender o Festival da vindeira fin de semana. Despois de valorar a situación, decidimos seguir adiante co proxecto, sentindo no noso corazón este accidente, pensamos que cómpre reforzar a nosa decisión de inzar en actividades positivas que xermolen luz, progreso, liberdade, creatividade, solidariedade..., nas que queremos que medre este festival.

Algunh@s só queren saber da xenerosidade de Galicia cando pasan traxedias destas, e esquecen que cada día a nosa xente está traballando solidariamente para poder sobrevivir como poboación rural, paisaxe, cultura, fala... As e os veciños de Angrois e demáis levan séculos dando mostras de ben, porque tanta grandeza non se improvisa nun segundo, e algo que levan atesourando. Pero as iniciativas positivas non convén difundilas nunha sociedade que xoga ó despiste, só as sabemos na intimidade de cada día. Non abonda con demonizar a ninguén, todos temos responsabilidades cotiás. En Xermolos que traballamos todos os días coa mocidade estamos cansos de que se nos denigre por situacións ailladas, e non se recoñeza a súa entrega a cotío como están a demostrar neste accidente.

Emporiso o Festival de Pardiñas volve abrir as súas portas, coa forza das e dos que viven para sempre na patria do amor. Creemos que eles están a urxir medios para que isto non volva acontecer.

Todos íamos nese tren, de feito algúns amigos de colaboradores de Xermolos: o gaitero Santi Barral, o irmán de Víctor, artesán que ten participado nas nosas mostras de instrumentos, Antonio, o amigo de Heitor Picallo, o ilustrador dos libros que presentamos neste festival, e máis... A familia de Pardiñas é moi longa. E algunhas e algún de nós fomos doar sangue a Lugo, porque todos somos un. Imos ter unha lembranza para todas e todos eles. Pero non queremos paralizarnos na tona do acontecido, nas anécdotas, queremos ir ó fondo do problema.

O tren convive con nós nas Terras de Parga e Guitiriz, somos veciños, e temos unha longa historia de reivindicacións de melloras deste transporte. Sabemos de moit@s mortos, antes de que escoitasen a necesidade de pór barreiras e atendelas debidamente nas dúas vilas. ¡Cantos anos reclamando a supresión de pasos a nivel!!

¡Queremos un tren axeitado á nosa xeografía e ás novas tecnoloxías, sobre todo un medio de cercanías que nos integre na sociedade e na paisaxe.

Xermolos rexeita o sensacionalismo adormecedor dos poderes ante desgrazas coma esta, e busca as raíces para evitar tanto sufrimento. Xa o proclamamos co Prestige, organizamos viaxes de voluntari@s para limpar a costa, pero seguimos reclamando medidas para afastar dos nosos mares tanto lixo...

Comunicado Asociación Xermolos

HOMENAXE A MONCHO VALCARCE

MONCHO VALCARCE, UN REFERENTE DE FUTURO PARA GALIZA

por Gumersindo Campaña Ferro

Pasaron vinte anos da morte de Moncho Valcarce (A Coruña, 1 de febreiro de 1993), e pasaron, tamén, trinta e cinco das grandes loitas labregas (As Encrobas, Baldaio, As Enchousas...). Loitas simbólicas do nacionalismo, na época da transición, das que Moncho acadou a categoría de símbolo. Fronte ao paso dos anos, non quedou amortizada a súa figura, nen esmoreceu a lembranza de Moncho Valcarce. Pola contra, está máis ben en alza. Porque -esta é a razón- hoxendía sabemos mellor quen era, realmente, Moncho Valcarce, e o coñecemento que temos del é, agora, moito máis completo. No achegamento á figura de Moncho, xa que logo, foi determinante o labor da "Irmandade", que leva o seu nome. Desde o obxectivo de perpetuar a memoria de Moncho Valcarce, o traballo desta asociación foi amplo en iniciativas, e persistente.


Podemos enmarcar a posta en valor da figura de Moncho, como enmarcada nun proceso cronolóxico. Chamémoslle visión diacrónica. A imaxe de Moncho Valcarce foi collendo máis forza, entre a xente de Galiza, co paso dos anos. Un pode pensar no escultor aquel, diante do bocexo informe, no coñecido debuxo de Castelao, completado coa súa propia lenda: "Non lle poñas chatas á obra ata que non remate". A frase vale ben para o da figura personal de Moncho Valcarce.

Quén era, pois, Moncho Valcarce? Primeiro foi o "Cura das Encrobas", coa súa inconfundible gorra, á fronte daquelas masivas manifestacións dos derradeiros 70 do pasado século. Loitas simbólicas do nacionalismo. Moncho, sen querer, foi o seu símbolo: "dei a cara porque era necesario". Onde se xogaba a dignidade ou os xustos dereitos da clase labrega, alí estaba el. Esta imaxe épico-heroica de Moncho pervive no imaxinario colectivo dos que viviron esa época da transición: "Heroe, na miña primeira xuventude, a túa voz abriu un camiño no mar...", escribe Pilar Pallarés. É o Moncho do compromiso político, como militante de esquerdas e nacionalista.

A imaxe de Moncho Valcarce ampliouse, cando descubrimos que o revolucionario era, ao mesmo tempo, un místico. Foi no ano 1994, pouco despois da súa morte, cando aparece publicado o seu libro *Revolucionario e Místico. Diario da doenza final*. Escrito desde a fe, o libro descúbrenos, en efecto, o carácter místico de Moncho. As súas páxinas son as dun "condenado a morte" que afronta esta situación límite cunha serenidade e aceptación que abraian, e que emocionaron a moitos. Este Moncho segue mantendo a súa coherencia e fidelidade até o fin. Desde estas alturas, podemos entender o do noso Manuel María, cando dí que Moncho é unha "figura de primeira orde da auténtica Historia de Galiza desta segunda metade do século XX".

Tras da lectura do *Diario íntimo*, xurde unha interrogante: Viveu Moncho o resto da vida coa mesma densidade humana? O propio Moncho dánola resposta.

Esta resposta atopámola nos manuscritos inéditos que el nos deixou. Moncho escribiu moito. Deses escritos, a súa familia entregou á "Irmandade" varios cadernos dun *Diario* que Moncho escribira na súa mocidade. Grazas a eles descubrimos




a Moncho na etapa xuvenil da súa vida: A vida bohemia e “divertida” do señorito de boa familia da Coruña, que aos 26 anos decide facerse cura e ingresar no Seminario. Parte importante do material escrito por Moncho proven de Vicente Cerdeiriña, o súa amigo máis próximo. Outra aportación foi a do manuscrito do *Diario de Exercicios Espirituais*, entregado pola familia de Eduardo-Wenceslao Martínez, bo amigo de Moncho en Culleredo- Corresponde á súa etapa de madurez. Recolle o Retiro que fixo en Pontedeume, e figura, sen dúbida, entre as mellores páxinas escritas por Moncho.

Con este material na man, a “Irmandade” acorda elaborar, xa, un libro completo sobre Moncho Valcarce. A proposta foi a de facer un libro de carácter científico e rigoroso, que non dera pé a ningunha sospeita por parte de ninguén. O libro co título de *Moncho Valcarce un símbolo para Galiza. Diarios inéditos e outros textos* foi promovido pola “Irmandade Moncho Valcarce” e coordinado polo escritor e teólogo Victorino Pérez Prieto. Saiu publicado o libro, no ano 2010.

Néstas, xa podemos ofrecer unha resposta á pregunta de: Quen era Moncho Valcarce? Para Ramón Muñiz e Xácome Santos, que estudan as “claves políticas” da persoa e praxe de Moncho Valcarce, como conclusión e resume do seu traballo, preséntano como: “Heroe e mártir, revolucionario e místico, compromiso e sacrificio, valentía e humildade, entrega e amor; todo isto era Moncho, a súa grandeza engrandeciu Galiza”.

Pola súa parte, Victorino Pérez Prieto, desde a outra dimensión do que foi Moncho, a dimensión de fe, a mística, define a Moncho deste xeito: “Moncho foi un cura, un militante político e un profeta. Unha realidade unitaria, unida harmónicamente nun só, non unha esquizofrenia dividida en tres. Pero esta harmonía está marcada claramente por un eixo que a vertebra toda: a súa fe, a súa experiencia relixiosa marcada pola vontade de seguimento de Xesús Cristo, o Liberador, a manifestación dun Deus comprometido cos seus fillos e con toda a creación”.


No libro referido, defínese a Moncho como “un símbolo para Galiza”: Sen dúbida, é, realmente, un símbolo. Moncho Valcarce foi un seguidor -o máis importante na Galiza- da Teoloxía da Liberación xurdida en Latinoamérica nos anos 70, a que fala dos pobres como “lugar teolóxico”. A actitude de Moncho Valcarce, místico, seguidor de Xesús de Nazaret o Cristo, e a súa praxe revolucionaria, convérteno nun símbolo de futuro ou referente para Galiza. Por iso podemos falar del, non só como un personaxe do pasado. Iso sería pouco. A figura de Moncho interpélanos como referente doutro mundo posible.



O 31 de agosto ten lugar nas Encrobas unha celebración de memoria de Moncho Valcarce, nos 20 anos do seu pasamento. A Irmandade Moncho Valcarce convoca ás e ós seguidores da súa loita a unha xornada de reivindicación dos seus obxectivos, da dignidade de Galiza, da liberación dos máis desfavorecidos de tanta ignominia...

A Irmandade convocou a todas e todos os que foron recoñecidos cos Premios pola Promoción da Terra, entre eles o noso Coordinador, Alfonso Blanco, no 1996, na foto.

A Irmandade suliñou naquela data:



PREMIO MONCHO VALCARCE, CATEGORÍA POLA PROMOCIÓN DA TERRA. ANO 1.996.

Alfonso como moitos galegos e fillo da emigración, da emigración de alén do mar. Pero tamén como moitos deles, coas súas raíces na Terra.

Fixo estudos no Seminario de Santiago e xa daquelas era un líder entre os seus compañeiros. Mais as autoridades eclesiásticas da época nunca gustaron dos liderazgos conflictivos. Isto provoca primeiro a súa expulsión -tendo que rematar a carreira en Salamanca- e por último a negativa da diócese para incorporalo como crego. Incorpórase pois coa total anuencia do Bispo de Mondoñedo-Ferrol, Araújo, a esta diócese e á parroquia de Guitiriz.

Hai unha serie de datos que definen a personalidade de Alfonso e que terán, e teñen, un fiel reflexo no seu traballo diario; o seu vencellamento coa realidade social antropolóxica de Galiza, singularmente da rural, e esa maneira de estar, de ser e de facer pobo.

E esas características e compromiso levarono a fundar xa hai mais de 20 anos a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz. Asociación que está a cumprir un traballo improbo a prol da defensa da nosa cultura.

Pero tamén é a alma do festival de Pardiñas que non só é un expoñente do folclore senón que logrou, con actos paralelos, amosar e dignificar moitas facetas da nosa cultura (artesanía, pintura, escultura, libros, etc.).

Asemade converteuse nunha cita obrigada para que os poetas do noso país –en especial os da Terra Chá- tiveran un foro para afondar nas inquiredanzas que vive Galiza.

Co seu traballo silandeiro fundou unha chea de grupos de música, impulsou os encontros de creadores na Terra Chá, está a matinar na escola de canteiros e a Universidade Popular da Terra Chá, en definitiva, é como din unhas estrofas do soneto que Manuel María lle dedicou no ano 1.992:

“Alfonso exerce o oficio máis fermoso.
o de darse de verdade ó semellante
dun xeito fraternal e xeneroso”.

Nestes intres, produto do seu compromiso co pobo, obtén a recompensa por parte do Bispo Gea Escolano; a súa destitución como coadxutor.

Agardemos que o apoio popular que está recibindo serva para evitar a saída de Alfonso de Guitiriz xa que a cultura galega necesita de homes como el, bos e xenerosos.

E por iso que a Irmandade Moncho Valcarce, co voso acordo, o de tódolos presentes, decidimos otorgar o Premio Moncho Valcarce correspondente ó ano 96 e na súa categoría “Pola Promoción da Terra” a Alfonso Blanco Torrado.

Irmandade Moncho Valcarce



“MONCHO, SEMPRE SEMPRE”

por Xosé Elías

Este ano cumprese o 20 Aniversario da morte de Moncho, coñecido popularmente coma o crego das Encrabas, na defensa dos labregos. A súa vida foi unha entrega contra as inxustizas, que sofreu e sofre o noso País.

Baldaio, Xove contra a nuclear, tractoradas, etc.

Pero do que quero falar é da súa persoa e da nosa amizade.

Nos anos 89/90 foi destinado coma crego e profesor de relixión a un Instituto das Pontes.

Eu estaba no Colectivo Ecoloxista Niño do Azor e na Mesa Pola Normalización Lingüística onde traballaba cuns amigos. El foise integrando no Grupo Ecoloxista e na Mesa. E así, foi medrando pouco a pouco a nosa amizade.

No Instituto as súas clases de relixión eran moi “especiais”. Unha vez traía a un animador cultural, outra a un sindicalista, outra chamoume a min para falar de Natureza.

Os rapaces queriano moito, e el tamén se deixaba querer.

Non así a dirección do instituto privado, xa que el rompíalles os moldes e trouxo aires novos.

E xa ó ano, foi para o instituto público que leva o seu nome e onde el se sentía moi a gusto, e máis libre.

Tamén tiña un programa na radio local.

Moncho fíxose axiña moi popular e moi querido. El sentiase moi contento no noso pobo e nosoutros con el.

Moncho era unha árbore que daba froito todo o ano.

Sempre solidario, garimoso e humilde.

Sempre pensando en axudar ós demais, sin esperar nada a cambio e así era feliz.

Tiña un carisma e un don especial, os seus ollos, o seu sorriso, a súa humildade e a súa maneira de falar, reflexaba unha tenrura e unha harmonía interior moi intensa.

A nosa amizade foise facendo cada vez máis forte e así fun aprendendo do Mestre da Xenerosidade e da entrega ós demais.

Logo veulle a enfermidade, que levou con moita dignidade.

A súa morte foi un golpe moi duro para min e para toda a xente que o quería.

Non nos foi doado asumir a súa morte e a súa dor, de non velo a cotío.

Pero Moncho sigue vivo no meu corazón e no dos bos e xenerosos.

Tamén deixou un camiño aberto de Dignidade ética e solidariedade, polo que debemos.



Manuel María, Pilar Pallarés e Xulio Valcarce na entrega do premio

Xosé Elías

MONCHO VALCARCE EN GUITIRIZ

Moncho pasou tempadas en Guitiriz coas súas irmás na casa do seu avó Manolo Vega Fernández, un dos promotores do novo Guitiriz, a comezos do século XX. Viña cos seus pais María Josefa Vega Ayala e Carlos Valcarcel, donos da Artística de A Coruña. Mesmo as súas irmás naceron en Guitiriz nas tempadas de verán. Naqueles anos a nosa vila convertérase nun lugar de acougo para moitas familias de A Coruña, Madrid..., mesmo Portugal.

Os dous edificios, o de Raio, Manuel Fernández Morales, e o de Vega, na foto, foron a punta de lanza dun dos estiróns urbanísticos de Guitiriz, nesa encrucillada que foi medrando entre a Rúa da Estación, o Campo da Feira e a estrada xeral de A Coruña-Madrid. Manolo Vega foi o que urxiu ó gobernador civil, Luis Espada que logo levaría o nome da rúa, a abrir a Rúa da Estación, pois daquela era un camiño con moitos problemas para o tránsito.

Pola súa personalidade e a súa capacidade de xestión foron converténdose en valedores das distintas corporacións municipais naquelas décadas. Mesmo concelleiros líderes daquela, coma o Rabilo de San Salvador urxiu nalgún pleno a recoñecer a trascendencia de Vega e Fernández no progreso de Guitiriz. Manuel Fernández sería un dos promotores da traída do fluído eléctrico á vila (1926)


Da relevancia destes persoeiros na vila é proba o feito de

que lles encomendaban a palabra no nome da veciñanza, así cando Manuel Fernández falo na inauguración da Casa Habanera, o grupo escolar construído polos emigrantes (6-IX-1924).

Moncho disfrutaba indo ó río dos Sete Muíños con pandillas de colegas tamén procedentes de A Coruña.

Nun tempo no que varias familias de A Coruña se

asentaron en Guitiriz, e ergueron as súas segundas vivendas. Un dos primeiros en adquirir terreos e solares na vila foi o pai de Manuel Fernández, coñecido coma "O Raio" polo seu carácter rexo, dono da ferretería de "Fernandez y Torres", xenro de Manolo Vega... O seu pai mercara terreos, ata nos Boedos, onde está agora a Granxa dos Condes, e vendeulle ó consogro, Manolo Vega, o solar para facer o seu chalet na Rúa da Estación. Os dous edificios estaban conectados por un camiño por detrás. Ambos foron benefactores de Guitiriz. Cando morreu Manolo Vega, o avó de Moncho, foi toda a corporación ó enterro (16-X-1924). Era o dono de Almacens Simeón "Nuevo Mundo".



Manuel Fernández e a súa casa (actual Gadís) na carretera xeral A Coruña - Madrid



Manolo Vega, avó de Moncho, e a súa casa na Rúa da Estación

UN ANO DE SEMENTEIRAS E RECOLLEITAS Á LUZ DE CADA ESTACIÓN

E fomos percibindo que arredor do nacemento dunha nova estación, Xermolos transfórmase e estoupa en actividade, sempre con máis enerxía, coma un regueiro de luz.

I.- SOLSTICIO DE VERAN: 21 de xuño

Permitide que principie este percorrido polo solsticio de verán, o 21 de xuño, porque nese día a luz brillou coma endexamais entre nós. Estabamos a vivir a tope os preparativos para presentar os actos do CENTENARIO DE DIAZ CASTRO, e dende fai máis dun ano, tiñamos escollido a Real Academia Galega para a súa presentación. Pouco a pouco foi medrando nalguén a sensación de que o 2014 podía ser un talismán para provocar a atención das académicas e académicos, e dedicarlle ó noso poeta a Festa das Letras. Alfonso tiña este convencemento porque cré na forza da Nai Terra, e na súa enerxía cando somos capaces de harmonizar a nosa vida coa Natureza. A Academia marcou o 21 de xuño para debater quén ia ser a escritora ou escritor escollido, Alfonso recoñeceu que era o día de máis luz do ano, e Díaz Castro é o poeta da luz contra as tebras. Sintonizaban todos os astros naquela data, toda unha lumeirada, para que os presaxios se cumprisen, e así foi. Alonso Montero, o Presidente da Academia, na rolda de prensa para informar da decisión referiuse a Xermolos: “Montero destacou tamén o volume que a Agrupación Cultural Xermolos publicou na homenaxe ó poeta pola recopilación de poemas “dispersos”.

1.- A FESTA DAS NOSAS LETRAS

Non é a primeira vez que Pardiñas, fervedoiro da nosa cultura dedica ó Día das Letras Galegas algún espazo na súa historia, así celebramos os 25 anos (1988) da súa institución (este ano son os 50), cunha exposición de traballos infantís que foran unha solpresa de creatividade.

E no ano seguinte houbo un Día dedicado a Díaz Castro en Barakaldo con proxección en Pardiñas

No 1989, a Asociación Rosalía de Castro de Barakaldo dedicou esta festa a Díaz Castro, porque querían homenaxear a un escritor vivo. Pero naqueles meses o noso poeta tivera unha recaída na súa saúde, ia recibir tal recoñecemento en Euskal Herría, e non foi posible a viaxe.

Entón a Asociación acordou con el a entrega o 6 de agosto, no X Festival de Pardiñas, ó que adoitaba asistir, pero tampouco foi posible. Raul Río, o Secretario da AC Rosalía de Castro, no nome do colectivo entregoulle a placa nas mans doutro poeta de Guitiriz, Antón Santamarina, pregoeiro naquel ano.

Unha edición con forte raigame euskalduna, pola participación de Oskorri e unha lembranza especial ó poeta Gabriel Aresti, cunha exposición fotográfica na Casa das Artes, coa presenza da súa viuva Meli. Naquel momento falou o poeta Manuel María amigo e coñecedor da obra de Aresti.

Pero este XXXIV festival xa é o máximo, é a proclamación ós catro ventos do Ano de Díaz Castro.

Xermolos ata tivo a experiencia de saber como vivía Díaz Castro un ano das Letras Galegas, 1986, dedicado a un dos seus mellores amigos, Iglesia Alvaríño. Naquel ano fixo un relatorio sobre a súa imaxe do poeta de Abadín, que foi convertido en escrita para a Revista Xermolos (nº 16), e ata fixemos un itinerario cultural á casa natal de Seivane.

Naquel acto interviron estas persoas:

Alfonso Blanco.- Na intimidade, pero cargada de calor facemos hoxe unha lembranza a Gabriel



Aresti, o poeta de Euskadi que finou hai uns anos. Aquí está con nosoutros a súa viúva -veu a propósito desde alá- e a Asociación Cultural vaille ofrecer unha homenaxe a Gabriel Aresti que está sempre vivo e presente na nosa memoria e no noso facer cultural todos os días. Como ben víchedes na revista que anda por aí polos postos e stands deste Festival. Gabriel Aresti, por exemplo, fixo varias traducións ao éuscaro de varias obras en galego. Por outra banda, colaborou moitísimo cos Centros Galegos, pero bueno aquí Manuel que foi amigo del, Manuel María, ten mais que dicir que min.

Por outra banda, está aquí o segredario da Asociación Cultural "Rosalía de Castro" de Barakaldo, Raul Rio que quere facerlle unha homenaxe ó noso poeta de Guitiriz, Xosé María Díaz Castro, que por razóns de enfermidade non está hoxe aquí. Acaba de chamar por teléfono, dicindo que está aquí entre nosoutros, e tamén vai facer a presentación dunha tradución ao éuscaro dun poemario de Manuel María chamado "Saturno",

Raul Río.- Este poema de Manuel María nun principio íase publicar na revista da Universidade do País Vasco, pero non se puido publicar, por motivos alleos a nosa vontade nesa revista. Entón collemos ese poema que lle mandara a un gran amigo meu e gran amigo do Manuel María, como é Xosé Andrés López González; un poeta nado nos Vilares a quen prologou tamén o Manuel María un libro que aínda non saíu, e que proximamente sairá tamén nesta colección Nimbos de poesía que edita a Asociación Cultural "Rosalía de Castro" en memoria do libro Nimbos de Xosé María Díaz Castro. Entón, como dicía, este poema collino eu e pensei en publicalo.

Trátase dun poema longo que expresa a realidade de Galiza e o sometemento voluntario dunha parte do seu pobo ao Estado Español, que son capaces de devorar os seus propios fillos, como fixo Saturno, antes ca opoñerse á opresión que nos leva ao suicidio colectivo e a indecisión que canta Díaz Castro en "Penélope".

Esta Asociación quixo respectar o idioma vasco facendo unha edición bilingüe, porque somos conscientes de que vivimos en Euskadi, para dar a coñecer a nosa literatura ao pobo vasco e solidarizarnos con esa lingua tamén oprimida, como é o éuscaro.

A tradución do poema a esa lingua fíxo a o poeta vasco Omar Nabarro, gran coñecedor do noso idioma e, ao igual que Aresti, da nosa literatura.

Alfonso Blanco.- Manuel María está aquí acompañado polo Delegado de Cultura, Don Xosé Clemente López Orozco, por membros das Asociacións de Barakaldo e de Xermolos, e sobre todo polos poetas da Terra Cha e algúns que son fillos adoptivos da Terra Cha como Felipe Senén, Francisco Carballo, Manuel Rodríguez López, etc, etc.

Manuel María.- Empezando por Miguel Anxo Fernan Bello, seguindo polo Darío e lembrando tamén aos ausentes e dun xeito moi especial a nosa gran poeta que é Margarita Ledo Andión. Por outra banda, compre un recordo ao maior de todos nós, ó mestre que nos marcou moitos camiños, moitas rotas e moitas esperanzas como foi Xosé María Díaz Castro que un bon día foise a Madrid a aprender todos os idiomas de Europa, tamén o éuscaro entre eles, que hoxe non está presente entre nós por motivos desgraciados e que todos nós coñecemos perfectamente. Díaz Castro, un home tan humilde, un poeta tan auténtico, o autor dun solo libro que para facelo tivo que renunciar a moitas palabras inútiles, facer realmente un gran exercicio de humildade e de silencio, non está entre nós, sen embargo está con nós. Eu falei con el por teléfono aínda hai poucos días, díxome da súa enorme magoa de non poder estar aquí fisicamente, aínda que o seu espírito e sobre todo a súa poesía está con nós e nunha mensaxe telefónica que mandou hoxe mesmo pediu algo que é tremendamente humano e que é tremendamente conmovedor, e é que nos lembrásemos del. Nós lembrásemos sempre de Xosé María Díaz Castro, da súa poesía, da súa persoa e estamos seguros de que as súas palabras de luz e sobre todo de esperanza, que non solo estará con nós senón que estará tamén con todas as xeracións de galegos.

Queremos honrar a un dos mellores poetas deste século que é a presenza de Gabriel Aresti magnificamente representada por a que foi a súa compañeira de tantos anos, que foi a musa inspiradora da



súa poesía que é Amelia Esteban á que el se refire sempre co maravilloso achádego poético naqueles versos que se repiten unha e outra vez ao longo da súa basta obra, que é Meli, figo melado de Basurto.

Gabriel Aresti foi posiblemente, nisto de falar de poeta maior ou menor, de poeta mais ou menos significativo, de poeta total ou non total é unha cousa moi relativa, pero Gabriel Aresti foi realmente un poeta en toda a historia da cultura de occidente, polo menos nesta historia da cultura que un entende que é desde un punto de vista do europeísmo compostelán medieval e sobre todo desde a romanidade de Lugo. Un, ó fin e ò cabo, que é un home que pertence a unha cultura romana e, si se quere, a unha cultura tamén sueva, universalizada polo camiño de Santiago e polo que significa Compostela, a cultura vasca é algo que queda un pouco aparte, que é unha cultura que non está na área da romanización, unha das poucas culturas que non está na nosa área como tampouco está por exemplo a bretona pero que Gabriel Aresti, que foi un vasco reconvertido e que desde un primeiro momento abriu uns camiños novos á poesía do seu pobo ó xeito de dicir as palabras que se usan todos os días pra nomear o pan, pra nomear o viño e sobre todo pra nomear o traballo. Non cómpre facer un análises, nin eu teño a capacidade suficiente da obra de Gabriel Aresti pese a pedidos de amigos vascos e sobre todo por traducións escribín un ensaio bastante longo sobre Aresti que se chama Gabriel Aresti, pedra e pobo ou algo así. Aplausos

Alfonso Blanco.- Agora imos-lle entregar a Meli unha lembranza da súa estadía hoxe aquí entre nosoutros para que volte moitas veces. Aplausos O outro poeta que temos aquí en Guitiriz, Antón Santamarina, aínda que case sempre na emigración, que despois vai botar o pregón, a continuación, deste X Festival

Manuel María.- ¿Déixasme botar un pariente? É que me olvidei do Antón, olvideime do Felipe e de Carballo que aínda que non son da Terra Cha merecían selo. Risas.

Feita a aclaración...

Alfonso Blanco.- Son fillos adoptivos. Ben, entón Antón vai recibir da Asociación Cultural de Barakaldo unha lembranza que lle vai entregar, esperamos que moi pronto, a Xosé María Díaz Castro, outro poeta de aquí de Guitiriz.

Raúl Río.- Bueno, nada mais dicir que nosoutros, a Asociación Cultural “Rosalía Castro” adicoulle este ano o Día Das Letras Galegas a Díaz Castro, porque xa está ben que se adique a poetas mortos. Nosoutros pensamos que o que se pode facer hai que facérllelo en vida, porque tampouco queremos facer célebre aquela frase: ¿para que queredes un poeta vivo?, matádeo e facédelle homenaxes. Non queremos facer iso e polo tanto adicámoslle o Día das Letras a Díaz Castro. Que este exemplo cunda e haber si algún día se lle adica a algún destes poetas que temos por aquí. Desde logo que a Asociación Cultural “Rosalía Castro” para o ano que ven vai pensar nalgún deles, claro que todos a un tempo sería imposible, pero ano tras ano irlle adicando a poetas que escriben na nosa lingua, unha lingua oprimida aínda hoxe, unha lingua que non conta con medios económicos como conta, por exemplo, o español ou o chino.

Bueno, como xa dixer, gustaríanos que cundira o exemplo e, como Díaz Castro non puido ir a Euskadi por culpa da súa delicada saúde, que tamén lle impide estar hoxe aquí, voulle entregar unha placa de homenaxe a Antón Santamarina, que vai ser o pregoeiro deste Festival de Pardiñas, para que lla faga chegar xunto co noso agradecemento. Aplausos.

Antón Santamarina.- Este homenaxe adicado a Díaz Castro hei ser eu precisamente o encargado de entregarlle este homenaxe que facedes, porque Díaz Castro é unha persoa que merece este recoñecemento dos amigos de Barakaldo.

2.- CENTENARIO DE DÍAZ CASTRO

Antes da decisión da Academia de sinalalo como escritor do 2014, Xermolos na mesma Academia, presentou dous anos de actividades para celebrar o centenario. Agora, grazas á vontade da Academia, servindo e construindo pobo, temos que falar dun ano co seu aperitivo, o que estamos a compartir arestora, e unha resaca posterior que sempre deixan os grandes acontecementos. Non queremos encorsetar estes regueiros de vida coa cuadratura do calendario, rebordan coa súa creatividade os nosos cálculos matemáticos...

Xermolos leva anos agardando o Día das Letras para Díaz Castro, pero sempre consciente de que gracias a Deus, temos unha literatura moi vizosa en escritoras e escritores, e así o mantivemos nos

frecuentes encontros con académicos cos que nos atopamos na fervenza cultural que é este país... As boas novas sempre van vindo, sen presións nin precipitacións. Xa facía un ano que faláramos con Méndez Ferrín de presentar os actos do centenario nesa Casa da Palabra que é a Academia. Xa temos presentado algún libro no seu fogar.

O 11 de xuño presentamos na Academia as actividades do centenario.

- un congreso sobre a súa traxectoria literaria.
- exposicións polo país
- CD musical da poesía de Díaz Castro de A Quenlla
- unha Fotobiografía
- documental “Un instante eterno” de Xosé A. Cascudo
- unha análise sociocultural de “Penélope”

O Instante Eterno documental sobre Xosé María Díaz Castro *de Xosé A. Cascudo (asociacionescritores.es)*

«O instante eterno é un documental sobre a obra e a vida de Xosé María Díaz Castro, dirixido por Xosé Antón Cascudo. O proxecto botou a andar no ano 2011 co obxectivo de difundir a figura do poeta, de cara á celebración do centenario do seu nacemento en febreiro do 2014.

A pesar da súa indiscutible calidade poética, referendada en Nimbos, a obra de Díaz Castro era case descoñecida para o público até o pasado 21 de xuño, cando a Real Academia Galega o designou como o autor ao que se dedicarán as Letras Galegas do 2014. Precisamente o esquecemento deste tesouro e certos enigmas arredor da figura do poeta constituíron o impulso definitivo para a posta en marcha do documental.

Foi Alfonso Blanco, presidente da Asociación Cultural Xermolos, a persoa que máis alentou O instante eterno, cedendo a Cascudo gran parte do arquivo fotográfico e textual do poeta. Despois de meses de estudo desta documentación trazouse a idea esencial do proxecto: un poema visual en cinco tempos, coincidindo coas catro estacións da vida de Díaz Castro e un epílogo sobre a pegada estética da súa obra.

Na primeira fase da produción realizouse unha rolda de entrevistas nas que participaron o propio Alfonso Blanco; o poeta e expresidente da RAG Méndez Ferrín; Félix Villares, docente no Seminario de Mondoñedo e estudoso da Escola Poética da Terra Chá; Armando Requeixo, crítico literario, especialista en Díaz Castro; e Raúl Río, amigo e autor do busto do poeta na súa parroquia natal dos Vilares. Hai que destacar tamén a colaboración da poeta Xiana Arias que puxo voz a varios dos poemas do autor.

En canto ás localizacións do filme inclúense os lugares emblemáticos do poeta: Mondoñedo –cuxo seminario era naquel tempo o berce poético da comarca chairega–, Betanzos –vila na que Díaz Castro gañou o certame dos Xogos Florais en 1946–, Vilagarcía de Arousa –onde exerceu de docente no Colexio León XIII trala Guerra Civil– e Madrid –lugar de residencia do poeta durante gran parte da súa vida, quizais o feito que o arredaría dos círculos culturais, e que explica o seu esquecemento–. Mención especial merece a contorna da aldea natal do Vilariño, a carón da Serra de Montouto, límite natural entre as provincias de Lugo e A Coruña, espazo no que se afunden as raíces literarias do autor e que iluminan dúas das súas claves poéticas: a paisaxe e a lingua.

O obxectivo de O instante eterno é reflexionar sobre o proceso de creación artística de Díaz Castro, explorando un lento pero obstinado labor por acadar a excelencia en cada un dos seus versos, e que explica –en parte– que só publicase un libro en vida. Partindo dunha humilde ascendencia labrega o poeta dos Vilares vaise desprovendo das eivas que lastraban a poesía do seu tempo até escribir Nimbos, unha obra que se revela á vez como relixiosa, existencial e social, construída nunha admirable harmonía entre ética e estética.



*Cascudo coas mestras do
IES Díaz Castro: María, Olga e Sandra*

Así mesmo, O instante eterno procura amosar as condicións nas que se desenvolvía aquela sociedade marcada pola miseria e a emigración na que medrou o poeta. Neste sentido os mellores guías foron os seus propios versos, xa que en Nimbos se atopa condensada a historia sentimental de Galicia, a nosa cerna identitaria. Desde o presente, afondando na paisaxe humana e biolóxica que contemplaron os ollos do poeta, asistimos a profundas transformacións; o que subsiste, máis alá do efémero, é o que Díaz Castro mudou en eterno nos seus versos.

Antes de iniciar a fase final do proxecto preséntase un teaser do documental, en cuxa realización colaboraron Jessica Rey e Alba Domínguez en labores de montaxe, fotografía e grafismo. Nas próximas semanas completaranse as últimas tres entrevistas con persoas moi vinculadas ao poeta de Guitiriz. A intención é estrear o filme durante a semana do centenario, no mes de febreiro do 2014.»

3.- 2014: ANO DÍAZ CASTRO

Endexamais Xermolos recibiu tantas mensaxes de noraboa e solidariedade coma os que recibiu coa decisión da Academia Galega de dedicarlle a Díaz Castro as Letras Galegas: escritores, asociacións, medios de comunicación, veciñ@s de Guitiriz, algúns na emigración... Só citamos esta reseña de Rubén Aramburu na Revista Irimia, porque acredita que Díaz Castro tamén está hoxe no Festival:

O peto común

por Rubén Aramburu

Do 3 ao 4 de agosto será ben achegármonos á Terra Chá e ao Festival de Pardiñas que, dende hai 34 anos, organiza a Asociación Cultural Xermolos. Feira e festa da música e da arte, reza o cartaz. Grupos galegos e outros chegados de ben lonxe coma o Xapón, mostra de instrumentos, obradoiros de oficios, artesanía...

Grazas á proposta de Xermolos, temos a Xosé María Díaz Castro protagonista das Letras Galegas, e seguro que o poeta chairego ha estar presente no festival. “Desorbando os prados como sono, o Tempo vai de Parga a Pastoriza...”. Que fermoso convite no poema de Penélope, a nai Galiza tecendo e destecendo para non caer no enredo dos aldraxantes. Desorballar!!!, sacudir o orballo dos prados e das plantas, sacudir tanta humidade, tanta sombra, tantos pesares. Parece case un berro de loita: A DESORBALLAR, A DESORBALLAR, coma aquela canción de Víctor Jara.

Parabéns a Xermolos por seren grandes desorballadores de tanta ferruxe imposta nos desprezos, no auto-odio sementado por séculos sobor da cultura e da lingua. Con xente así, lograremos Galiza, ese paso adiante, de vez. Pouso aquí estes versos de Díaz Castro como oración ventureira para os solpores do verán:

“Que o sol siga o seu rego deica o mesmo cadullo,
a derradeira rella do tempo en carne viva,
que os paxaros non calen no oco quente da tarde,
que non paren os bois de remoer.
Que o meu carro se entorne cheo de lume e soño
sen axotar as troitas nin as alas dormidas,
e que a Deus me encomenden os ventos vagabundos
as lebres que se riron do meu can”.
(IRIMIA Nº 882, pax.7)



4.- “A LUS DO MUNDO” DO IES POETA DÍAZ CASTRO

Un grupo de alumnas e alumnos do IES Poeta Díaz Castro, crearon un video dedicado ó noso poeta. Foron horas e horas de ensaios, de traballo en grupo coordinad@s pola profesora de música Sandra Tenreiro e a directora do filme, Cristina de la Torre. Converteuse nun traballo extraordinario que traspasou todas as fronteiras. Foi estreado en Guitiriz, nun salón de actos ateigado de alumn@s, profes, nais e país, os representantes do concello... Fomos a Academia e alí a visionamos, e tamén en Ágora para varios centros de ensino de A Coruña. Ata a profesora de música compartiu cos e coas cidadáns a inter-



pretación de “Penélope” na Rúa Tabernas, na foto.
 David Gómez Quintián, na foto, foi a voz solista na dinámica do Cd... A súa experiencia noutros eventos de interpretación de rap, erguérono nesta mostra a un nivel intenso de emoción capaz de transmitir con moita forza a poesía de Díaz Castro.



5.- No San Xoán celebramos a ASOCIACION DE GAITEIROS GALEGOS coma CHAIREGA DE HONRA

Un solsticio que non fixo máis ca traernos máis luz, porque a Natureza non se axusta á nosa matemática ou loxica, á caída das follas do calendario, e así converteu os días seguintes en faíscas de luz, enxendradas no parto de novos libros, editados por Xermolos e a Irmandade Manuel María

O 22 a nosa vivencia do San Xoán, aínda se fixo máis intensa porque viaxamos ó berce de Seivane, un sobrenome que significa San Xoán, Alí na Pastoriza celebramos os 25 anos da Asociación de Gaiteiros Galegos, nomeandoa CHAIREGA DE HONRA, cunha táboa redonda na que interviron o Presidente, Santiago Caneiro, o Secretario Xaneco Tubío, os artesáns e gaiteiros: Aroa Estevez, Raul Galego e Oli Xiraldez--- Houbo concertó de Mini e Mero, e benvida do Alcalde, Primitivo Iglesias.



O 27 de xuño, na Deputación de Lugo, presentamos o libro Remitencias de Xosé Lois García. Presidido polo responsable de Cultura, Mario Outeiro. Foi o Presidente da Real Academia Galega o que prologou e falou no acto.

O 28 en Sada, convidados pola Asociación Irmáns Picallo presentamos o libro de Mero, O papel que mudo escoita, na Capela de San Roque.

O 30, na vella estación de Ordes, o noso coordinador, Algonso Blanco interveu na presentación da bandeira da República Galega. Do significado de erguer unha bandeira que representa o soño da liberdade.

O 5 de xullo no Casino de Chantada continuamos esta rota de luz, e presentamos o libro de Xosé lois, nunha festa da palabra e da música a cargo do grupo de Sober Os Parentes.

O ano anterior esta vaga de solsticios e ventos que irrigan a actividade de Xermolos, levounos a Trasalba, ó berce de Otero Pedrayo, o mesmo día de San Xoán, un gran entusiasta da poesía de



Díaz Castro, foi un mergullarse na frondosidade da obra dun dos nosos bos e xenerosos, compartimos a celebración co noso mundo das artes e das letras... Alfonso lembrou nas palabras en agradecemento pola vida de Antía Cal, a comunión coa Terra Nai dos dous escritores, ese sentido telúrico que inspirou a innovación pedagóxica da mestra homenaxeada

Foi un acto enraizado nas esencias do noso pobo, coma gustaba ó Patriarca, un acto vivo coa música e os símbolos do pobo.

II.- NO SOLSTICIO DO OUTONO SEGUIMOS RECOLLENDO AS FROITAS DO FESTIVAL

1.- BUSCANDO O ACOUGO DOS RÍOS, AS VEAS DA NOSA PAISAXE. OS MEDIOS REFLECTEN O ACOMPASAR DE XERMOLOS COS RITMOS DE CADA TEMPO.

a) *Todos os 8 de setembro peregrinamos á paisaxe de Manuel María a Outeiro de Rei: Santa Sabela, Penas de Rodas, o Río Ladra, o cemiterio... Celebramos o seu aniversario lendo e cantando os seus poemas. Na foto, Avelino con David Otero, Abel e Noa Pena, lendo o "Terra Chá". Mergullarnos no Río Miño é o mellor xeito de refrescarnos despois do estío, e o axetreo do Festival. Collemos forzas na Carballeira de Santa Sabela, e sobre todo enfortecemos co alento de Manuel María, o gran poeta do outono.*



A navalla do Manuel

por David Otero

Sermos Galiza 09/2012

Cada oito de setembro, xa entre o verán case que ido e enchegando pola soleira o outono nacente, así todas e todos quen alí concorran, celebraremos un máis a toda fidelidade o cabodano de Manuel María, voz da chaira, poeta nacional, lugués de Outeiro de Rei e nomeador primoroso do regato do Cepelo, andar de augas a camiñar paseniño tan enchentas de afectos a ferrados. Cepelo fillo do Ladra e neto do Miño. Agarimoso nome e augueiro xusto tan compartido polos amigos e polas amigas

de Manuel María, que así entre ben delas e deles o saben e poden confirmar, Saleta, Paco Martín, Marica Campo, Pilar García Negro, Isidro Novo, Mini e Mero, Xosé Lois García, Alfonso Blanco Torrado e Camilo Torres, a moza Alba e o mozo David de Vilalba tamén estes dous, por dicir algúns dos que ano a ano presencian no día e emporiso sen deixar de dicir tamén aos membros da Irmandade Manuel María da Terra Cha e asemade os da Fundación Manuel María, así como os do Instituto de Estudos Chairegos de Vilalba.

Día oito de setembro que comeza sobre das dúas da tarde para irmos xantar ao Mesón "da Radio", que está ao pé da Ponte do Río Ladra indo de Rábade a Pena de Rodas, por certo este último, as Penas de Rodas, un lugar ben estimado por Manuel e ao que lle deu atención importante na súa poesía, que alí está á vista como bicando a pedra xigante de gran das Penas. De seguido collemos andar ás propias Penas de Rodas e alí todas e todos quen queiran, da man da palabra nosa, a galega, ben en poesía, ben en prosa, na liberdade de convivir no importante, interviremos para dar celebración de fondo acariño ao noso poeta e así establecer certeza na lealdade á súa memoria viva e popular. Logo xa imos ao cemiterio de Outeiro de Rei e alí á palabra coral e á música de "O Carro", guiados moi en especial por Mini e Mero, coa estimable axuda de Tino Vaz e Miro Casabella, comezamos o acto de fondos recordos e sentimentos de sermos auténticos na fidelidade a Manuel. Serán os recitados de moitas e de moitos quen resoan a cualidades inmedibles de aprezo e así acompañarase dunha ofrenda floral que cada quen disporá na lousa de Manuel onde emerxen tantos soños na g aiola que responsablemente, tamén a seu mandado, debemos liberar por rúas de ventos certamente ceibes. Como todos os anos será Saleta quen dea comezo a este achergarmos sentido ao pé de Manuel en Outeiro e así facelo todas e todos nós para saber e construción de Galiza e asemade desta maneira aportar máis obra como se debe no concorrer dos pobos que definirán, e definen, auténtica humanidade e verdadeira universa-



lidade desde sermos nós. Acabaremos estes momentos na campa de Outeiro co cantar do noso himno.

E xa contra o solpor aínda noviño, sol fóra como diría un irmán portugués, xa imos á Carballeira de Santa Isabel, espazo de moitísima consideración para Manuel María ao que tamén lle adicou con verdadeiro sentido de pertenza ben delas das súas creación poéticas presentes nas súas diferentes publicacións. Este espazo de tanta importancia para Manuel estivo sempre nel así o levou interiorizado con el ata sempre. Pois ben, na Carballeira da Santa Isabel, ou Sabela, como lle gusta dicir a chamo a

Alfonso Blanco Torrado, alí nas sombras ao compás do ando das augas do río, diante da mesa de pedra con pan de Boimorto, queixo das Quintas de Codeseda, de Monterroso e de Antas, con viño de Sober e os figos da Horta da Casa de Ozal de Sarandón, levarase a cabo a cerimonia comunal da entrega da “NAVALLA DO MANUEL” (que ben de todos é sabido que o noso poeta usaba a navalla, as navallas, de sempre para compartir e repartir pan e queixo para acompañar ao vaso de viño).

Deste rango da “NAVALLA DO MANUEL” foron merecentes e recoñecidos, Alfonso Blanco Torrado, Xulio Xiz, Avelino Pousa Antelo, Darío Xoán Cabana, Camilo Torres, Mini e Mero, (tamén quen isto escribe) e este ano recíbea o traballador responsable, penso que digo ben, da recuperación da nosa memoria histórica, o escultor Valdi, lugués de Castro Verde, residente en Sada, un dos gardadores activos da memoria de Suárez Picallo e asistente sempre, presente a todo ser, en todo o tocante á nosa memoria histórica, viva e colectiva, así como en todo aquilo (que non sabemos como dispón de horas tantas) onde Galiza se constrúa e se determine. De seguido e logo de recibir Valdi a navalla, procederá a cortar o pan e o queixo e así xunto cun vaso de viño, levará o primeiro bocado comunal desta celebración popular e aberta a Saleta para logo ir repartindo iso mesmo, pan queixo, viño e figos, entre todas e todos, asemade participamos do facer coidadoso a toda voz dos nosos cantores nacionais.



Un día este de estar a amplo significado de vivir intensamente a patria, o oito de setembro. Un día, o da NAVALLA DE MANUEL, de nos ver e compartir o sentir fondo, irrenunciable, da nosa fidelidade a Manuel María. De que ben sería contar con tantas e tantos, cada ano máis, nesta data nacional aló no soñar xigante da Chaira enteira a todo futuro e polo mesmo xuntos poder disfrutalo certo a non moito tempo de alcance.

***(Recordaremos tamén ao noso Avelino Pousa, Lucho do Peto, que en vida nunca faltou a esta concorrencia e así agora estará a toda intensidade e afectos connosco e con Manuel María)

O 8 de setembro chámase Manuel María

por Iago Santalla (05 de setembro de 2012, Galicia Dixital)

Dende o ano 2004, que nos falta, o 8 de setembro chámase Manuel María. E isto é así porque o poeta deixou un fondo baleiro entre todos os que compartiron con el a vida; e tamén entre aqueles que día a día seguimos a súa estela de bondade, ética e amor á patria.

Sempre estiveron preto dos círculos do Manuel. Aínda que non cheguei a tratalo persoalmente, si cheguei a coñecelo en Lugo na presentación dun libro de Paco Martín. Aquel día firmoume dous poemas dedicados a Castelao que Xesús Alonso Montero publicara na súa Coroa poética para Castelao, deume unha aperta e falamos brevemente. Pouco despois merquei a súa obra completa que co tempo, converteuse para min nun libro de cabeceira que releo case a diario.

O seu pasamento sorprendeume na Coruña. Anos despois, a través de Mero, tiveron noticia de que cada 8 de setembro se lle facía unha homenaxe polos lugares da Terra Cha que cantou coma ninguén. Dende entón, procuro reservar a data. Unha data que para min é máxica, e da que acostumo a recoller moitos folgos para a vida. Isto é así porque ano tras ano comparto este día con compañeiros e amigos que constitúen para min auténticas referencias morais.

Débase dicir que se trata dunha actividade de custo cero; que se fai exclusivamente grazas á dedicación de Alfonso de Xermolos e á vontade dos participantes, que reciben como recompensa o bálsamo de pureza que os versos do poeta poñen no corazón.

Mais, como case todo na vida, o cabodano do Manuel é un ritual, e cada lugar ten a súa función nesta viaxe ao mundo creado polo poeta. Deste xeito, xuntarémonos para xantar en irmandade no restaurante Río Ladra dende onde partiremos cara os lugares do Manuel. En Pena de Rodas todas as voces se erguerán por el, e as palabras mesturaranse co chiar dos paxaros. Despois, ante a súa tumba escoitaremos a ofrenda de Xoán Xosé Fernández Abella, que pousará unha rosa en nome da Irmandade. Posteriormente virán máis voces, máis rosas e soarán poemas do Manuel con música da Quenlla, Tino Baz, Antón Valcarce ou Miro Casabella.


En Santa Sabel, faremos de novo o rito da navalla compartida, baseado na coñecida idea do poeta de que este é un instrumento para compartir, e non para dividir. Nesta edición, o poeta David Otero entregarálle á navalla do Manuel ao tamén poeta, das pedras, Xosé Val Díaz "Valdi"; home de gran humanidade, de voz rexa e ideas firmes que a ten ben merecida.

Neste recorrido sentiremos no corazón dúas ausencias fondas: a de Bernardo e a de Avelino, que se nos foron a compartir co Manuel a patria do alén. Polo demais, xa se sabe: o 8 de setembro chámase Manuel María.

b) O 15 a nosa viaxe transcurriu polo Paseo dos Soños no Rañego en Vilalba. Enchóupamos de nova enerxía, sentimos os latexos da natureza, MARGARITA LEDO ANDION FALOUNOS DOS MEDIOS, COMA INTRODUCCIÓN Ó NOVO CURSO DE XERMOLOS

A IMAXE E A PALABRA

O Paseo dos Soños de Vilalba inza cada viravolta en máis mensaxes e sensacións, grazas ós materiais e as formas que van marcando cada hectómetro literario, enxergando na contorna novas olladas e ronseis para @s caminantes. Este sábado erguimos o 7º, dedicado a unha muller loitadora en moitas fronteas, Margarita Ledo Andión: cineasta, escritora, xornalista, mestra, defensora dos dereitos da muller



Iago Santalla: "Que grande é Miro ! sempre é un pracer atopalo nos días de festa e disfrutar entre a súa voz, o seu sorriso e a súa humanidade. Pardiñas é unha cita a non perder."

e desfavorecidos... Dous chantos xa lembran no seu berce, Castro de Rei, a súa poética e narrativa, nas rotas do Azúmara e da Escrita. Si a colleita do outono pasado deitou a maxia e o teatro dun veciño seu, Xosé M. Carballo, este plasma a representación cultural da imaxe, coa cámara e o libro, que se espallan coma follas e volvoretas no Rañego, xermolo da alma da muller, para o escultor Valdi, que as devolve á paisaxe-nai marcadas pola imaxinación da artista. Margarita é pioneira en moitos eidos: fundadora da Facultade de Xornalismo, recuperadora do xornal A Nosa Terra, fai agora 35 anos... Converteuse en valedora da nosa cultura en foros e universidades de todo o mundo. O seu humanismo emerxe arrequecido polo dominio das novas tecnoloxías, e sen esquecer as raíces difunde en parámetros universais as inquedanzas deste tempo no fotoxornalismo, literatura ou cine: a loita pola liberación dos pobos en 'Santa Liberdade', as achegas sociopolíticas no s. XX con 'Liste, pronunciado Lister', ou o drama silenciado da muller emigrante en 'A cicatriz branca', filmada nas dúas beiras do Atlántico, Castro de Ribeiros de Lea e Bos Aires, que vai estrearse en novembro en Cineuropa de Compostela. Agora, Margarita volve a camiñar na compañía do seu mestre e primeiro editor, Manuel María, ó compás da música do Rañego, envoltos en foulas e soños, nestes carreiros máxicos que convidan á memoria e ó compromiso co país a través da lingua e da paisaxe, que documentou a directora en "Manuel María: fala e terra desta miña terra", inmortalizado no 2º hectómetro, E repítense os guiños cómplices, arestora compartidos cos viandantes, porque Margarita foi a primeira en disfrutar coa tradución ó portugués de Os soños na gaiola que recorda o hectómetro manuelmariano, nos seus 30 anos. Ela non esquece a acollida que recibiu en Portugal como exiliada e profesora, e Manuel segue a berrarnos que o Miño endexamais separa.

Alfonso Blanco Torrado (El Progreso, 18 de setembro de 2012)



Organizan:
Irmandade Manuel María
e Asociación Xermolos

Celebrando a obra de *MARGARITA LEDO ANDIÓN*
no Muíño do Rañego en Vilalba,
sábado 15 de setembro, ás 12 horas.

Táboa redonda coa participación de
**María do Carme García Negro, Xosé López García,
Xosé Ramón Pousa, Eva Veiga, David Otero**

Inauguración do 7º *Hectómetro literario*, obra de Valdi,
no Paseo dos Soños. Ás 14,30 xantar de irmandade na
Nova Ruta de Vilalba.

Intervención musical de *Mini e Mero*, o gaiteiro *Raúl Galego*
e outros intérpretes.

Para máis información ou apuntarse ó xantar, tel. 646413890

Pero é o outono, o 21 de Setembro, cando a colleita faise máis saborosa: froitas secas que deita xenerosamente a natureza... É o tempo de acubillar e gardar con agarimo os recordos e as lembranzas das estacións anteriores máis axetreadas... É a resaca do festival. Despois da súa celebración, fomos saboreando opinións e imaxes do festival, a través dos medios de comunicación. Este evento produce literatura e música todo o ano.

2.- Tamén hai TREBOADAS DE VERÁN, e a calma alporizouse en vento. os días non sempre destilan acougo, e así o 10 de agosto reivindicamos o patrimonio da Ribeira Sacra. A Asociación do Románico de Chantada organizara unha xornada de sensibilización e reclamación ás administracións, para recuperar o Santuario de Pesqueiras e a súa contorna, onde é case imposible acceder. O amigo Xosé Lois García leu e proclamou o Manifesto que a Asociación artellara, para pór freno a aquel abandono e desleixo das administracións. O noso coordinador foi convocado a intervir.

Non estamos para dormirmos, cando están a acosarnos todos os días, neste tempo roxo, e por primeira vez, o 7 de setembro, os tres sindicatos agrarios xuntos, Unións Agrarias, Sindicato Labrego

Galego e Xóvenes Agricultores, convocaron unha manifestación a prol do sector do leite que está a sufrir unha forte crise. En Vilalba encarganlle a Alfonso Blanco o Manifesto para ler despois da mobilización pola rúa, que el mesmo lé no palco da praza. Nesta reivindicación, aseverou con radicalidade que a desfeita deste sector é a ruina de toda a sociedade da Chaira, e a perda dun dos sinais da nosa identidade. Na proclama estivo acompañado polos segredarios dos tres sindicatos: Isabel Vilalba do Sindicato Labrego, Roberto García de Unións Agrarias e Xan Pérez de Xóvenes Agricultores.

3.- PARDIÑAS CUBERTA DE QUEIMAMERENDAS

O campo da festa foi cubríndose de quitamerendas, na foto, e acudimos a un chairego, bo coñecedor da nosa natureza e patrimonio, para que buscase as raíces daquel campo da festa vestido co traxe do outono, Marcos Domínguez Lama de San Xoán de Alba,



As “Quitamerendas” por Marcos Domínguez Lama

“No concello de Vilalba, concretamente na parroquia de San Xoan de Alba, a este tipo de especies pertencentes ó xenero *Crocus*, e familia das iridáceas, coñécense co nome de TOLLEMERENDAS. Os tollemereidas de cor rosa ou violácea acostuman a saír/florececer na época do outono (setembro/outubro) e especialmente en pastizais; existen distintas variedades de similar aparencia e todas elas brotan dun bulbo con follas violáceas que saen da súa base e en baixo número. Tiñan un singular significado, xa que ó saír os tollemereidas os días ían sendo máis curtos e deixábanse de dar merendas, de ahi o seu nome. As merendas durante o verán dábanse sobre as cinco da tarde, porque os días eran longos e despois aínda se sacaba o gando a pacer para evitar que moscaran e recollíanse á noite. Esta información foime trasladada por miña nai, e ela recolleuna de súa tía (Xosefa Lama Díaz)”.

Marcos Domínguez Lama

E agasallounos con esta achega. Sempre agradecemos á Nai Terra que mimase con tanto aprezo e beleza o campo de Pardiñas, pois é un espazo feitiçeiro para acubillar o evento. Cremos na identificación coa paisaxe coma proxección dos nosos sentimentos e devezos:

Estas flores moradas, as quitamerendas, que visten agora o Campo de Pardiñas son o anuncio do vindeiro outono. A beleza destas flores fai lembrar a inmensidade do festival no verán. O mesmo co evento abrolla dun colectivo sinxelo, a flor xermola dunha planta pequena. Son a fin das merendas, emporiso o campo está ateigado delas. Coma Xermolos, na primavera e verán van acumulando os nutrientes para despois multiplicarse no outono.

Ó día seguinte do comezo do outono, o 22, participamos na **Eira da Xoana**, no Alto Ulla (Agolada de Pontevedra), nun encontro de colectivos de todo o país, convocados pola asociación ecoloxista Adega que participa na Alianza por un Medio Rural Galego Vivo. Celebran mercados coma o do outono. con postos de viños, produtos da horta, artesanía... Alfonso Blanco, o coordinador de Xermolos falou sobre a transcendencia da cultura labrega para a pervivencia do noso patrimonio: a lingua, a paisaxe, os oficios..., e coma a nosa asociación medraba neste leito arrequecedor para o noso pobo.

4.- SEGUE A RESOAR O FESTIVAL

Durante todo o ano recibimos **MENSAXES DE ÁNIMO** sobre o Festival, escollemos este polo que fai de historia, é de Jose Iglesias Freijomil de Monfero:

“Hola este sera pra min a edición número XXXII do festival eu estuven en Pardiñas en 1980 na primeira edicion e dende aquela unha tras outra todas menos as dos anos 1984 (servicio militar) e 1996 por problemas familiares, ANIMO SEGUIDE ASI, SODES OS MELLORES”.

Cando xa tiñamos pechada esta revista chegounos esta carta. un agasallo, porque agradece este xeito de facer certames, para ela xa pasaron 30 anos, e aquí seguimos. Grazas Lupe Gomez Arto, e perdoa que compartamos a túa mensaxe porque é impactante:

Compostela- Barrio da Ilusión- Limpá... 19- xullo- 2013

Querido amigo – cura de Xermolos, Guitiriz:

Fai xa tempo que tiña ganas de escribirche, dirixirme a ti. Compartir contigo cousas, ilusións, sombras que están moi vivas na memoria do mundo, do meu mundo que tamén é “noso”, de todos nós... Hoxe, camiñando pola tarde en Compostela, pedinlle o teu enderezo a Antón Pedreira, e despois ao teu amigo Mero... e aquí estou, dentro do traxe dunha carta que vai voar a Xermolos, Guitiriz, Lugo... para contarche que gañei o meu primeiro PREMIO LITERARIO cun poema escrito aos meus 11 anos.... desde entón pasaron 30 anos. Aquel poema, escrito coas vacas na “CHOUSA DE ABAIXO”, titulábase “ESPÉROME, AVÓ”. Acababa de morrer o meu “padriño” Antonio Arto Díaz. ¡Eu sentíame tan chea de sombras, dor profunda, sensibilidade enorme! ¡O meu avó morto era o meu mellor amigo naquela aldea pequeniña! Él para min era como un HORIZONTE DE TENRURA, INTELIXENCIA, VOO DE AVES... Voar de avións, tamén. A morte era, e segue sendo, unha viaxe de herba, amor, poesía, teatro, emoción, relixión.... Aquel primeiro poema (primeira pedra do camiño....) aínda resoa fortemente, poderosamente en min, como se fose o eco infantil do meu corazón, da miña vida, da miña morte. Morrín moitas veces, e perdín a esperanza, como se perdese a elegancia fráxil do meu traxe, pero aquí estou, dentro desta Carta, na intemperie calada do noso país, na música prohibida dos AFECTOS. Teño 41 anos. No armario da ROUPA, en Fisteus, gardo, moi ben gardadiña, a revista de “XERMOLOS” na que se publicou O MEU PRIMEIRO POEMA. Recordo moi ben que miña nai Celestina foi comigo a Guitiriz, ao Festival de Pardiñas a RECOLLER AQUEL PREMIO... ¡Era algo tan importante para nós! ¡Estábamos tan ilusionadas! Foi unha viaxe tan longa, un día tan bonito, tan feminino, tan COMPARTIDO entre NAI E FILLA, cómplices dun mundo que desaparecía, e segue desaparecendo.... Meu pai Ramón morreu no ano 1995. Era o home máis bó, máis fiel, máis íntegro dese íntimo mundo de porcelana, bágoas, luz e terra. Miña naiña morreu o 20 de xaneiro deste ano 2013. Recitei no seu ENTERRO, na igrexiña

do meu lugar, sentíndome ARROUPADÍSIMA pola miña xente, polas árbores.... Ese día nevou unha neve moi bonita, moi limpa, moi cálida, sobre FISTEUS... miña nai tiña 81 anos.

Estaba moi mal, moi afectada polo parkinson, co corpo paralizado, coa mente algo perdida... No mes de decembro estaba xa moribunda, e miñas irmás levárona de noite a unha clínica médica a Guitiriz.... Eu quedei na casa, chorando, facendo IOGA (encántame o IOGA...) Miñas irmás contáronme que miña nai foi todo o camiño falando de min, LEMBRANDO AQUEL PREMIO LITERARIO DE "XERMOLOS", AQUELA VIAXE INESQUENCIBLE...

Na morte, na desaparición atroz dos nosos SERES MÁIS QUERIDOS, facémonos FOR- TES.... Amancio Prada di que "SE CANTA LO QUE SE PIERDE". Sigo recitando en Fisteus, cando escampa, cando sae o sol... Escribo moito, moitísimo...

Escribín dous novos LIBROS DE POEMAS para miña nai, para Rosalía de Castro, para os meus amigos... Titúlense "CAMUFLAXE" e "TRAXE DE SOMBRAS".

Lupe Gómez Arto

P.S.- Son autora de libros como "Fisteus era un mundo" e a Literatura confórtame moitísimo...

P.S.- Miña nai non está morta.

ESTÁ CAMUFLADA NA PAISAXE...

Agora eu poño a súa ROUPA,

os seus TRAXES FERMOSES DE AGRICULTORA.....

O Festival de Pardiñas segue motivando todo tipo de novos horizontes, ata de **INVESTIGACIÓN**, así o profesor TADASHI YAMAMOTO de Xapón está a estudar este evento. Xa no 2011 presentou nun Congreso sobre o Seculo XXI un adianto da súa investigación:

S.A. Século XXI, 15 de outubro de 2011

A creación dunha nova tradición
pola comunidade participativa?

-- Un estudo preliminar sobre o Festival de Pardiñas, Guitiriz --

Yamamoto en Gres

Xosé Neira Vilas

TADASHI Yamamoto é un prestixoso antropólogo e profesor xaponés, moi vencellado a Galicia. Fala e escribe a nosa lingua. Ven aquí cada certo tempo. Coñecino o ano pasado na Festa das Pardiñas, en Guitiriz, da man de Alfonso Blanco. Foi alí onde amistamos. Naceu na cidade de Kobe en 1960. É catedrático na universidade xaponesa de Tenri. Ó longo de dúas décadas fixo estudos antropolóxicos en México. Síntese atraído pola nosa cultura e achegouse a Galicia, de primeiras, en 2005, cando participou no curso de lingua para estranxeiros da universidade de Santiago. Ditou conferencias, en galego, sobre a cultura xaponesa, nos I.E.S. de Forcarei, Valga, Rianxo e O Carballiño, e vén promovendo o intercambio cultural entre os dous países. En 2010 falou no Instituto de Estudos Chairegos, de Vilalba, sobre *Galicia-Xapón, unha ponte cultural*. Hai máis: en 2011 comezou, precisamente no festival de Pardiñas, unha investigación antropolóxica sobre Galicia.

En Gres visitou recentemente a nosa Fundación (biblioteca pública, museo etnográfico, etc.). Veu con Kazumi, a súa compañeira. Como dato persoal debo engadir que dende hai meses está traducindo ó xaponés a miña novela *Memorias dun neno labrego*, e sobre a mesma está preparando un traballo que



Neira Vilas e Yamamoto no XXXIII Festival de Pardiñas

Ile encargou a universidade de Kyoto, para conmemorar os 50 anos do departamento de Estudos Hispánicos. Moi significativa esta proxeción de Galicia no país do Sol Nacente a través dun embaixador como Yamamoto, que conta con moitos amigos neste recanto occidental.

EL CORREO GALLEGO. 4 DE NOVEMBRO DE 2012

3 meses, 7.000 visitas e Pardiñas mellor Festival do 2012

O que comezou sendo un pequeno sorteo para a xente que visita Guieiro.com e celebrar os 3 meses de vida da web, rematou sendo unha gran enquisa con 1.500 votos en tan só 15 días.

Quen votou na enquisa decidiu que o Festival de Pardiñas é o mellor para ir botar uns bailes, unhas risas e escoitar boa música.

Sabemos que todo festival e concerto ten moito esforzo e traballo por detrás, que non sempre os grandes concertos ou artistas son os mellores. E que ten o mesmo mérito un pequeno concerto con poucos medios, sen financiación e con grupos locais, que grandes festivais con artistas internacionais e totalmente subvencionados.

Non queremos darlle máis relevancia, nen entrar en análises ou debates sen importancia. Estamos a traballar por e para a cultura galega.

O sorteo consistirá en 3 camisolas de guieiro, 1 camiseta de Capitán Morgan, 1 CD+DVD de Capitán Morgan "Historias del Ron", 1 CD de La Maldita "No es lo que creéis" e 1 CD de Zënzar "Vaise armar". Terá lugar o sábado 22/09 ás 13h. e será pendurado na web e no facebook.

Pola nosa parte agradecer a colaboración de Zënzar, Capitán Morgan e La Maldita, que nos cederon material para o sorteo. Tamén agradecer a toda a xente que visita diariamente Guieiro e a quenes participáchedes na enquisa.

Moito obrigado, guieiro.com.
22 de setembro de 2012.

Cal foi o mellor Festival Galego deste verán?

- Pardiñas
- Revenidas
- FeneRock Festival
- Son das mamoas
- Brincadeira Rock in Cambre
- Nordestazo Rock
- Antros Pinos
- Resurreccion Fest
- Rebumbio
- TV Festival Las 13 Muertes
- Festival A Rebusca
- Festival do Castro
- Festijal
- Festival OuBeade
- Festival Terra da Fraternidade
- MILLO VERDE Redondela
- FESTIVAL PARDIÑAS ROCK
- Derrame Rock
- Son rias baixas
- Festa Folk de Vilarinho
- Réperkusion (Ourense)
- Arrechegate o fento
- Ortigueira
- Asalto ao Castelo de Vimianzo
- Festival das Artes Escénicas
- Festival da Poesía do Condado
- "SONS DA LAMEIRA" FESTIVAL FOLC & ROCK
- Festa Folk dos Pexegos Candeán
- FESTIVAL ARDE RANDE
- Festa Treze catorze
- Sartzaha Trash Fest
- Carballeira de Zas
- Festival do Río Castro
- Vibra Balboa
- Festival Sinsal
- Minho Reggae Splash
- O' Marisqueiro
- Sereas e Piratas
- Festival Noalla Viva
- Festival Irmandiños
- Festival das Brétemas
- Festival do Paradiso
- Festa da Fraga
- FESTIPOTE
- REBUMBIO - MOS
- Tribute Bands Festival
- Ventorock
- A fraga
- Festival 27373
- Festival do Río Belelle
- Fiv De Vilalba
- Festa da Carballeira
- XiriaPop
- Chandebrito Rock
- FESTICROA
- Lolapop
- PSICOTROITA Festival
- Festi-Valo de Manselle
- La parrocheira
- OUTONO CAPITOL ROCK FESTIVAL
- Festival Con V de Valarés
- Beira Rock
- Rock in Marín
- Arbo Rock
- Festa Revolta no Courel
- Supersónico FestasdeCoia
- NEOPOP Electronic Music Festival
- Festival de la marquesina del bus de plaza callau
- San Roque and Roll
- A Xira
- Festival do Norte
- Non sei/Non responsto
- Festa Folk na Fin do Camiño
- Fiv

Xosé Marra é un creador que sempre achega a súa obra ó Festival de Pardiñas: unha ollada máxica a cada estación, sen esquecer a paisaxe e paisanaxe de Pardiñas, coma na pasada edición. Si Fugas define: “*O Festival de Pardiñas continuou medrando este ano, pese aos malos tempos*”, o Fotoxornalista Marra no seu blog suxire que o mal tempo e a desfeita da cultura non poden co festival:

“Pardiñas contra vento e marea”



WOTER TABLET PC 101 CXL
 Hoy, primer copón y cartilla (pág. 57) para
 conseguirlos por solo 149 euros más 4 copones

LUGO 2 COMARCAS 10 CALICA 20 OPINIÓN 24 ESPAÑA 27 MUNDO 30 ECONOMÍA 31 DE VERANO 35 DEPORTES 47 VIVIR 49 CLASIFICADOS 47 ESCUELAS 71 EL TIEMPO 79

EL PROGRESO

DIARIO DE LUGO DESDE 1908 | Año 104 | Número 33.962 | Domingo 5 de agosto de 2012 | Precio 2,20 €

RAJOY EMPIEZA SUS VACACIONES CON UN PASEO POR EL UMIA
 El presidente del Gobierno estuvo acompañado por Alberto Núñez Feijóo y Ana Pastor, entre otros > 27

Los asaltos a viviendas se disparan este año en Lugo con más de uno al día de media

► Los ladrones **robaron en 244 domicilios** en el primer semestre, frente a los **154 de 2011** en el mismo periodo

Los domicilios particulares se están convirtiendo en el objetivo preferente de los ladrones en la provincia de Lugo. En lo que va de año ya se produjo una media de más de un asalto al día (244), lo que hace que las cifras se disparen con respecto al año pasado, por lo que la alarma social de los últimos meses parece justificada. > 29



Público asistente a los conciertos de Pardiñas, ayer pasada la medianoche. FREDERIK CALDERÓN

Pardiñas siempre da la talla

► Nuevo éxito de público del veterano festival chaireiro, que tuvo anoche como actuación estelar a Kepa Junkquera

Y TAMBIÉN EN DE VERANO
 ► Dead Kennedys cierra el Resurrection Fest de Viveiro
 ► Sarría, de día Enxurrada, y de noche, a la amozza
 ► Burela honra a su príncipe azul y Rinoio, al percebe
 ► Botuxada en O Corgo como proloa del festival folk

DEPORTES



FÚTBOL MEJORÍA SIN VICTORIA DEL CD LUGO

En un buen partido, el conjunto de Quique Setién perdió (2-1) frente a otro recién ascendido a Segunda A, la Ponferradina, en un torneo disputado en Luarca. > 56-55

COMARCAS La subida del precio del pienso y la bajada del de la leche ahogan a los ganaderos de la provincia > 16-17

RIBEIRA SACRA La colecta para un niño con parálisis cerebral

LONDRES 2012 España cae ante Rusia en baloncesto y pierde la opción de librarse de EE.UU. hasta la final

La lucense Alessandra Aguilar, «optimista» ante su participación hoy en maratón > 47-53

UNIDAD DE CIRUGÍA D

OFTALMOLOGÍA: Cirugías de (miopía) y glaucoma. ENTORRINOLARINGOLOGÍA: Cirugías endoscópicas de senos. IMPLANTES DENTALES INMERTOS.

Reconstrucción facial - Distracción Radiología craneofacial - Ciruj

EN UN MINUTO
Economía
El Gobierno no cubrirá las jubilaciones de funcionarios hasta 2015
 El plan de ajuste enviado a Bruselas por el Gobierno de Mariano Rajoy incluye la congelación de las oposiciones a funcionario hasta 2015. Así, en los dos próximos años no habrá oferta de empleo público, ni siquiera para cubrir las bajas de los funcionarios que se jubilen. > 34

SUPLEMENTO DE OCIO VIERNES 28 DE DICIEMBRE DEL 2012 LA VOZ DE GALICIA

FUGAS

2012

A MEDIO VOLUMEN

Nuevos formatos, colaboraciones entre artistas y un puñado de trabajos vigorosos plantaron cara en Galicia a un panorama incierto que se llevó por delante festivales, contratos y a más de una banda

4 FUGAS

ASÍ 2012 FUE

VIERNES, 28 DE DICIEMBRE DEL 2012

A música de raíz segue sumando seareiros

Novos discos, formatos e propostas intentaron superar o tempo de indefinición e manter o pulso coa industria musical

DOLORES VÁZQUEZ | A voltas con novos formatos e propostas, a música folk e de raíz seguiu botando un pulso no 2012 á industria musical para reivindicar o seu espazo máis alá dos torroiros das festas.

FESTIVAIS
A tradición mantense
 Os tres grandes festivais folkies, Ortigueira, Pardiñas e a Carballeira de Zas, volveron sumar adeptos, o primeiro deles cunha chamada á tradición, o segundo cunha gran participación e o terceiro con menos xente que noutras edicións, pero en todo caso entregada á festa. Mentres, en Chantada, o Castañazo volveu a vista atrás para recuperar o movemento bravú que agromou a principios dos 90.



CITAS. 1. A proposta comunitaria de Os Cempés deu como froito «Tentemozo» 2. Luar na Lubre editou este ano dous discos e estreou nova vocalista, Paula Rey 3. O Festival de Pardiñas continuou medrando este ano, pese aos malos tempos 4. A morte de Fito Domínguez concitou aos seus amigos nunha homenaxe no Auditorio Mar en Vigo en outubro 5. Unha das propostas máis singulares do 2012 foi o espectáculo «Lalelos» do gaitero Xosé Manuel Budiño e o artista Carlos Blanco

SOCIEDAD

Las tarjetas de homenaje a García Amor, a la venta

En la Cafetería del Centro Cultural e Recreativo, en Carnicería José Manuel y en el Restaurante Nova Ruta están a la venta, al precio de 18 euros, las tarjetas para asistir a la comida de homenaje al sacerdote Uxío García Amor. La comida se celebrará el día 17 como cierre del homenaje en el que se se rá nombra Chairego de honra, distinción que conceden Xermolos y la Irmandade Manuel María.

CULTURA

Presentación de un libro en Guitiriz

Hoy —Escola Habanera, ocho de la noche—, en Guitiriz se presenta el libro *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria*, escrito por el ensayista Francisco Rodríguez.




SOCIEDAD

Animación en la cena anual de Xermolos

Casi un centenar de personas acudieron el miércoles por la noche a la cena anual de amistad que organizan en Guitiriz los integrantes de la Asociación Cultural Xermolos. La cena tuvo luego una animada parte musical, ya que actuaron el cantante Xur-

xo Souto y el grupo Sarabela Folk. El primero también recordó diversos avatares vividos por Xermolos y por el municipio gutiricense en estos años pasados, mientras que el grupo folk protagonizó una concurrida foliada.



O espazo «De bares» percorre locais de hostelería destacados de Galicia.

5.- POR SANTOS,

como é tradicional a CEA DE XERMOLOS que crea expectativas, como esta emoción de Jaki Quintela: *“Toca cea de nadal, xunto con Pardiñas a unica cita ludica ineludible. Ininterrumpidamente dende o 96 a xente dos Vilares festexando. Alo imos!”*.

Esta edición estivo animada polo gran valedor de Xermolos que é Xurxo Souto, xa na primavera, o Xoves Santo, como adoita facer en moitos actos públicos, volve a lucir a camiseta de Xermolos no programa “De bares” da TVG.

Coa vendima e o viño novo, vivimos en Chantada, o 8 de novembro, no Casino, ó parto dun novo libro: *Tedempo* de Xosé Lois García, o mesmo evento que se celebrou en Lugo, unha semana despois na Librería Sargadelos. Tivemos tamén oportunidade de brindar coa sidra Maeloc da factoría da Estrella de Galicia de Chantada, na liña da sidra tradicional da zona, un produto ecoloxico das nosas mazás, que ata agora exportábanse fóra.

E xa o 17, en vésperas de Santa Icíá, o recoñecemento do crego de Vilalba, músico e poeta, Uxío García Amor, coma **“Chairego de Honra”**, sempre ficando no leito do caudal poético e a fidelidade ó país de Manuel María. O poeta e músico Uxío García Amor agsallounos con estes versos:

*Coplas para a Festa do
“Chairego de Honra”
17 novembro 2012*

*Chairego de honra – fixésteme hoxe
chairego de feito – tamén quero ser (bis)*

*1. Con oitenta e catro anos
volvo hoxe ao nacemento:
nestas terras de Vilalba
aprendo a nacer chairego.*

*2. Bautizáronme os “Xermolos”,
“Manuel María” apadriñoume;
e con tantos invitados
a festa chega moi lonxe*

*3. Estamos na “Nova Ruta”
brindando polo futuro.
Ergamos as nosas copas
e que brinque todo o mundo*

*4. ¿Qué podo facer agora
para pagar tanta festa?
Meterei os vosos nomes
no corazón e a carteira.*

Na liña de Xermolos de abrollar mananciais de creatividade e memoria, a celebración de Uxío converteuse nunha fervenza de emocións e lembranzas, nesta hora relacionadas coa música, e ata os medios e as mensaxes fixéronse eco desta fartura.

Unha tras outra celebrouse coa palabra, a música e o agradecemento dos que estabamos alí os 50 ANOS DE Coral de Vilalba, que dirixe Uxío, alí estaban case todos os membros, liderados polo seu presidente Alfonso Baamonde, pero tamén o seu primeiro presidente, Xosé María García Leira, que cantou na primeira coral, e sería Presidente do Parlamento de Galicia, e outros da primeira directiva como Arturo Bermudez, Carlos García Fraga, o Presidente do Asilo Pepe Apenela... Estaba toda Vilalba encabezada polo seu alcalde.

Outra conxunción de espíritos creativos levounos a celebrar os 40 anos de Fuxan os Ventos, o grupo que tanto axudou a Xermolos nos seus comezos. (Tribuna: La Voz de Galicia, 27 de novembro de 2012)

TRIBUNA Xulio Xiz

Fuxan os Ventos

En Vilalba, na homenaxe a Uxío García Amor, cantaron Mini e Mero, estaba o Padre Mato, e foi ocasión perfecta para lembrar os corenta anos do premio que Fuxan os Ventos levou en Mondoñedo en 1972, dun xurado presidido polo agora homenaxeado, que foi o punto de partida para a revolución que este colectivo produciu na sociedade galega, naqueles anos nos que todo parecía posible.

A proposta que Arcadio Silvosa fixo no concello de Lugo no nome do PP para que se dea a unha rúa o nome de Fuxan os Ventos, se se aproba, será a homenaxe perfecta a aquel colectivo que tanta ilusión espertou, que tanta fe en Galicia provocou, que tanta gloria deu á canción e á cultura galegas.

Foi no San Froilán de 2011, cando á saída da misa en latín cantada polo Orfeón Lucense na igrexa de San Pedro, se escoitaron no exterior os cantos de cego de Mini e Mero, e unha señora á miña beira, díxolle ao seu compañeiro: ¡Oes... Son os Fuxan os Ventos! Pero foi o compañeiro Penoucos, de La Voz en Sarria, o que deu definición exacta cando, na homenaxe rendida a Xesús Mato pola Cruz Vermella sarriana, presentou a actuación de Mini e Mero, acompañados doutros tres membros da Quenlla, como «a esencia de Fuxan os Ventos».

O Concello de Lugo pode darlle o nome dunha rúa a MINI E MERO (E Mato) ou a FUXAN OS VENTOS. Dá o mesmo. Se queren render homenaxe ao espírito e ao que significou Fuxan os Ventos, é o mesmo. Será a forma perfecta de render homenaxe a aquela xente, a aquel tempo, e a aquela —nosa— canción.

Xente de aquí



VILALBA ELOXIA A HUMILDADE

XERMOLOS E A IRMANDADE MANUEL MARÍA NOMEAN A UXÍO GARCÍA AMOR CHAIREGO DE HONRA POLO SEU TRABALLO EN PROL DA CULTURA E DO IDIOMA. AMIGOS E FAMILIARES ARROUPARON NA HOMENAXE AO PÁRROCO, AO QUE DESTACARON COMO UN HOME HUMILDE E SINXELO



L6 | PROVINCIA | Sábado, 17 de noviembre del 2012 | La Voz de Galicia

UXÍO GARCÍA AMOR RECIBE HOXE O TÍTULO DE CHAIREGO DE HONRA

PROGRAMA

12 HORAS

Casa da Cultura

Táboa redonda coas intervencións de Alfonso Baamonde (presidente da Polifónica Vilalbesa), Xaquín Campo (sanitario e crego animador da Pastoral Sanitaria), Samuel López (fundador do Orfeón de Mondoñedo) e Félix Villares (cóengo). Intervención da Polifónica.

14 HORAS

Restaurante Nova Ruta

Xantar de imandade, coas actuacións de Mini e Mero e do gaiteiro Raúl Galego.

OS CATRO CAMIÑOS

Home discreto e xeneroso

Non recordo cando coñecín a don Uxío. Si teño presente que o precedía a súa sonda de discreto, xusto e xeneroso. Logo tiven, teño, a fortuna de compartir con el ocupacións na xestión do hospital-asilo de Vilalba.

Xosé A. Pombo
Profesor

Os seus criterios e consellos, equilibrados e realistas, saen da perspectiva dun fondo coñecemento da vida e do actuar humano. Nel están presentes as necesidades espirituais dos homes e mulleres que son fregueses seus, pero tamén as necesidades da vida diaria terreal que cómpre atender para unha dignificación do vivir. Certo que moitas serán as loas que recibirá hoxe, pero máis serán as que merece polo labores ocultos e non sabidos, eses que fai coa man esquerda sen que os coñeza a dereita. E así, con firme actuar e silencioso andar, vai dando unha lección de vida discreta, xusta e xenerosa. ¡Que sexa por moitos anos!

PORTA DE CIMA

Palabras como abrazos

A

Alfonso Baamonde
Presidente da Polifónica

Terra Chá en xeral e a Coral Polifónica Vilalbesa en particular séntense fondamente ledas por esta distinción a don Uxío, dada a entrega profunda de servizo á comunidade na que está totalmente integrado. Chegado a Vilalba, Roca e o que suscribe fomos á reitoral para darlle a noraboa ao tempo que lle suxeríamos se dentro do traballo fecundo nas parroquias que ía atender tería tempo para dirixir a Polifónica. A resposta, como persoa humilde e responsable, foi a aceptación, necesaria para a continuidade da coral, que estaba sen director tras o pasamento de don Xesús Gómez. Esa foi a súa palabra e o seu compromiso, sempre presente e sempre responsable da carga que asumiu. Don Uxío, que entende a linguaxe da humildade, sabe que hai palabras que son abrazos. En nome da coral, unha soa palabra: Grazas.

III.- MEDRANDO COA LUZ E OS DÍAS: CELEBRANDO OS NOSOS POETAS

O solsticio de inverno, 21 de decembro, foi enxergando máis luz, froito das relacións máis fructíferas, a unión de modernidade e tradición, e cada xornada achegaba máis luz e calor. Temos claro que se nos pide máis creatividade, e as Cabalgatas de Reis, polo Nadal, teñen que sorprender a grandes e pequenos, así o deberon de entender as asociacións e concello de Castro de Rei. No Centro Cultural de Castro de Rei, presentamos o día de Reis o libro Tebras de Anxo Lamas, alí estaban dende o alcalde ás asociación do pobo. Xermolos outra volta dando pulo á rede asociativa.

Acreditamos aquel dito popular: a “Auga de xaneiro, cada gota vale un capital”.

Xa o 28 de febreiro acudimos á chamada da Asociación de Gaiteiros Galegos, a Real Academia Galega,,,, e celebramos a ALBORADA PARA ROSALÍA DE CASTRO, nos 150 anos de Cantares Gallegos. Escollimos o marco da Feira de Parga, lembrando ca filla de Rosalía, Gala, pernoctou algún tempo en Parga, cando veu a tomalas augas... Ó son da gaita e o tamboril, lemos os seus poemas. Xa o 3 de novembro, xunto coa Asociación Rosalía de Castro de Barakaldo, organizouse a presentación do libro Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria de Francisco Sanchez... Outra volta Xermolos cadraba no seu camiño con esta asociación euskalduna que lidera Raul Rio.

Endexamais desistimos dos nosos obxectivos, e así o 14 de marzo, participamos nos 20 anos de cultura de Eira Vella de Betanzos, cunha intervención do noso coordinador Alfonso Blanco... Sempre os nosos guieiros, os poetas, facendo camiño con outros colectivos socioculturais.

IV. UN POEMA DE ANXO LAMAS TODA A PRIMAVERA NA RÚA DE LUGO

Xermolos volveu abrollar en libros no comezo da primavera. Non é de estrañar co suplemento Xente de El Progreso titulase “Tempo para a cultura” este momento da Asociación. E que a Librería Sargadelos que nos acolleu tres días naquel arranque da primavera, colgase este poema de Anxo Lamas ata o solsticio de verán, tres meses facendo compañía ás e ós viandantes na Praza de Santo Domingo de Lugo.

Dous días antes rendimos homenaxe ó amigo de Xermolos e do Festival de Pardiñas, **Bernardo García Cendán**, organizando en colaboración coa Revista Encrucillada a presentación do libro colectivo Unha alborada nova, no que tamén escribe o noso coordinador.

O 21 de marzo presentamos “Os curas contra Franco” da xornalista galega Rosa Cal, festexamos unha primavera en Galicia e na Igrexa, os 50 anos do Concilio Vaticano II, e fomos agasallados no escaparte da Librería Sargadelos, cun cartacio co poema “Primave-

ESCOLA HABANERA DE GUITIRIZ

Sábado, 3 de novembro
as 20:00 horas



Intervirá e firmará libros o autor:
Francisco Rodríguez

Presentación do libro
ROSALÍA DE CASTRO,
ESTRANXEIRA NA SÚA PATRIA
de Francisco Rodríguez Sánchez

Organiza a A. C. XERMOLOS en colaboración coa A. C. ROSALÍA CASTRO de Barakaldo. Presenta o acto Xosé Lois González (Pereira).

X.X. anos

A.C. EIRA VELLA



ACTO LITERARIO ARREDOR DO POETA
XOSÉ MARIA DÍAZ CASTRO
LEMBRANDO O PRIMEIRO ACTO DA
A.C. EIRA VELLA HAI VINTE ANOS

Ven aos meus versos como vas á feira,
cantando e rindo ao vento das Mariñas.
Ven, puño de cereixas cristaiñas,
entra no meu soneto, betanceiral

COA INTERVENCIÓN DE:
CARMEN BLANCO
ALFONSO BLANCO
XULIO XIZ

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL
"XOSÉ MARIA DÍAZ CASTRO.
NÚMIOS DE POESÍA"

SÁBADO 16 DE MARZO DE 2013
SALA AZUL DO EDIFICIO ARQUIVO
8,30 DO SERÁN

X.X. anos



Foto Suso

DOMINGO 7 DE MARZO DE 2013 | www.elprogreso.es | EL PROGRESO

Xente de aquí



TEMPO PARA A CULTURA

A GALERÍA SARGADELOS ACOLEU A PRESENTACIÓN DA MONOGRAFÍA "UNHA ALBORADA NOVA", QUE RECOLLE TEXTOS INÉDITOS DE BERNARDO GARCÍA CENDÁN. ESTA OBRA, QUE INCLÚE TAMÉN ESCRITOS DE AMIGOS SEUS, FOI EDITADA POLA ASOCIACIÓN ENCRUCILLADA

ra" de Anxo Lamas, que leramos e presentáramos, alí xusto unha semana antes, o día 14. Este poema puido lerse dende a rúa, ata o solsticio de verán, 21 de xuño. No acto dese día tanto o xerente e director da casa, Xesús, coma o presentador do acto fixeron fincapé a estes versos, que o Señor Xesús volveu a recitar. Antigamente o 21 de marzo comezaba o ano, e Xermolos segue acreditando cas artes son a mellor ferramenta para crear harmonía, tolerancia, etc.

El Progreso titulaba a información do acto organizado por Xermolos e a Revista Encrucillada en Lugo: TEMPO PARA A CULTURA, en dez días organizamos tres presentacións de libros na Galería Sargadelos, foi un récor, pero estimulounos a facer esta reportaxe, porque Xermolos traballa a tope todo o ano, e decidimos facer un percorrido tendo en conta a nosa creación e as estacións e tempos do ano, tal como o reflicten os medios.

Pero non todas son frores, ás veces compre aguilloar ós que están a deturpar a nosa cultura, e ó día seguinte do comezo da primavera. O 22, asistimos a unha xuntanza en Lalín para artellar un Manifesto a prol das editoriais que están a espallar o noso idioma, tendo e conta o noso compromiso co libro nos comezos da primavera.

A derradeira fin de semana de abril, co vai ven deste momento, entre inverno e primavera, a forza de Xermolos, coma un vento dinamizador do pobo, percorreu o corazón de Galicia. O venres 26, participamos en **Carral** na entrega do primeiro premio Mártires da Liberdade a Manuel María, era a celebración do seu "Abril de lume e ferro". No acto interveu o noso coordinador Alfonso Blanco no nome da Irmandade Manuel María.

Mentres Heitor Pocallo, o ilustrador dos nosos libros, colgaba no seu blog a ferverza de críticas literarias que estaba a recibir, Tedempo, o último libro publicado, representantes de Xermolos fomos convocados o 27, a un encontro das Mocidades Nacionalistas en Santiago, para expor a nosa ollada dá cultura a seguir construíndo, e xa pola noite disfrutando da Foliada de Melide.

O 28, Bloquinho de Xermolos foi un dos colectivos que denunciou na Batukada de Santiago, a desfeita que está a sufrir a nosa cultura pola banda das administracións.

Tamén reivindicando a achega de Méndez Ferrín na Academia: "XERMOLOS DE GUITIRIZ SOLICITA A PRESENZA ACTIVA DE MENDEZ FERRIN NA ACADEMIA GALEGA

A Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz enviou este comunicado á Real Academia Galega: "Galicia necesita da presenza activa de Xosé Luís Méndez Ferrín na Real Academia Galega, así o sentimos dende esta Asociación Cultural de base. Xermolos, coma moitos colectivos das nosas comarcas, contou sempre coa colaboración deste mestre, sobre todo co seu alento, para seguir loitando polo país. Coma presidente participou nalgunha das nosas actividades, e sempre colaborou con achegas nas publicacións. Mesmo agora estabamos concretando con él a presentación de varias actividades dedicadas a Díaz Castro, do que no vindeiro ano celebramos o centenario do seu nacemento"- Asociación Cultural Xermolos

FESTA DAS LETRAS GALEGAS

16 de maio de 2013 ás 20:30
na Casa da Cultura
Castro de Ribeiros de Lea

PRESENTACION do libro
TEBRAS
de Anxo Lamas



Coa intervención de:

- o Alcalde: Francisco J. Balado
- Alfonso Blanco
- Luis Veiga
- Mero Iglesias
- Xosé Otero Canto
- Xulio Xiz

Organizan:
Concello de Castro de Rei

Concerto coa música
de Mini e Mero




VI.- CONVITE PARA TODAS AS ASOCIACIÓNS E PERSOAS QUE QUEIRAN PARTICIPAR

O vindeiro 21 de setembro: nas augas limpas do Miño, acto de afirmación da nosa identidade e compromiso co país.

ACTO DE AFIRMACIÓN NO PEDREGAL DE IRIMIA

Consiste en facer, o 21 de setembro, no inicio do Outono -tempo cíclico que nos envolve en consideracións temporais-, un acto de afirmación no que, ano a ano, se lea e afirme cada quen -que así o queira e estime- na dignidade de galeguidade, declarándonos insumisos a todo aquilo que vaia contra nós, como Pobo e Nación, contra a nosa Identidade, Cultura e Lingua, contra os nosos intereses de defensa da Natureza e proxecto vital, garante de Liberdade e de porvir. Insumisos ós que decretan a dor e o sufrimento, á traxedia que nos vén da man da corrupción, a falsía, que vén en contra de nós da man da podremia repugnante que ameaza o presente e o futuro, hipotecando a esperanza. Vai haber unhas arengas iniciais que expliquen o acto e nos que se poña de manifesto o lugar de Irimia, nacemento fiel do Miño, lugar de pureza orixinal e matricial de nós, para espallar o seu significado, as súas lendas explicativas do noso renacemento como galegas/os



e un acto de compromiso e xuramento, de fidelidade a Galicia e con Galiza, unha palabra e promesa de escrupulosa lealdade, constante e firme con nós e co noso. Pódense establecer unhas consideracións anuais a aquelas asociacións e persoas que cumpren e garanten, co seu traballo e actitude, ese afecto. Despois vai haber un encontro cultural (poético, literario, musical, artístico) e un xantar de confraternidade que nace xa no nacemento da auga da vida, na primeira fonte do Miño. Apertas de buxo, Mero.

.....



Fotomontaxe de PacoJa

Exposicións na CASA DAS ARTES

1. MARCOS LADRA SANJURJO: DENDE A 1º Mostra de Artesanía ata a 1º EXPOSICIÓN DE TALLA DE MADEIRA EN PARDIÑAS

Marcos ve a luz primeira nun espazo prodixioso coma é o Muíño da Madalena en Vilalba, rente da praia fluvial. Neto de Manolo do Muíño, gardaríos da zona, o seu berce tan fermoso ía marcar o seu carácter e a súa arte... Asemella que todo se aliou para fornecelo con esa raigame tan rexa co terrón que tripa dende que nace. Ata os apelidos, o Ladra, río tan feiticeiro e o Sanxurxo, recanto para calquera manancial...

A súa obra reflicte a súa sabedoría de afondar nas raíces da súa paisaxe, á sombra dos castiñeiros que el coñece intimamente, coma a súa madeira preferida: vetas, fibras, a resistencia, a súa porosidade, etc.

Nacer e medrar a carón dun muíño, é mergullarse cada amencer no máis xenuino do noso patrimonio: a paisaxe, a cultura popular, o encontro coa nosa xente... E nesta aprendizaxe ten gran parte o seu avó, o seu mestre, o guieiro que lle abriu camiño, porque Marcos é un gran coñecedor dos sentimentos e emocións que definen @s galegos. As súas tallas son o reflexo do ser das mulleres e homes labregos, traballadores...

A súa primeira feira foi Pardiñas, fai 9 anos, con pouco material, a maior parte de Clara Naseiro coa que se iniciou nesta outra familia d@s feirantes... Gañou catro reais para investir no festival, e coma pasatempos. Agora as feiras marcan o seu ritmo, un xeito de vida...

Dedicase a facer pezas en homenaxe ás feiras, festivais, mostras de produtos do país..., nas que participa. Na de canteiría de Parga comenzou as mans dun canteiro tallando a pedra.

“Principei ir ás feiras ó pé de Valdi, Ramón, Clara, Cecilia, Alberto Geada, Mari Carmen, a dos traxes de Vilalba..., con 20 anos”.

Marcos bebe de moitas fontes, e unha das máis decisivas é assimilar a nosa cultura, na que valora dun xeito especial a Castela, do que aprendeu coma con tres ou catro liñas representaba as expresións dun xeito perfecto, nunha época moi dura.

TAMÉN A PRIMEIRA EXPOSICIÓN EN PARDIÑAS

Para Marcos non hai arte sen a achega das mans, elas son a ollada da contorna.

“As mans son o espello das persoas, nelas podes ler moito..., o que lles pasou na súa vida, o que sufriu, o esforzo que tivo que pasar, son unha ollada...”.





Para o seu oficio as mans son todo: “non traballo con maquinaria grande, para facer algo fermoso, traballas coa xubia, maza de tallista, e pouco máis...”.

Neste Festival fai a primeira exposición en sala, pero leva oito anos expoñendo en feiras en toda Galicia, Euskal Herría, Asturias, Portugal, Toledo, etc.

Alterna a talla de madeira coa restauración de mobles. Xa de moi novo restaurou os mobles da súa casa.

Imparte cursos de restauración de moble e demostracións de talla no Centro de Artesanía e Deseño, e tamén en empresas privadas...

“Pasei por varias épocas, explica, a primeira de Castelao, cos seus debuxos, transformando as súas liñas en relevos. Despois facendo cousas de fantasía buscando liñas diferentes: duendes, fadas..., e arestora estou centrandome nos xestos das persoas maiores: a man grande das e dos labregos, os rostos cheos de arrugas, o retranca galega, ese tono de picardía e humor... Somos de cabeza gacha e de xestos sinxelos, de palabras contadas, preferimos saber a dar, emporiso contestamos cunha

pregunta...”. Representando toda esta emoción na talla, que non é doado. É o camiño que está a seguir. Nas feiras con quen máis fala e cos maiores, e mantén na cabeza e no corazón esas imaxes, van con él, aprendeu moito do seu avó.

Foi portada de El Progreso, cando tiña 2 anos, cun raposo que era a súa mascota, convivía con el. Atoparao o avó despois de ser atropellado por un coche. Tiña un zoo arredor do muíño..., que o axudou a assimilar a diversidade da natureza.

Fala con moita xente e aprende moitas cousas: “a xente maior sempre achega algo”.

Fai feiras, festivais, feiras de produtos típicos... Mentalízase para cada feira, porque cada unha é un mundo.

Non trata de abarcar, senón centrarse nalgo e dende aí perfeccionarse no seu mester... Segue traballando o coiro e outras cousas, pero o que lle importa é a talla...”Hai poucos novos que fan talla, porque a súa saída profesional é difícil, cólleno máis ben coma ocio...

Compre coñecer as madeiras, tan importante coma o afiado da ferramenta, que é o fundamental, sen un bon afiado non existe un bo tallista. Traballa en castaño, sobre todo, en nogueira, en carballo... A bidueira é boa porque che permite traballos doados, por ser blanda, coma o chopo..

2. O MURAL MÁIS GRANDE DE PARDIÑAS SONIA FERREIRO DE SANCORBADE

Vai pintar nun mural en lenzo a súa ollada sobre o festival, de 4 ou 5 metros na Mostra de Artesanía de Pardiñas.



Marcos Ladra facendo amizade co raposo



3. LOLO FERNÁNDEZ LÓPEZ. ceramista do Corgo, mostra as ferramentas de carpinteiro, unha colleita que foi adquirindo, xunto coa súa dona Carmen Pano, tecelá.

4. XULIO TORRES RODRÍGUEZ: o encantador dos obxectos do noso entorno

Aínda que naceu en Montemeá de Parga, dende os 18 anos, vive en Euskal Herría, cunha forte nostalgia da Terra... Cunha grande sensibilidade capta e visualiza agora na madeira, no barro, etc., a beleza do seu entorno... Un accidente (1994) cambiou a súa vida, e coa inactividade laboral e profesional coma fontaneiro, nacen nel o amor ás artes, a “beleza feriuo para sempre”, coma cantou o poeta das Terras de Parga, Díaz Castro.

Xa dende neno disfrutaba do recendo das virutas, que facía o carpinteiro labrando a madeira. A súa preferida é o castiñeiro, pero tamén a faia, o freixo, o carballo... E como non apreza a pedra de grá de Parga.

Fixo moitas exposicións, coma a de Trapaguerán, no Balneario de Guitiriz..., agora mesmo está en proxecto outra en Bilbo, e moitas feiras como as próximas de Parga, Pardiñas, etc.

Xulio Torres é en boa parte autodidacta, aínda que tamén fixo un curso de Belas Artes en Leioa, e ten a habilidade de comunicarse con acerto cos elementos principais da vida: a madeira e o barro, pero tamén a pedra e o ferro, pero estes materiais están condicionados polas limitacións da súa saúde, debido ó accidente.

Xulio é un exemplo de como a persoa non ten lindes, e é capaz de sobrepoñerse ás limitacións, e co seu espírito creativo, inxenio, ansia de beleza..., chegar moito máis lonxe.

A súa casa de Montemeá é un sinal deste xeito de expresarse, todo o mobiliario, eses obxectos que conviven con nós, arrequecendo a nosa vida doméstica, son unha proxección da súa vontade de mellorar o mundo.

Nada lle é alleo, e expresa coas súas mans o seu pensamento, así, e Pardiñas vai ser unha proba, está a denunciar coa súa arte a ignominia do acoso ós traballadores, á xente maior, ós limitados pola enfermidade, nesta situación de discriminación que estamos a sufrir.

Estaba destinado para as artes, primeiro principiou coa música, e dende o 2002 coa talla... A súa obra está ateigada dos símbolos das culturas galega e euskalduna. Non só labrou en madeira unha réplica do Guernika, viste os seus centos de reloxos co trisquel e outros símbolos, mesmo unindo ós dous pobos tan solidarios entre sí. O seu artista favorito é Oteiza...

No seu afán por dignificar a vida cotiá fai despertar o agradecemento das persoas e dos fogares co seu traballo minucioso, tecendo e fiando na madeira xogos maravillosos de trazos e figuras que entusiasman a ollada e o corazón.

A obra de Xulio é unha mostra de como as artes fánnos máis felices na cotidianeidade.

xiboi.net



MENCIÑEIROS

Día 2 ás 21:30, no Campo da Feira de Guitiriz

Na súa aposta por recuperar para o teatro o patrimonio cultural galego, a compañía Volta e Dálle detense agora nunha das figuras máis interesantes do imaxinario tradicional do noso país, a dos menciñeiros ou curandeiros.

Nesta ocasión, faíno a través da obra dun dos grandes das nosas letras, Álvaro Cunqueiro, de quen celebramos o seu centenario en 2011. A súa Escola de menciñeiros ofrécenos unha aproximación plástica deste mundo, mercede á xenialidade da pluma e á forte inventiva do seu autor. Só Cunqueiro soubo retratar aos menciñeiros cunha viveza tal, que dificilmente podemos imaxinar en que momento o fabulador mindoniense se está cinguindo á descrición do personaxe real que coñeceu ou que lle foi contado na botica de seu pai, e cando a súa imaxinación empeza a voar.

OS MENCIÑEIROS NA CULTURA POPULAR GALEGA

Os curandeiros tiveron un grande predicamento entre as xentes de Galiza, sobre todo no mundo rural, onde o acceso universal aos servizos sanitarios non foi unha realidade até hai moi poucos anos.

Nese contexto, o curandeiro ou menciñeiro constituía a opción terapéutica máis utilizada. Deostados polos defensores da medicina oficial, algúns médicos de indiscutíbel reputación científica como Domingo García Sabell, autor do prólogo de Escola de Menciñeiros, reivindicaron o seu papel como terapeutas integrais que non se limitaban a atallar os síntomas -como se lle pode achacar a algúns médicos convencionais- senón que trataban a un ser humano completo cuxa doenza podía ter causas externas ou psicolóxicas.

Do mesmo xeito que Cunqueiro quixo plasmar no papel as historias daqueles menciñeiros que operaban nas Terras de Miranda, nós levarémolas ás táboas. A proposta de Volta e Dálle ten un dobre obxectivo, o de preservar e dar a coñecer a cultura e os saberes dos curandeiros, e o de divulgar a obra dun dos autores máis salientabeis das nosas letras.

DIÁLOGOS NO SERÁN

O adro dunha igrexa polo serán, un momento propicio para o paseo e a parola. Por aquí circulan as historias dos menciñeiros retratados por Cunqueiro. Pepe Penabade e os músicos Mini e Mero daránlle vida a estes vellos menciñeiros que ven como o seu tempo esmorece. Desde Borrallo de Lagoa a Lamas Vello, pasando por Xil da Ribeira ou Silva da Posta, os menciñeiros irán desfilando polo escenario, explicando as súas técnicas e os seus casos máis difíciles, botando unha peza de cando en cando para animar a velada. Menciñeiros é un espectáculo vivo, diferente en cada sesión, respectuoso co texto literario do que parte pero aberto ás modificacións que poida inspirar o lugar e o momento da representación.



↑ OS QUINQUAÑOS ↓



PEPE PENABADE-INTERPRETACIÓN E ESCENOGRAFÍA

Xosé Penabade (Cabanas, O Vicedo, 1965) é un actor e escenógrafo de longa traxectoria no panorama teatral galego. De formación autodidacta, realizou numerosos cursos con mestres da talla de Ernesto Caballero, Manuel Lourenzo, Jango Edwards, John Write ou Helen Rowson. En 1987 foi un dos fundadores da veterana compañía Os Quinquilláns, coa que participaría en numerosos espectáculos até 1999. Paralelamente, traballou como escenógrafo e técnico de escena con outras compañías como Os Monicreques de Kukas, Ollomol, Chévere ou Uvegá.

No ano 2000 emprende a súa aventura en solitario coa fundación da compañía Volta e Dálle. Desde ese momento, participa como actor, produtor e escenógrafo dos espectáculos da compañía: Furga Garabela!, Rodesindo da Barrosa, Salitre, Jalisia, mi madriña!, Peccata Minuta e Pan, catro propostas arredor da malla.

Compaxina a actividade na súa compañía coa interpretación en distintas producións para teatro, cinema e televisión, entre as que salientan as series Pepe o inglés, Padre Casares ou Matalobos, ou as películas O bosque de levas, Patahorobi ou a máis recente Vacas, porcós e zapatos de tacón. Foi actor protagonista da produción do Centro Dramático Galego en 2010, Salomé, de Oscar Wilde, dirixida por Carlos Santiago.

**MINI E MERO - MÚSICA E INTERPRETACIÓN**

Xosé Luis Rivas Cruz, Mini (Pacios-Begonte, 1951), e Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero, (Vilalba-Lugo, 1951) son dous nomes inseparables e sobranceiros da música galega dos últimos corenta anos.

No ano 1972 participan na fundación do grupo musical Fuxan os Ventos. En 1984 cofundan o grupo musical A Quenlla no que permanecen activos ata o momento. Ambos compuxeron e arranxaron máis de 60 cancións galegas, como das bandas sonoras dos filmes galegos Mamasunción e Sempre Xonxa do cineasta Chano Piñeiro.

Son autores do libro de folclore de Nadal Galicia Canta ó Neno. E dos libros de contidos etnográfico e etnomusicolóxico Contos de vellos para nenos, Somos Lenda Viva, Cantares de Cego I, Cantares de Cego II e A Carón da Escola I e II.

Desde 1974 realizan traballos de recollida de folclore por todo o país que lles leva a posuír un denso arquivo sobre o mesmo. Así mesmo, dan centos de concertos por aldeas, vilas e cidades do país, do Estado español e do estranxeiro. No ano 2009 reciben o Pedrón de Ouro.

En 2007 participaron na peza teatral Pan. Catro propostas arredor da malla, da compañía Volta e Dálle, como compositores e intérpretes en directo da música do espectáculo.

PARDIÑAS ERGUE A BANDEIRA

Foi no Festival do 2011, na sobremesa do domingo de Pardiñas, a tribo estaba a soñar cun futuro de liberdade para Galiza. Os tempos da República permitiron soñar cun país máis digno. Arrequecidos con aquela historia vivinte protagonizada por Avelino Pousa Antelo, testemuña directa do noso guieiro Castelao, Naquela fervenza de arelas e teimas abrollou a decisión de erguer a bandeira da República Galega. Coma noutras xeiras levantamos este estandarte da igualdade, construindo un rexime de liberdade, transformando os nosos soños en feitos liberadores. O creador e coñecedor da nosa historia Héitor Picallo foi o deseñador do noso símbolo.



REGA

A BANDEIRA REPUBLICANA GALEGA

por Héitor Picallo

Este texto que aquí se entrega non pretende, para nada, ser un tratado sobre a historia da nosa bandeira, nin moito menos facer unha cronoloxía na que se facilite unha evolución da mesma. Só é o noso propósito achegar unhas pinceladas de cor a un novo símbolo para a nosa historia recente –A Bandeira Republicana Galega.

Ben sei que dende hai tempo un grupo de amigos/as, cinguidos aos Xermolos da Terra Cha, andaban coa teima de crear un símbolo vexilolóxico que identificase a nación galega co concepto político da República e coa tradición galeguista e nacionalista deste noso país.

Aquel que estea un pouquechiño formado na evolución dos símbolos deste territorio (país e nación, matria e terra) chamado Galiza, debe coñecer da existencia do pano que coa custodia e as cruces foron elementos habituais da nosa nación durante os séculos da Idade Moderna. As súas reproducións podémolas atopar, entre outros lugares, nas Exequias Fúnebres por Carlos V (Jean e Lucas Doetecum 1559), na Enciclopedia de Diderot (1751-1766), e na bandeira propia do Terzo de Galegos (Arxentina, ca 1806).


Dende xa antes das Irmandades da Fala, concretamente no solpor do S. XIX, a franxa azul no pano branco se fai ver con preponderancia e autoridade. Logo comezarían a se lle engadir símbolos relixiosos (a cruz de Santiago) ou políticos (a estrela vermella e o fouciño, entre outros). Co nacionalismo de preguerra a estrela comeza a aparecer canda a franxa azul, porén sería Ramón Esturao (Comandante do Batallón Galego do V Rexemento Republicano) o que a coloque a estrela na nosa bandeira para convertela en símbolo de combate. Da órbita do citado Esturao tamén era o nacionalista, marxista e soberanista Xohán Xesús González (Sebil, Cuntis 1895 – Paredón de Boisaca, Compostela 1936). Este había fusionar a franxa galega ao lenzo comunista, dando así sobre pano vermello unha franxa azul perfilada de branco.

A bandeira clásica nacionalista (branca con franxa azul e estrela vermella) comeza a popularizala durante o franquismo, e na clandestinidade, a propia UPG (Unión do Povo Galego), e pouco a pouco se ha vincular a todos os nacionalismos galegos de esquerdas e a sindicatos como a CIG, pasando a ser coñecida, tamén, como “A Estreleira”.

En 2012 será cando se comece a forxar en serio a Bandeira Republicana Galega. As ideas recompiladas por David Otero, Baldomero Iglesias, Xosé Rivas Cruz, Afonso Blanco Torrado, Xosé Val Díaz, Xoán Xosé Fernández Abella, Raúl Galego, Xosé Lois García e este que escribe foron postas sobre a mesa para seren bosquexadas. Mais xunto con nós estaban tamén conversas xa ditas polo irmán, compañeiro e amigo Avelino Pousa Antelo.

De todas as ideas xorde un feixe de bosquexos (algo así como 30 deseños) os cales serían definitivamente elaborados por Martiño Picallo Fontes, Xavier Ares Núñez e por min. De todas as opcións resulta escolleita a que aquí se pode ver e que leva a seguinte descrición: “En pano branco unha serea que terma dun escudo azul, cunha fouce dourada e unha estrela vermella. Rodéase todo dun arco, tamén de azul”, como alusión ás bandeiras autonómica e nacional galegas. O fouciño e a estrela simbolizan, obviamente, o histórico Partido Galeguista que, xunto coa serea, non deixan de evidenciar aquel escudo deseñado por Castelao en 1937 co lema “Denantes mortos que escravos”. Á serea e a esoutros elementos démoslle unha nova fisionomía, un tanto menos barroca e si máis limpa en trazos. No que se refire ao contorno do escudo hai que sinalar que é o mesmo có do Anteproxecto do Estatuto de Autonomía de Galiza de 1931.

O arco azul, amais da declarada alusión á bandeira autonómica e á nacional, fai referencia outrosí á nosa atlanticidade, ao mar, ao río Miño incluso se se quer; e por mor da súa forma, á ancestralidade do noso pobo. A silueta en arco a xeito de “U” (unión) amosa reminiscencias coas espirais e os círculos concéntricos dos nosos petróglifos galaico-atlánticos, amosa parentescos simbólicos cos torques prehistóricos, cos castros da cultura do Ferro, coa ourivería tradicional galega e co xeito co que as irmás e os irmáns nos damos unha aperta Republicana (dende a Igualdade, a Fraternidade e a Liberdade dos pobos e das persoas).





XX^{da} Aniversario **Mostra de Instrumentos de Música Tradicional**
 Pardiñas, 3 e 4 de agosto de 2013

1994

20 anos
mostrando
tradicón
galega!

2013



Podese

Organiza:



Asociación de Gaiteros Galegos

Colaboran:



XUNTA DE GALICIA



FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEGO



comercial PAZOS

Visita a vereda o visita www.comercialpazos.com



GORE
Creative Technologies
Worldwide



Seivane



Maquetación:
Xosé Antonio Arias

Colaboran:



DEPUTACIÓN DE LUGO



Concello de Guitiriz



XUNTA DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das Industrias Culturais